Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 05/09/2023 02:12:09
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 127

Sesión plenaria
31 de maio de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DíA (continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 33049 (11/INT-001669)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

4.2 49972 (11/INT-002388)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre o abandono de explotacións agrarias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

4.3 50311 (11/INT-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

4.4 51154 (11/INT-002448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 53797 (11/POPX-000107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre os cambios que prevé realizar a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia na resposta do Goberno aos problemas da sociedade galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

5.2 53800 (11/POPX-000108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre como valora o presidente da Xunta a situación social e económica de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 52851 (11/POP-008142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama
Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

6.2 45898 (11/POP-006856)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a información da que dispón o Goberno galego sobre a entrada en servizo na rede ferroviaria da nosa Comunidade Autonómica dos trens Avril, que permitan garantir os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.3 53790 (11/PUP-000337)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a previsión da Xunta de Galicia de facer un plan de conservación das estradas de competencia autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

6.4 53118 (11/POP-008180)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as previsións respecto da regulación da aprendizaxe do idioma portugués nos centros de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

6.5 53528 (11/POP-008226)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

6.6 49123 (11/POP-007575)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e tres deputados/as máis
Sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público de Souto de Leixa, no concello de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.7 52037 (11/POP-008043)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre o impacto que está a supoñer a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos no número de matriculacións neste curso e na economía das familias galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

6.8 52744 (11/POP-008129)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das casas niño sete anos despois da súa posta en funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

6.9 53770 (11/PUP-000336)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os cambios que prevé realizar a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia na resposta do Goberno aos problemas da sociedade galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 9.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre como valora o presidente da Xunta a situación social e económica de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 19.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 23.)
Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 25.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 27.)

Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o abandono de explotacións agrarias. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 29.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 32.)
Réplica do autor*: Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 37.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 39.)

Interpelación de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 41.)

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 44.)
Réplica da autora*: Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 48.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 49.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 51.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 54.)
Réplica do autor*: Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 57.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 59.)

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 61.
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 62.)
Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 64.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 65.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón o Goberno galego sobre a entrada en servizo na rede ferroviaria da nosa Comunidade Autonómica dos trens AVRIL, que permitan garantir os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno central. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 66.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Pax. 67.)
Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 67.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 68.)

Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a previsión da Xunta de Galicia de facer un plan de conservación das estradas de competencia autonómica. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 69.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Pax. 70.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 71.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 72.)

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións respecto da regulación da aprendizaxe do idioma portugués nos centros de ensino. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 73.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Pax. 74.)
Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 76.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 76.)

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e Dª Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 78.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Pax. 79.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 80.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Pax. 81.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público de Souto de Leixa, no concello de Ferrol. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 82.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Pax. 83.)
Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 84.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Pax. 85.)

Pregunta de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o impacto que está a supoñer a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos no número de matriculacións neste curso e na economía das familias galegas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 86.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Pax. 87.)
Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 88.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Pax. 88.)

Pregunta de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das casas niño sete anos despois da súa posta en funcionamento. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 89.)

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Pax. 90.)
Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 91.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Pax. 92.)

Pregunta de Dª María del Carmen Aira Díaz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 92.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Pax. 94.)
Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 95.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Pax. 96.)

Remata a sesión ás dúas e corenta e catro minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 5 da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os cambios que prevé realizar a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia na resposta do Goberno aos problemas da sociedade galega

O señor PRESIDENTE: Ten palabra don Luís Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, en primeiro lugar, trasladarlles o apoio —creo que de toda esta Cámara— aos tripulantes e ás familias do pesqueiro de Ribeira afundido nas Azores e, felizmente, polo menos rescatado.

En segundo lugar, quero trasladar tamén a felicitación á nova alcaldesa deste Parlamento e tamén aos catro novos alcaldes a partir do mes de xuño.

Señor Rueda, hoxe temos que vir falar unha vez máis, igual que fixemos antes das eleccións municipais —dígoo para obviar o argumento de electoralismo—, sobre os principais problemas que afectan a sociedade galega e que a Xunta de Galicia non resolve.

Temos que volver falar de novo da problemática das residencias que existe na nosa comunidade autónoma. Porque, señor Rueda, por moito que vostede veña a este Parlamento afirmar que das vinte e dúas mil prazas oito mil son públicas, a realidade é que apenas tres mil o son e seguimos necesitando catorce mil trescentas prazas non só para cumprir a ratio recomendada pola OMS, senón para atender as necesidades da sociedade galega.

Pero iso non é o único, porque temos non só o problema da residencia senón tamén o problema da dependencia, onde a Xunta de Galicia non cumpre coas axudas que son a súa responsabilidade e onde vostedes tardan máis dun ano en resolver os casos de valoración da dependencia. E, mentres tanto, a Xunta de Galicia asiste como un mero comentarista ou un mero observador a esta dramática realidade.

E non quedamos aí, porque tamén temos que seguir a falar do problema da vivenda, que foi obxecto case dun monográfico no día de onte no Pleno deste Parlamento, cunha comparecencia da conselleira máis encamiñada a culpar outras administracións e a ocultar a súa deficitaria xestión que a outra cousa. O Partido Popular, o grupo maioritario, negándose a algo tan elemental como un exercicio de transparencia para coñecer con realidade cales son os datos de vivenda pública nesta comunidade autónoma. Porque sabemos que vostedes só promoveron seiscentas dezasete vivendas públicas nos últimos cinco anos, fronte ás nove mil

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

promovidas polo Bipartito no seu momento. Non dando ningún tipo de resposta aos problemas de emancipación relacionados coa vivenda da mocidade galega.

Non preocupándose da cuarta parte da sociedade galega que está en risco de pobreza ou deixando sen executar catrocentos setenta millóns de euros nos últimos dez anos. Por non dicir os atrasos que hai no pago do bono Alugueiro e a situación que iso supón para os beneficiarios.

No ámbito demográfico, señor Rueda, a realidade non pode ser máis preocupante. Conformáronse vostedes con facer unha Lei de impulso demográfico na que o único obxectivo era incrementar a natalidade. Pero para incrementar a natalidade hai que ofrecerlle a esa sociedade un escenario no que sexa factible, viable e alentador ter fillos. Para iso é necesario que o seu Goberno mude as súas políticas. ¿Como lles podemos facer ver que é necesario ter máis fillos cando non hai un escenario no que a xuventude, a mocidade, a idade adulta e a vellez teñan unha Galicia que resulte atractiva?

Por iso, señor Rueda, lle temos que pedir unha vez máis, como o partido que somos que pon as persoas no centro das súas políticas, que cumpra coa sociedade galega e nos diga como vai facer para crear máis residencias públicas. Que vai facer para ampliar o número ata chegar a ese cinco por cento para as persoas maiores de sesenta e cinco anos. Que vai facer para incrementar os equipos de valoración da dependencia e que non haxa máis de dez mil galegos esperando por esa valoración.

Pedímoslle que cumpra coas súas competencias e que achegue os recursos necesarios para o servizo de axuda no fogar. Que garanta os servizos básicos, en definitiva, nas zonas rurais e atalle o despoboamento que sufrimos. Porque, evidentemente, cando pechamos centros de saúde e pechamos centros de ensino resulta que, evidentemente, quebramos a igualdade entre as galegas e os galegos.

Pedímoslle que asuma a súa responsabilidade sobre a problemática da vivenda e faga algo útil. Que non poña a proa á solución de achegar mil trescentas vivendas públicas para Galicia cando vostedes simplemente se dedican a cuestionar esa oferta, a dicir que é inviable e a rexeitar todas as solucións.

En definitiva, señor Rueda, a pregunta coñécea vostede e é ben sinxela: ante esta ineficiente xestión por parte da Xunta de Galicia para facer fronte a estes problemas e a outros que evidentemente hai, ¿que mudanzas vai introducir vostede no tempo que lle queda como presidente —que non sabemos certamente canto pode ser— para responder de forma máis eficiente ás necesidades que ten Galicia?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

E, por suposto, tamén traslado —xa o fixen— aos deputados e deputadas do meu partido que van ser alcaldes e alcaldesa cando se constitúan as corporacións e por suposto tamén ao señor Lourenzo, deputado do BNG, os meus parabéns polos resultados das eleccións do pasado domingo.

E respondendo á pregunta do señor Álvarez... Señor Álvarez, vostede fai unha pregunta xeralista, preguntando que cambios vou introducir para respostar ás necesidades e ser eficiente na resposta aos problemas da sociedade galega. Pois vou seguir traballando como ata o de agora.

Creo que, co que dixo vostede, está claro que non lle interesa —e é evidente— falar dos resultados do domingo e pasa como se non se producisen en absoluto. Pero creo que hai que falar, porque ten moito que ver coa política da Xunta de Galicia. Vostede saía o luns dicindo que os resultados foran malos, pero puideron aínda peores. Evidentemente, todo pode empeorar.

Despois empezou a recoller velas. Empezou a dicir que non fora para tanto, supoño que porque recibiría un toque do seu partido. Pero deseguida veu o señor Sánchez —que inflúe moito tamén a política do Goberno central nas políticas que podemos facer dende a Xunta de Galicia para mellorar as cousas— a darlles un baño de realidade; da crúa, ademais. Evidentemente, só pensando nel, exclusivamente nel e por enriba de todo nel, como fai sempre. Pero ao final arrastrounos ao seu «*de perdidos al río*». Vostedes, intentando xustificalo coma sempre, empezaron a dicir iso de «valentía democrática».

Mire, eu sinto moito que o señor Sánchez vaia someter España e, polo tanto, tamén Galicia outra vez a ese carrusel de promesas incumpridas que teñen moito que ver coa posibilidade de mellorar a vida dos galegos dende o Goberno central, a eses balances que non teñen nada que ver coa realidade.

Sinto moito que lle dea igual que a xente teña, en plenas vacacións nunha ponte festiva en Galicia, que renunciar ás veces ás vacacións e ter que ir una mesa electoral, sometelos a unha nova campaña, a non poder votar... Isto ten moito que ver con como se pode solucionar a vida da xente. Xa sei que os molesta moito que falemos diso, pero disto si que está falando a xente agora mesmo, señores.

E, polo tanto, sinto moito que someta —faino porque é o que lle interesa e vostedes, coma sempre, xustifícano— a sociedade galega a todo isto. Eu alégrome moito de ter a capacidade, como presidente da Xunta de Galicia, na parte na que podo, de subtraer a sociedade galega de todo isto e darlle a estabilidade para seguir gobernando e ser eficiente coa vida dos galegos. *(Aplausos.)*

Mire, alégrome moito de ser o presidente dunha Xunta unida, que vai seguir traballando para poder seguir mellorando todos eses servizos públicos aos que vostede se refería. Alé-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grome moito de traballar sen perder o tempo para resolver os problemas de Galicia. Non crear outros problemas novos; non crealos e despois non saber resolvelos, que é o que fan vostedes. Alégrome moito de ser o presidente dunha Xunta eficaz na xestión, aprobando orzamentos todos os anos, que é o que permite despois executar programas e o que permite prestar servizo sen necesidade de facer ningún cambio, señor Álvarez. Alégrome moito de ser o presidente, tamén, dunha Xunta reivindicativa.

Mire, fomos moi reivindicativos co Goberno central ao que agora lle quedan menos de dous meses e pódolle asegurar que seguiremos sendo igual de reivindicativos co novo presidente do Goberno de España en beneficio dos galegos, señor Álvarez. ¡Seguirémolo sendo! *(Aplausos.)*

En definitiva, alégrome moito de que os cambios polos que vostede me pregunta sexan seguir coa estabilidade. Alégrome moito de evitarlle a Galicia todo ese desastre ao que intentaron levala vostedes e que agora os leva, en pleno verán, a preguntarlle á xente e a intentar que confíe en vostedes. O que pasa é que a xente xa os coñece de sobra e xa lle podo asegurar que non vai confiar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

¡Bueno! Pois moi ben. Cambios, ningún. Todo se fai ben en Galicia, todo vai de marabilla, todo é culpa do Goberno do Estado cando non é dos concellos e, polo tanto, non é preciso introducir ningunha mudanza, pese aos datos que lle acabo de dar.

A vostede non lle importa nada que Galicia sexa a segunda comunidade autónoma con menos nenos e nenas de catorce anos en todo o ámbito estatal, a primeira no ámbito rural. Non lle importa nada que o trinta e sete por cento dos núcleos de Galicia estean despoboados. Non lle importa nada que a xente non poida establecerse no noso país. Non ten que introducir ningunha mudanza nas súas políticas.

O que lle importa é falar de eleccións xerais. Pois se quere falar de eleccións xerais falamos de eleccións xerais. Porque ¿sabe cal é o problema, señor Rueda? Que é vostede máis predecible que a solución dunha ecuación de primeiro grao. Esa é a realidade. Polo tanto, sabiamos que ía vostede a falar dos resultados electorais, das eleccións municipais.

Pois mire, o certo é que o Partido Socialista de Galicia segue sendo a segunda forza progresista en Galicia, gústelle ou non lle guste. E a realidade, señor Rueda, é que a suma do voto progresista en Galicia é maior que a do Partido Popular. O certo é que, entre tanto triunfalismo por parte do Partido Popular, francamente creo que se esconde un auténtico fracaso dentro dos obxectivos que vostedes mesmos se marcaron; non llos marcou o Partido Socialista de Galicia. Vostedes dicían que só lles valían maiorías absolutas. Pois aí teñen o resul-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tado: teñen cincuenta e seis. A realidade, señor Rueda, é que se os resultados das eleccións municipais fosen autonómicos, hoxe estariamos a falar doutra realidade distinta.

O certo, señor Rueda, é que o luns pola tarde vostede tiña dous escenarios previstos e sabémolo todos. Tiña todo o Goberno mobilizado por se era necesario convocar un Consello extraordinario da Xunta para disolver este Parlamento. ¡É así! Pode rir todo o que queira, pero sabe vostede que iso era unha realidade; era un escenario que vostedes barallaban.

O certo é que lle tremeron as pernas para non vincular o seu futuro ao incerto do señor Núñez Feijóo. Porque ten medo, señor Rueda, e escúdase en falar do Goberno de España que si que mira —por moito que vostede diga que non— polos intereses de Galicia e vostede mira polos intereses do Partido Popular.

Está claro, señor Rueda, que as urxencias que tiña vostede o luns pola tarde non son as mesmas que ten hoxe. É certo —e remato— que o que si que é urxente é que o Goberno da Xunta de Galicia deixe de estar en mans do Partido Popular, porque xa vemos que a estratexia fronte aos problemas de Galicia é non mudar absolutamente nada das súas políticas. Polo tanto, seguir como estamos e esa non é a mellor Galicia que podemos ter. A mellor Galicia que podemos ter estará no seu momento, non lle caiba dúbida, en mans dun Goberno progresista presidido polo Partido Socialista de Galicia.

Nada máis e agora poden rir todo que queiran.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, o problema é que vostede non é previsible nin para vostede mesmo. ¿Dáse conta? Somos previsibles, si. É unha das cousas das que presumimos. É o que a xente pide en tempos de incerteza: previsibilidade e estabilidade. Por iso gañamos as eleccións outra vez. *(Aplausos.)* Vostedes quedaron segundos de tres, perderon un montón de votos, pero é igual; quedaron de segundos e iso consólao.

Alégrome de que se dera conta de que, a pesar de que intentou facer a súa primeira intervención como se non houbera eleccións, —vostede mesmo o dixo o luns— o resultado é malo, co cal é lóxico que chegue o mércores e lle interese non falar dun mal resultado. Moito máis despois da sorpresa absoluta, ese *canto del cisne* do seu xefe Pedro Sánchez. Non se deu conta de que non tiña pase non aludir ás eleccións. E rectificou, alégrome.

Porque iso é o que está pensando a xente agora mesmo: que vai pasar dentro duns meses nesas eleccións sorpresa deseñadas e decididas única e exclusivamente no beneficio dunha

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoa, coma sempre. Non pensando en Galicia, por suposto, a vostedes non lles preguntaron absolutamente nada. Nunca lles preguntaron nada, non lles van preguntar por isto outra vez e máis cos resultados que tiveron. Ten que entender que ao mellor falou con xente que tivese un pouco máis de éxito electoral.

Polo tanto, señor Álvarez, eu insisto en que imos seguir traballando. Claro que hai que cambiar cousas; claro que, por suposto, non vai todo ben. Nunca me escoitaría dicir que todo vai ben; sempre me escoitará dicir que hai moitas cousas que mellorar e que hai cifras que mellorar.

Pero, sinceramente, acabamos de preguntarlle á xente. Vostedes empeñáronse moito en que estas eleccións —a señora Pontón, supoño que agora falaremos diso— fosen un plebiscito a nivel autonómico. Pois aí ten o resultado, señor Álvarez: subimos máis de cinco puntos e vostedes baixaron unha burrada de votos. Polo tanto, suponse que polo mal camiño non iremos, habendo moitas cousas que mellorar.

Mire, nós imos seguir facendo alianzas. Iso si, coa xente; non con outras forzas políticas perdedoras. Imos seguir marcando obxectivos claros: que é que a Galicia lle vaia un pouco mellor. A nosa preocupación é que a xente poida vivir un pouco mellor. Claro que sabemos que ten problemas e claro que sabemos que cada vez que hai eleccións se lle pregunta por todo iso e a xente fala. Ser estables e previsibles vostede veo como un defecto; alégrome de que a maioría da xente en Galicia o vexa como unha virtude.

Tamén solucionar problemas en vez de crealos como fan vostedes —como lle dicía antes—, moito máis grave cando os crean e despois non saben nin como solucionalos. Iso é o que non quere a xente e é o que non imos facer nós. Dígolle que o domingo todas as forzas políticas lle pedimos a Galicia que falase. Falaron alto e claro. Tan alto e claro que polo visto vostedes seguen sen entendelo.

Pero enténdeo ata o seu xefe de filas que, por sorpresa —e, insisto, pensando exclusivamente nel—, nos leva a todos votar nunha ponte de Santiago. Ese canto de cisne ao final demostrou que o Goberno socialista en Madrid e todos os partidos satélites que ten —incluído o Partido Socialista de Galicia— están nos seus estertores finais. Comprendo que moi desorientados e comprendo que por iso vostede di todo o que di.

Pero mire, a min alegraríame moitísimo que ese 25 de xullo, o Día de Galicia, a España tamén chegase o sentidiño. Alegraríame moitísimo. (*Aplausos.*)

É unha lástima que, contrariamente ao que pensan —estou seguro—, a inmensa maioría dos galegos —tamén os seus socios do Bloque, se hai que crelos, que supoño que non, polo que están dicindo e polo que van dicir de aquí ao 23 de xullo— todo o mundo quere ese cambio. Lástima que vostedes vaian, supoño que non con moito ánimo, dedicarse a intentar que Pedro Sánchez teña algunha oportunidade —oxalá que non—. Despois pasarán a ser a muletilla e o Bloque Nacionalista Galego usaraos para intentar dicir que Galicia é nacionalista. Pero Galicia non é nacionalista e iso xa nos encargamos de demostralo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre como valora o presidente da Xunta a situación social e económica de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señorías.

Quero tamén felicitar os deputados que van ter responsabilidades nas alcaldías e desexarlles a mellor das sortes.

Señor Rueda, Galiza está quedando atrás e a culpa non é nin deste país nin da súa xente. A culpa é dun Goberno do Partido Popular sen proxecto, sen ideas, sen rumbo... Eu diría que é un Partido Popular desnortado, que é incapaz de defender os intereses dos galegos e das galegas. E vou darlle algúns datos que demostran a gravidade da situación económica e social.

Fíxese, entre 2009 e 2021 emigraron 198.939 mozos e mozas menores de trinta e catro anos. Hoxe temos 20.000 persoas menos afiliadas á Seguridade Social e a poboación activa caeu en 71.000. Perdemos 21.600 empregos no sector industrial. O noso PIB medra menos que a media do Estado e cada vez pesa menos no PIB estatal. E, por último, desde 2009 Galiza perdeu 105.625 habitantes. Non sei a quen lle vai ben, señor Rueda, desde logo á maioría dos galegos e das galegas non. (*Aplausos*.)

Os datos demostran que Galiza non vai ben. Pero claro, señor Rueda, ¿como vai vostede dirixir Galiza se non é capaz de dirixir o seu partido? Si, mire, porque vostede está mirando para outro lado mentres o Partido Popular vai de escándalo en escándalo. Primeiro foi Baltar convertido nun perigo público a 215 quilómetros por hora conducindo un coche oficial a Madrid en pleno domingo. E, ¿que fixo vostede, señor Rueda? Calar e mirar para outro lado. Despois descubrimos que o de ser un macarra e ser un hortera ao volante —como dicían os Ilegales— non era algo puntual; era algo habitual no señor Baltar. Total, as multas págallas a cidadanía de Ourense. (*Aplausos*.) ¿Cal foi a súa resposta, señor Rueda? Calar e mirar para outro lado.

E nesta sucesión de escándalos coñecemos os audios do irmán de Baltar sobre presuntas mordidas, por certo, outra práctica habitual do Partido Popular. Segundo a información difundida polo diario *Público*, o irmán de Baltar fala dunha mordida do doce por cento en alusión a unha empresa que só entre 2019 e 2021 asinou cincuenta e oito contratos que lle foron dados a dedo por un valor de dous millóns de euros coa Deputación de Ourense. ¿Cal foi a súa resposta, señor Rueda? Calar e mirar para outro lado ante un presunto caso de financiamento ilegal que o partido que eu represento, o BNG, xa levou á Fiscalía.

En definitiva, señor Rueda, mentres o Partido Popular vai de escándalo en escándalo, Galiza está quedando atrás. E por iso eu hoxe pregúntolle se vai seguir calado ou vai tomar cartas

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no asunto e empezar a tomar decisións para evitar que o noso país quede atrás ou que a súa imaxe quede manchada pola corrupción. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede ¿por que fai sempre o mesmo? Se vostede quere fala de Baltar ¿por que non pregunta directamente por Baltar? ¿Por que sempre ten que enmascaralo na situación económica? Non ten a valentía de preguntar as cousas directamente. ¿Sabe que consegue con isto? O que é evidente, que se vexa que a vostede a situación económica de Galicia lle importa un bledo. (*Aplausos.*) Iso é o que pasa, señora Pontón.

Pero mire, a min si me importa. É o meu deber e, polo tanto, tamén é o meu deber responder cada vez que vostede manipule as cifras. Isto xa é un clásico, sentirse ofendida por calquera cousa cando lle convén e manipular os datos. Son os seus dous clásicos nas preguntas. Agora tocoulle aos datos.

Eu non lle podo admitir que fale de saldo migratorio, porque sabe de sobra que en conxunto neses anos é positivo, grazas entre outras cousas á estratexia Retorna da Xunta de Galicia. Non o vai recoñecer nunca, igual que non ten ningún sentido... Catorce mil catrocentos corenta e oito o ano pasado, vostede sábeo de sobra. Ou ao mellor non o sabe. Non o sei, xa estou tan despistado con vostede nesas cousas... Pero se o soubese non o ía dicir nin de broma. Pero apúnteo tamén, e dígalles que lle pasen eses datos falseados, que apunten eses 14.448.

Igual que me diga que o produto interior bruto está... ¡Pero se o recuperamos antes que a media nacional! Terceira comunidade autónoma en recuperarse antes e ter as cifras prepandemia; foi o ano pasado xa. Hai moitas comunidades autónomas gobernadas pola esquerda que aínda están moi lonxe de recuperar ese nivel. Vostede isto sábeo e dálle exactamente igual. Igual que a menor cifra de paro nun mes de abril, que tivemos neste mes de abril desde que existen datos.

Falou tamén das persoas cotizando á Seguridade Social; non sei cantas dixo menos. Señora Pontón, 21.000 persoas máis nos últimos dez anos, a pesar do devalo demográfico que efectivamente eu non nego.

Pero ¿de onde saca os datos? Recuperación hai seis meses. Dicía o da pandemia, crecemento dun 1,1 por cento no primeiro trimestre, a maior porcentaxe nos últimos cinco anos. Incremento dun oito por cento no índice de produción industrial nestes seis meses, catro veces máis que o conxunto de España. Hai un montón de datos máis que podería dar pero, ¿para que? Se vostede sempre vai facer o mesmo. Sobre todo, non lle importa absolutamente nada, como demostrou que, dos tres minutos que ten, dous minutos e medio foron falando de algo que non preguntara, porque o que preguntou realmente impórtalle moi pouco.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, cando as cousas —efectivamente, o mesmo que dicía o señor Álvarez— van ben o que hai que facer é perseverar, aprender dos erros e intentar melloralos, por suposto. Sempre se pode mellorar as cousas.

Ademais non é que llo diga eu, porque volvo dicirlle que preguntamos. Esta pregunta sempre se fai. Vostede e o seu partido tamén preguntaron nas eleccións municipais que opinaba a xente. Mire, a xente falou con claridade: 554.000 votos o Partido Popular, 38,5 por cento dos votos emitidos; 21 puntos máis que vostede, señora Pontón, que ten as verdades absolutas e todo o sabe e todo o pode remediar.

Mire, por máis soberbia que gaste, iso si, coa complicidade do Partido Socialista, o partido que apoia a Xunta de Galicia tivo sete veces máis apoio que os partidos que se opoñen á Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Vostedes sumaron entre os dous 0,7 de aumento; nós máis de 5 puntos. O partido máis votado: o Partido Popular de Galicia (*Pronúnciansе palabras que non se perciben.*) Si, failles moita risa, por iso ningún dos dous quere falar deste tema. O partido que máis crece, o Partido Popular de Galicia; seis veces, case sete veces máis apoio ao Partido Popular que a vostedes.

Vostede insistía moito, nos días da campaña, en que quería una lectura autonómica das eleccións municipais, tanto como dicir unha lectura autonómica do que opina a xente. Pois, señora Pontón, aí ten vostede a lectura autonómica das eleccións. Aí a ten vostede, señora Pontón. Exactamente, ¿de que está presumindo? ¿De que está presumindo, señora Pontón? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é para gañar está moi enfadado, sinceramente. Vén aquí moi enfadado. (*Aplausos.*)

Si, primeiro, sóbralle un pouquiño de paternalismo. Porque «apunte, apunte»... ¿que é iso, señor Rueda? (*Murmurios.*) Sóbralle, desde logo, paternalismo, soberbia e xa vemos que o que lle falta é capacidade para dirixir o seu partido. (*Aplausos.*) Iso é o que vemos. E, sobre todo, fáltalle capacidade para poder dirixir Galiza.

Mire. xa só nos faltaba que o señor Rueda me dixese como teño que pedirlle as preguntas. A próxima vez, se lle parece, podo chamalo para que me diga cal é a pregunta que quere que lle formule. Porque, en fin, vostedes teñen un concepto da democracia... (*Pronúnciansе palabras que non se perciben.*) Ves, xa comezamos coas interrupcións. ¡Para gañar están moi nerviosos, señores e señoras do Partido Popular! (*Aplausos.*) Non os vexo nada felices; véxoos moi preocupados polo BNG.

O que debe enfadalo a vostede non é que o BNG lle pregunte pola corrupción do seu partido e do señor Baltar. ¡É que haxa corrupción no seu partido e o que está facendo o señor Baltar! (*Aplausos.*) Iso é o que debería preocuparlle a unha persoa que teña un compromiso coa rexeneración democrática.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque, mire, falounos de todo menos do que lle preguntei. ¿Que vai facer con Ourense, señor Rueda? ¿Vostede cre que é admisible...? Non, está ben que ría. Demostra, desde logo, que a vostede o preocupa moitísimo a cidade de Ourense e o futuro da provincia e, desde logo, tamén como se toma un tema tan serio como son os casos de corrupción que se están destapando ao redor do seu partido en Ourense.

Eu imaxino que vostede non pode dicir nada, porque evidentemente é un presidente débil que non é nin tan sequera capaz de dirixir o seu partido. Pero o que está moi claro é que este país non pode mirar para outro lado cando hai casos tan graves. Por iso, señor Rueda, eu pregúntolle ¿que vai facer con Ourense? ¿Vai volver a repetir o que pasou hai catro anos? ¿Vai seguir mantendo unha situación insostible coma a do señor Baltar?

Porque, mire, vostede pode vir aquí e facer o que queira, pero mentres non nos aclare que vai facer con Ourense o único que está demostrando, señor Rueda, é que lle queda moi grande o traxe de presidente. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora Pontón.

Señora Pontón, desculpe se pensou que estaba enfadado. Non, enfádame a mentira. Irrítame. Pero con vostede xa é absolutamente habitual. Tamén o cinismo. Vostede fala de corrupción e estivo gobernando coa señora Silva ata que o pobo dixo «basta». *(Murmurios.)* Polo tanto, ¿que me está dicindo? *(Aplausos.)* ¿Que me está dicindo, señora Silva? *(Aplausos.)*

Tamén —xa non por min, que tamén—, eu o que lle pido simplemente é que pregunte o que di que quere preguntar. Tamén un pouco por respecto a esta Cámara, pola boa preparación das preguntas; por todo iso. Se vostede me quere preguntar algo concreto, vostede ponmo e eu veño responderlle. Agora, esa técnica que ten —supoño que porque non se ve moi forte nos seus argumentos— de escribir unha cousa e preguntar outra completamente diferente si que denota nerviosismo e mala preparación, señora Pontón.

Iso si, dicíalle que vostede ten dous clásicos e dicíalle —tonto de min— na primeira intervención que só ía ser un, que era o de manipular os datos. Non, o de facerse a ofendidiña e a pel sensible tamén apareceu, coma sempre. *(Aplausos.)* ¡Coma sempre! *(Aplausos.)* Dous clásicos conseguidos, señora Pontón; non falla vostede. *(Aplausos.)* Vostede si que é previsible, como dixen, absolutamente previsible. Eu ás veces penso que non e sempre me demostra vostede que é moi previsible cos seus dous clásicos, co de nunca preguntar o que dixo que ía preguntar... En fin, todas as súas técnicas.

Señora Pontón, nada novo baixo o sol. Eu non espero que vostede xamais recoñeza que as cousas se poden ir facendo máis ou menos ben, con acertos e con fallos tamén, por suposto. Non; iso tamén é un clásico, non tanto como os outros pero un clásico. Iso si, cando fala do rumbo do seu partido e, sobre todo, cando fala do rumbo de vostede mesma iso aí é todo chulísimo, todo vai moi ben e non hai que recoñecer absolutamente ningún fallo. Está vos-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tede nun nivel de egocentrismo nivel Pedro Sánchez *(Risos.)*, que mire que iso é difícil, señora Pontón. ¡Mire que iso é difícil! *(Aplausos.)*

Non me estraña que vostedes vaian traballar agora estes dous meses —a pesar de todo o que están dicindo— para intentar por todos os medios que o señor Pedro Sánchez siga de presidente do Goberno. ¿Ou non o van facer? ¡Claro que si! E se fai falta volver apoialo a cambio de nada —como se demostrou, enganounos absolutamente— volverán facelo. Volverán facelo, señora Pontón. Polo tanto, diso tamén deberiamos falar, porque iso tamén afecta á situación de Galicia.

Mire, ¿en serio vostede, que tivo 300.000 votos menos que o Partido Popular e quería esa lectura autonómica que lle dixen antes —á que non aludiu porque efectivamente sabe que é así— agora quere gobernar un concello co mínimo número de votos que tivo sempre o Goberno da capital de Galicia, coa metade de votos que o Partido Popular e coa cuarta parte de concelleiros? E sae dicindo que é unha vitoria incontestable. Así é todo con vostede, señora Pontón, *(Risos.)* Así é todo con vostede. *(Murmurios.)*

Mire, ¿quere falar en serio de gobernabilidade? ¿Quere falar en serio de Ourense? Eu falo en serio sen ningún problema. Vostedes fartáronse de dicir que en ningún caso permitirían que seguise gobernando o actual alcalde. Teno vostede moi fácil, apoien a segunda lista máis votada, que os dobrou a vostedes en votos. *(Risos.)* Si, si, señora Pontón, sexa coherente, o que non pode é proclamar unha cousa e cando ten diante unha proposta facer exactamente o contrario. Señora Pontón, sexa coherente por unha vez, demostre que o que di é realmente o que quere facer.

Iso si, póñase de acordo tamén antes cos seus socios do Partido Socialista. Porque, mire, pásalles o mesmo que lles pasa en Galicia: non se sabe quen manda en Ourense, probablemente porque en Galicia non manda ninguén e así lles vai.

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 4 da orde do día, interpelacións.

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Benvida, señora conselleira, para falar dun dos temas máis importantes para Galicia.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quero empezar definindo o que é a acción de tutelar. Tutelar significa «que guía, que ampara, que protexe». O número de nenos e nenas tutelados en Galicia incrementouse case un trinta por cento dende hai tres anos.

Quero que fagamos agora mesmo todos un exercicio de reflexión para empatizar máis con esta cuestión. A maior parte dos que estamos aquí temos fillos ou fillas, se non son fillos son sobriños e se non son sobriños son netos. Imaxinen por un momento que os nosos nenos ou nenas non nos tivesen a nós; que non tivesen a súa familia. Pois, por desgraza, hai moitos nenos e nenas en Galicia que non teñen familia ou que se atopan en risco de desamparo ou que, tendo unha familia, precisan dun seguimento da Administración ante graves situacións. Deses nenos imos falar hoxe.

Se digo ETM, ou equipos técnicos de menores, seguramente moita xente non saiba exactamente do que estou falando. Pero se falo de nenos maltratados ou en risco; se falo deses nenos que viven en centros e que cando chega o Nadal en vez de pedir un xoguete piden unha familia; se falo de situacións de malos tratos; se falo dos longos procesos de adopcións; se falamos de familias de acollida; se falamos de prevención e xestión, de detección de casos de maltrato ou doutras cuestións que deriven a que nenos e nenas en situación de risco e desamparo precisen de axuda da Administración... Se falamos de todas esas cuestións, falamos dos equipos técnicos de menores, que son os técnicos responsables para xestionar este tipo de situacións. Equipos infradotados, que carecen de persoal suficiente para atender os nosos menores galegos que se atopan nestas situacións.

Desta forma, estou segura de que a xente que nos estea escoitando empatizará moitísimo máis coa importancia destes equipos, vitais para os menores en risco con ou sen tutela da Administración.

Hai moitos nenos e nenas galegos aos que a propia vida e as propias circunstancias que lles tocou vivir lles negaron a oportunidade de ter unha familia, algúns por un tempo e outros durante toda a súa infancia e adolescencia. A Administración é a que tutela e, por tanto, a Consellería de Política Social é a responsable directamente ou, o que é o mesmo, —como eu a chamo— é a «consellería nai» de todos estes nenos e nenas.

Polo tanto, o primeiro que debería facer a máxima dirixente desta consellería é visitar con periodicidade estes menores. E cónstanos que vostede, señora conselleira, non pisou nin unha soa vez moitos destes centros nas dúas lexislaturas que leva como conselleira de Política Social. *(A señora conselleira de Política Social e Xuventude, García Martínez, pronuncia palabras que non se perciben.)* Falo de todos, se é mentira corríxame, porque nalgúns centros cónstame que non a coñecen. E, o que é máis grave, os propios técnicos dos equipos técnicos de menores tampouco coñecen en persoa directamente todos e cada un dos nenos que teñen asignados. E non é por falta de dilixencia nin de preparación, senón por falta de técnicos.

Por iso hoxe traemos esta interpelación ao Goberno galego para pedir que se duplique o número de técnicos especialistas dos equipos técnicos de menores, tal e como reclaman os activistas polos dereitos da infancia que suplen ás veces a ausencia da Administración competente, neste caso o Goberno galego.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E hoxe quero aproveitar que é o Día mundial do acollemento familiar e quero lanzar un chamamento a todos eses galegos e galegas que queiran ser familia destes nenos e nenas para que se informen a través das asociacións como Acougo, Cruz Vermella, Aldeas Infantís etc., que traballan para facer destas familias un dos recursos máis valiosos, como é o recurso do apego. Porque todos os nenos e nenas teñen dereito a crecer nunha contorna cun apego seguro e san.

Por iso, hoxe temos que facer que as redes sociais e todos se inunden deste xesto *(A señora Ortega Otero amosa aos membros da Cámara un xesto consistente en erguer os tres dedos centrais da man dereita.)* que significa a familia biolóxica, o neno ou nena e a familia de acollida para fomentar que os galegos e galegas cada vez deamos máis oportunidades a eses nenos e nenas que precisan dunha familia de acollida.

A Lei 8/2021, de protección integrada á infancia e á adolescencia fronte á violencia do Goberno de España, establece como prioridade as actuacións de carácter preventivo. Polo tanto, é preciso contar con equipos técnicos de menores ben dotados, formados e con recursos para familias en risco de exclusión con menores a cargo. Porque primeiro ten que ser a prevención e, se isto non funciona, pódese incluso chegar a retirar a tutela do entorno familiar. O seguinte paso sería o acollemento de familia allea e o seguinte paso sería a adopción, segundo o caso, ou a adopción allea. Primeiro, ante todo, sería a familia extensa, que é a familia do entorno familiar, e logo o resto.

Cando todo isto non sexa posible, como última das opcións estaría o centro ou a institucionalización dos menores. Lamentablemente, de case dous mil practicamente case a metade dos nenos e nenas se atopan nesta situación, aos que se lles quitou a tutela e están en centros. Temos que loitar como sociedade por cambiar esta situación, porque o que debería ser unha excepción ás veces é a norma e non podemos consentir isto como sociedade.

Por iso, dende o Goberno galego deberían facer varias cuestións que son as que hoxe dende o Grupo Socialista solicitamos aquí. Deberíanse incrementar os equipos técnicos de menores e os profesionais especialistas nos servizos sociais. Deberíase incrementar o apoio e recursos ás familias acolledoras, tanto a extensa como a allea. Deberíase apostar forte por campañas de sensibilización e toma de coñecemento destas opcións á cidadanía. Estou segura de que a xenerosidade do pobo galego é tal que se a información chegase á maioría das persoas en Galicia multiplicaríanse sen dúbida ningunha os casos de acollemento destes nenos e nenas. E xa que o Goberno galego aposta tan forte nalgunhas ocasións pola publicidade, a verdade é que ¿como non facelo por campañas de sensibilización para esta causa?

En canto aos centros de menores, señorías, as tutelas xamais deberían ser externalizadas por parte da Administración. Unha tutela débese exercer con xestión directa e o certo é que o Goberno galego privatizou a maioría de centros de menores en Galicia: na Coruña, no Concepción Arenal; en Ourense, no Montealegre, Monteledo e Montefiz... Directamente xestiona en Lugo o Santo Anxo, que leva fóra de control durante moitos anos. Vostede é consciente, señora conselleira; trouxémolo aquí a esta Cámara en numerosas ocasións e a verdade é que non cambiou nada. De feito, hai decenas de traballadores e traballadoras neste centro para cinco nenos ou nenas, se non me equivoco. Vostede terá o dato e gusta-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ríame que falase do Santo Anxo, porque nos preocupa. Así como outros centros como o San José Calasanz, Carme en Ferrol, en Pontevedra o Avelino Montero, en Ourense A Carballeira... E todo o demais está privatizado, incluído o cen por cento das medidas xudiciais en réxime aberto. En reformas só queda o Avelino Montero e no resto todas as medidas oficiais están privatizadas.

E podemos estar máis ou menos de acordo en externalizar ou non certos servizos —a recollida do lixo etc.—, pero xamais a responsabilidade e a atención directa dos nosos nenos. Iso, señorías, ten que ser sagrado. Animo a esta Cámara a que, independentemente do partido no que militemos, sexamos activistas polos dereitos dos menores máis vulnerables ou os que están en risco de desamparo ou tutelados e defendamos a atención directa pola Administración pública, que somos todos e todas, destes nenos. Sempre digo que os nenos son o colectivo o cal temos o deber e a obriga de protexer.

Temos que partir dunha premisa. Ben sexa por problema de condutas, ben sexa porque non teñen unha familia que os poida coidar de forma permanente ou temporal, ben sexa por unha retirada de custodia por malos tratos a un neno... Sexa cal sexa a circunstancia que leve un menor a depender da tutela da Administración sen unha familia, temos que partir de que un menor sempre é recuperable psicolóxica e socialmente. Polo tanto, é a Administración nai a que os tutela e a que, en vez de externalizar a atención destes nenos, ten o deber de poñer todos os recursos sobre a mesa que sexan necesarios para dar unha segunda oportunidade na vida a estes nenos e nenas.

E por todo iso, e tendo en conta a situación límite que están a vivir estes equipos —os equipos técnicos de menores—, que algúns —como os de Vigo— tiveron que alzar a voz de alarma por falta de técnicos deixando con pilas de expedientes na mesa, sen mans para traballar todos os casos.

Estamos en disposición de urxir ao Goberno galego, a través de vostede, señora conselleira, a necesidade de duplicar de xeito urxente os equipos técnicos de menores de toda Galicia. Porque cito textualmente o comunicado dos equipos técnicos, neste caso de Vigo, de hai xa máis dun ano dende que o preguntamos. En concreto, falan de «dificultade, obstrución e atraso xeneralizado nos trámites de expedientes, onde se resolven os máis urxentes, quedando nun segundo plano os menos urxentes» —entrecomiñado, porque aquí todo é urxente—. Iso implica que se efectúe moi pouco traballo preventivo e que queden situacións desatendidas. Indican, ademais, que a actual relación de expedientes por técnico é «irracional, inadmisible e inasimilable», tendo que realizarse as valoracións nun contexto de elevada tensión e incerteza na toma das decisións. Así mesmo, contribúe á sobrecarga laboral, á demora de cobertura de baixas, á precariedade e inestabilidade laboral do persoal e á continua asignación de funcións adicionais de forma excesiva e desproporcionada, segundo indican os propios técnicos.

Por todo iso, informan á Consellería de Política Social, así como á propia Fiscalía de área de Protección de Menores que priorizarán aqueles expedientes que entren en quenda de urxencia só; só eses expedientes. E, tras todo isto, non valen propostas ou respostas políticas de parche, nun dos momentos nos que o Goberno galego —se non corríxame, señora con-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

selleira— presume de que ten a maior cantidade de recursos da historia grazas aos fondos estatais e europeos. ¿Que máis urxente e prioritario hai que isto, señorías?

Por certo, tamén lle pregunto, señora conselleira: ¿estase a limitar a función de inspección dende a Dirección Xeral de Familia? ¿Os equipos técnicos de menores no día de hoxe, co incremento de tutelas e situacións de risco, son capaces de facer o seu plan de traballo completo? Sumado a todo o que falamos, aproximadamente un vinte por cento das adopcións complícanse.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Remato, presidente. ¿Saben que os procesos de adopción tardan case sete anos de media e mentres tanto case a metade de menores tutelados continúan crecendo e desenvolvendo as súas infancias en centros de menores? E, mentres tanto, escoitamos o señor Feijóo falando de regular os ventres de alugueiro. Non entendemos.

O avance da sociedade non se mide pola riqueza que teña, senón pola sensibilidade e activismo que amose polos máis vulnerables. Entre eles, os máis indefensos son os nenos e nenas e, entre estes, os que non teñen uns pais detrás que os protexan. Aquí temos que estar toda a sociedade para facelo e vostedes, o Goberno galego, reciben os votos non só para presumir, senón tamén para traballar por aqueles que, aínda que non votan, merecen un infancia feliz.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señora Ortega, moi bos días.

A infancia é a etapa máis sensible e máis delicada para o desenvolvemento dun ser humano. Durante os primeiros anos de vida construímos os primeiros recordos, cimentamos a nosa personalidade e somos especialmente susceptibles aos cambios que hai ao noso arredor.

Hai máis de trinta anos que a Convención das Nacións Unidas recoñeceu o dereito a unha infancia feliz, na que todos os nenos e adolescentes teñan acceso á protección e conten cun mellor lugar no que vivir. Un dereito fundamental, un dereito ineludible e que nos obriga a traballar sen descanso a todas as administracións competentes.

A Xunta de Galicia sitúa a protección da infancia e a adolescencia como unha das súas principais prioridades. E non só porque é a nosa obriga, senón porque cremos na igualdade de oportunidades e queremos que Galicia se converta cada día nun mellor lugar, máis xusto e máis igualitario para todos os nosos pequenos.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Ortega, cando hai preto dun ano vostede e o seu grupo formularon exactamente a mesma pregunta na Comisión 5ª, asegurou que a esta conselleira non lle importaba o máis mínimo o benestar dos adolescentes de Galicia. Vostedes non só difaman continuamente e sen complexos, senón que coa súa política do trámite e coa súa política do copia e pega demostran que o Partido Socialista de Galicia está esgotado, está escaso de ideas, está bastante falto de ilusión. En definitiva, o Partido Socialista de Galicia está desconectado dos galegos.

Mentres tanto, dende o Goberno galego traballamos, en xeral e esta Consellería en particular, seguimos incrementando e seguiremos sempre reforzando o servizo de atención para atender todos os casos de posible desprotección.

Por iso, neste ano 2023 incrementamos ata os sesenta millóns de euros os fondos destinados a esta materia. Trátase dun corenta por cento máis que o que se dedicaba no ano 2009 cando vostedes gobernaban. Este incremento de recursos permitiunos poñer en marcha novos programas, impulsar máis iniciativas e mellorar todos os servizos existentes. Por iso, tamén neste mesmo ano incrementamos nun vinte por cento as axudas destinadas ás familias acolledoras para que os nenos que se atopen dentro do sistema de protección autonómico poidan medrar nun fogar. Unha medida incluída nos orzamentos do ano 2023 dos que vostedes votaron en contra.

Tamén neste ano creamos o primeiro programa de acollemento familiar especializado para que os nenos con máis dificultades poidan atopar unha familia acolledora. Reforzamos tamén o Programa de integración familiar para intervir en casos de posible deterioración familiar e fomentar que os nenos tutelados poidan volver aos seus fogares. Destinamos o dobre a este programa que cando vostedes gobernaban.

Reforzamos os centros de atención diúrna para ofrecer apoio educativo e familiar aos nenos que están en risco de desamparo. Ampliamos tamén, como non, a Rede de puntos de encontro familiar para ofrecer espazos máis seguros e ese réxime de visitas estipulado polos xulgados en caso de separacións conflitivas.

Este ano chegaremos aos once centros espallados por toda a xeografía galega. Duplicamos a contía do programa Mentor para facilitar o tránsito á vida adulta dos adolescentes en réxime de protección, un programa que foi recoñecido na categoría de «boa práctica» pola Unión Europea. Abrimos recursos de atención residencial como é ese novo centro especializado en adolescentes que padecen problemas de saúde mental, un centro que ademais é único e pioneiro en toda España. *(Aplausos.)*

Imos seguir incrementando o orzamento dos programas para o tratamento terapéutico dos nenos que están en situación de desamparo ou tamén para a intervención con nenos vítimas de abusos sexuais.

A Xunta de Galicia é consciente, moi consciente, do importante labor que realizan cada un dos equipos técnicos de menores e tamén de todo o persoal que traballa alí e que forma parte do noso sistema de protección. Sen eles todo isto non sería posible. Merecen sempre todo o noso recoñecemento e a nosa admiración por realizar un traballo moi complexo pero, sobre

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo, por facelo de xeito sempre obxectivo, de xeito profesional e de xeito rigoroso. Moi especialmente tamén por ter demostrado a súa dedicación en momentos tan difíciles como foi a pandemia, momentos en que eles seguiron sempre ao pé do canón, sendo o apoio e sendo a familia de todos estes nenos. *(Aplausos.)*

Por ese motivo imos seguir reforzando os equipos de menores. Tamén, señora Ortega, o da Xefatura territorial de Vigo polo que vostede me pregunta, onde sumamos dous técnicos máis. Pero imos tamén seguir mellorando as súas condicións laborais para facilitar o seu traballo e tamén para darlles maior estabilidade.

Así mesmo, fomos unha das comunidades pioneiras en poñer á súa disposición o sistema Valora Galicia. Trátase dunha ferramenta dixital para que os profesionais de protección da infancia poidan aplicar os criterios de forma obxectiva pero, sobre todo, de forma unificada na valoración da gravidade das situacións de risco. Deste xeito, poderán determinar con máis seguridade aqueles casos nos que se debe actuar dende a Xunta de Galicia e aqueles tamén que son competencia dos servizos sociais de base, é dicir, cales son competencia dos concellos. Porque como vostede saberá, señora Ortega, a protección da infancia en situación de risco leve é competencia municipal.

O Goberno galego seguirá reforzando a Rede de protección á infancia e tamén da adolescencia para garantir sempre o seu benestar, para garantir sempre a súa felicidade e para que cheguen todos estes nenos todo o lonxe que se propoñan.

Sabemos que é un reto difícil, que é un reto complicado, que é un reto que require de grandes esforzos e tamén require do traballo colectivo de toda a sociedade galega. Imos seguir escoitando os profesionais para identificar, para previr e para actuar sempre coa maior celeridade. Sabemos que está moitísimo en xogo; nin máis nin menos que o futuro dos galegos de mañá.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, fala de dous técnicos en Vigo cando os especialistas falan de duplicar; cando os equipos técnicos de menores o que están pedindo e que dupliquen a plantilla. Parece un chiste, pero lamentablemente é verdade.

¿Parécelle normal facer esa proposta cando estamos a falar de que estes técnicos están recoñecendo publicamente ante a propia Fiscalía de Menores e ante a propia consellería da que vostede é a encargada que non dan chegado a todos os casos de nenos e nenas que están en risco de desamparo? ¿Esta é a proposta do Goberno galego, incrementar dous técnicos de menores cando pidan duplicar a plantilla? Non estamos de acordo.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os técnicos non queren o seu respecto e admiración, señora conselleira. Non queren boas palabras. ¡O que queren é que incremente a plantilla canto antes! ¡Que duplique o número de técnicos dos equipos técnicos de menores en Galicia! *(Aplausos.)* Non queren boas palabras, ¡xa está ben!

Hai que traballar non de palabra, senón de obra, señora conselleira. Non pode responder a esta cuestión con parches que non solucionan absolutamente nada. Os propios equipos e os activistas dos dereitos pola infancia, cos cales vostede traballa porque levan propostas, lévanlle o traballo feito ao Goberno galego. Só teñen que aplicalo, que para iso teñen os impostos de todos os galegos e galegas. Repito e aseguro que, se os galegos e galegas fosen consultados, o cen por cento da cidadanía estaría de acordo en que eses recursos que eles aportan fosen destinados a esta causa.

¿Van duplicar os técnicos dos equipos técnicos de menores, señora conselleira? ¿Si ou non? Espero que me responda na réplica e que non aproveite —que supoño que aproveitará— para botar balóns fóra, criticar o Goberno de España, presumir dos resultados electorais... Ao final, os bos deportistas fan como Rafa Nadal —que eu admiro moito a Rafa Nadal— cando despois de gañar en innumerables ocasións, como ten gañado, se dirixía a Federer e lle respondía con deportividade. Porque hai que saber perder, pero hai que saber gañar, que iso tamén é moi importante. *(Aplausos.)*

Tamén me gustaría saber, señora conselleira, se á parte de duplicar os equipos técnicos de menores tamén van levar campañas de sensibilización. Porque está moi ben que se preocupen das campañas de publicidade, de publicitar o presidente Rueda para que o coñeza máis xente, para que teña un nivel de coñecemento máis amplo e así non teña que deixar os marróns a outros compañeiros, como por exemplo a Diego Calvo, por rivalizar con el. Pero si que nos gustaría que empregasen eses recursos de todas e de todos en campañas de sensibilización para que a xente teña información e se poida acoller máis nenos e nenas.

Con todo o que se avanzou grazas ás asociacións, aínda non é suficiente, por desgraza. Estamos a falar dun incremento dos nenos e nenas a cuxos pais se lles quita a custodia que a Administración deberá analizar mediante expertos para saber os motivos e atallalos. Pero se os expertos están saturados ata o punto de informar a consellería e a Fiscalía de que non poden atender máis, que non poden máis, ¿cantos casos se poden converter en risco de desamparo e en perda da tutela, señora conselleira?

¿Non se pararon a pensar que a falta de técnicos especialistas pode ser unha das causas polas cales se incrementa o número de tutelas de nenos e nenas, señora conselleira? E espero que non responda como hai dous anos, que se retorceron os activistas pola infancia cando dixo que ese incremento era pola crise ocasionada pola pandemia, que deixaba moitas familias sen recursos. Primeiro, porque de ser así esta causa per se non é xustificación para quitar a tutela a uns pais. Iso sábeno os profesionais que traballamos pola infancia. E, segundo, porque se iso acontece o Goberno galego e vostede como máxima responsable en políticas sociais está a ser neglixente por non aportar as facilidades e recursos a estas familias con menores a cargo.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por isto, unha vez máis hoxe exiximos ao Goberno galego que duplique os equipos técnicos de menores e de servizos sociais, que aporte a formación especializada que precisan e piden e que inicie unha campaña de sensibilización de forma inmediata para dar a coñecer a posibilidade de acollemento ademais da de adopción aos galegos e galegas. Elaboren un incremento de recursos destinado a un plan de desinstitucionalización dos menores dos centros e así cumprir coa norma que ofrece esta opción como excepción e nunca como norma. Xa que, repito: en Galicia, case a metade dos nenos tutelados están en centros. Déixanos sen palabras, porque é unha cuestión que non debería suceder, incluso por norma. Está así recollido na lei estatal.

Vostede di que xa existe a campaña de sensibilización —pareceume escoitar que o dicía agora desde o escano—, pero non é suficiente. Estamos falando de algo de calado para a sociedade galega que chega a todo o mundo. Estou segura de que os galegos e galegas que estean escoitando non recibiron ningún tipo de *feedback* ou de retroalimentación do goberno galego ofrecendo información sobre este tipo de cuestións tan importantes.

E mire, señora conselleira, voulle ler a resposta que presumía agora que nos deron hai un ano. Di textualmente: «En calquera caso, é importante salientar que os servizos de protección á infancia da Xunta de Galicia manteñen o persoal técnico de intervención sen que variasen considerablemente as medidas de protección adoptadas nos últimos dez anos». Ou sexa, isto é o que é un éxito para o Goberno galego, estar igual que hai dez anos en materia de menores. Vostedes si que están desconectados, señora conselleira, especialmente dos máis vulnerables da sociedade. ¡Vostedes si que están desconectados!

Pero logo isto todo tápase, porque lamentablemente todo isto non o vemos nos medios de comunicación, porque estes menores non votan, non contan, non teñen pais e nais detrás. Pero para nós son moitísimo máis importantes. Dentro da poboación dos colectivos vulnerables —que son moitos, lamentablemente— un deles para nós é sagrado: os menores e, dentro dos menores, son sagrados os máis vulnerables, os que non teñen familia. E aí temos que estar toda a sociedade galega arroupándoos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Peche da interpelación, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente, señorías e señora Ortega.

Os menores de idade non deciden o seu fogar de nacemento; non deciden o seu contorno; non deciden cando lles tocan vivir situacións que poden aparecer ao seu redor. Son un colectivo especialmente vulnerable, porque precisan dese apoio, precisan desa axuda para coñecer o mundo e abrir o seu propio camiño.

As administracións públicas temos a obriga de velar polo seu benestar e tamén de garantir que as súas circunstancias vitais non afecten nunca o seu futuro. Para garantir esa tan ne-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cesaria igualdade de oportunidades, o Goberno galego non escatima nin escatimará nunca os recursos que fagan falta. Porque imos seguir apoiando as familias na crianza dos seus fillos; porque imos seguir mediando e imos seguir previndo tamén posibles situacións de conflito; imos seguir mellorando o noso sistema de protección dos menores para actuar en caso de que esa rede familiar falle.

Esta é precisamente a meta que perseguen todos os programas e todos os servizos que enumerei na miña intervención inicial, pero tamén daquelas axudas destinadas ao apoio incondicional a todas as familias de Galicia. (*Aplausos.*)

Ese é precisamente o exemplo da Tarxeta Benvida, que ofrece unha axuda económica directa entre mil douscentos e tres mil euros ás familias e que se pode alongar ata os catro anos de vida dun neno naqueles fogares máis vulnerables.

Ese é o caso tamén desa gratuidade de todas as escolas infantís de Galicia, sexan da titularidade que sexan e que teñen un único obxectivo: que os pais e as nais da nosa comunidade poidan conciliar, que non teñan que renunciar a traballar e poidan aforrar ata dous mil euros ao ano.

Pero tamén é ese o obxectivo do noso bono coidado, que permite contratar un servizo extraordinario de conciliación nos períodos vacacionais, como pode ser un campamento de verán. Porque para axudar e para protexer os menores de idade é necesario tamén darlles apoio e darlles facilidades a todas as familias que máis o necesitan.

Mire, señora deputada, eu xa sei que vostede non concede a virtude da bondade a ningunha persoa que vote distinto a vostede. Eu xa o sei, porque é a marca da casa socialista, pero eu pódolle garantir que a Xunta de Galicia sitúa o benestar e sitúa a protección dos menores de idade como un eixo vertebrador das súas políticas.

Os números dino ben claro: o reforzo nos recursos destinados a esta materia non fixo máis que medrar e medrar e medrar nos últimos anos. Imos seguir traballando nesta liña, para que ningún neno nin ningún adolescente de Galicia vexa perigar o seu dereito a unha infancia feliz e que poidan vivir en igualdade e, sobre todo, que poidan emprender o seu propio proxecto de vida.

Mire, señora Ortega, vostede ¿por que minte? ¿Vostede por que falta reiteradamente á verdade? Vostede di que todas as tutelas de Galicia están externalizadas. ¡O cen por cento, todas as tutelas de Galicia, son públicas, señora Ortega! (*Aplausos.*) ¡Son públicas! E os titores son os nosos xefes territoriais, os xefes territoriais da Consellería de Política Social.

Vostede tamén di que a Carballeira é un centro externalizado. ¡Se é un centro público, señora Ortega! Eu xa a escoito, por iso quedo abrumada de tantas falsidades que vostede di dende esta tribuna.

Vostede sorprendeume francamente hoxe, porque hoxe fala dende aquí de grandes deportistas; fala de que lle gusta moito Rafa Nadal. A pena é que non fale hoxe tamén dende aquí

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de grandes políticos, como para vostede era Pedro Sánchez. Vese que xa nota vostede que lle quedan os días contados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o abandono de explotacións agrarias

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Primavera seca era, pero primavera. Rombar de maquinaria ensilando, labores de corte e transporte, asilo fixo o embolado. Rombar de maquinaria na sementeira do millo, tamén o roñar do porco bravo, protexido por este seu goberno, no labor de fozar a sementeira e abrir os regos.

Unha explotación pequena; corenta vacas en muxido. Conversamos. Leite, sete céntimos de baixada nos últimos días. Prezos penso, enerxía, PAC... Futuro: sesenta e catro anos; sen remuda. Cansazo e apatía. «Mira que dúas frisoas máis guapas. ¡Boa xenética! Non están moi mantidas; estounas cebando para carne. Vou pechar. As leiras boas cédollas a Fulano e, as outras, hei mercar catro ou cinco de carne para que mas pazan. Non é que me quede moito, pero para vivir hame chegar.» Vivir, palabra chave nesta historia.

E sigo. Enfronte desta granxa hai unha construción que chama a atención —a min chámame a atención—: en cemento duns cinco metros de alto, unha construción que eu pensei que era un silo para grao e non; explícame que se trata dun silo para herba que data do ano 1963, pioneiro naquel tempo, con varias trapelas para ir metendo a herba e preméndoa cos pes. Avances pasados de moda para a alimentación de oito vacas de leite que había na casa de labregos fortes. Hoxe non; hoxe son unha explotación e outra explotación memoria dun tempo e do que puido ser e non foi.

Esta realidade repítese ao longo e ancho da nosa xeografía rural. Nalgunhas zonas é aínda peor: xa non queda a quen deixarlle as leiras. Xa non romba a maquinaria; só hai toxo, xesta, codeso e carqueixa. Abandono e máis nada.

É a realidade das políticas de corenta longos anos de maltrato dos gobernos do PP para co sector primario galego. E non me saia con macrocifras, señor conselleiro —macrocifras eco-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nómicas con número de cabezas con millóns de toneladas de produción—, porque esas cifras agochan a miseria colectiva. Miseria con maiúsculas, soidade e desespero, apatía social. Esa é a miseria, a falta de ilusión colectiva.

Estes meus ollos viron o traballo compartido e o medre común cando o prezo do leite revolucionou o agro, cando a luz brillaba nos ollos de todos e todas nós na aldea con cativos súper 55. ¿Sabe do que lle estou falando? Eses tractores Súper 55 de terceira man, que viñan de Castela, facíase marabillas con eles. As vacas frisoas, as pintas medio cruzadas, daban leite a bo prezo. Nesas condicións a xente non regateaba o traballo; hoxe si.

Mais vostedes estaban aí á espreita do negocio. Mágoa, pois, que as súas políticas, as súas xogadas e amasadas cos proxectos de industrias lácteas, as mordidas nas subvencións, a reforma da PAC de 1992, as vacas tolas... Todo iso que reafirmaba o caciquismo, o eucalipto e o abandono. A concentración das actividades en granxas con centos de cabezas. Granxas profesionais, ¡coidado! Esas políticas acabaron con esa luz nos ollos da xente.

Porque vostedes miden a economía e a vitalidade dun sector por esas macrocifras. Nós, desde o BNG, medimos polo número de familias implicadas; polos suxeitos activos e protagonistas dos procesos produtivos transformadores e comercializadores; pola vida que xera vida; polo carto que pasa de man en man e que activa a economía e a esperanza social; polas maiorías sociais beneficiadas.

Pois verá, señor conselleiro, o pasado ano 2022, a pesar de ser un ano bo para o sector lácteo, pecharon 344 granxas que, sumadas ás de carne, suman arredor de mil seiscentas que trancaron a porta. Desde que colleron o goberno en 2009, pasamos de 47.394 explotacións gandeiras a 27.663. Xa ve.

O paso dese gran xestor que lle fai as beiras a España hoxe en día e as súas políticas de abandono da actividade agrogandeira deixaron en Galicia un saldo negativo de vinte mil granxas. No período 2014-2022, oito anos, en plena lexislatura do rural, perdemos no gandeiro lácteo 5.300 explotacións.

A situación é crítica, conselleiro. Os peches sextuplican as novas incorporacións. Perdemos músculo, conselleiro, e vostede aplica a receita das aldeas modelo: unha aquí e outra acolá, caras e inoperantes para a recuperación dun músculo económico e poboacional que non vai vir con ese método.

E o máis grave: a súa política é nefasta para o rural. Continúa apostando nun país de microcifras por macroexplotacións, pola concentración de recursos e bens de produción en poucas mans mentres desertizamos o territorio.

Coas axudas pola covid —é sempre igual— e pola guerra de Ucraína vostede marxinou as explotacións de menos de dez vacas nutrices. Cando o fixeron vir en acordo dende o Tribunal Superior de Xustiza, vostede optou polos inxustos tramos. Toda unha lección de vinganza cun subsector que non ten culpa da súa ideoloxía de grandeza neoliberal.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Diante dos manifestos abusos da industria co sector da carne de vacún, vostede sacou da manga aquel protocolo con dous valedores, Unións Agrarias e Juana de Vega, para tentar sacar un coello da chistera que calmase os ánimos. Pero non resultou. Foi un fiasco, pois seguen a cobrar moi por debaixo dos custos de produción.

Sabe ben que o problema está na Lei da cadea alimentaria e sabe tamén que na derradeira reforma, no inverno de 2021, vostedes e o PSOE en Madrid non tiveron o valor político de incluír no seu articulado o mecanismo que comprometa os elos da cadea ao seu cumprimento. Chámase covardía política. Supoño que na propaganda electoral que vai haber agora, vostedes incluirán esa reforma, ¿ou non? Un grupo do BNG no Congreso dos Deputados negociaría esa emenda e forzaría a súa aprobación, porque ao Grupo do BNG pesaríalle a situación de Galicia, non a de España.

Logo veu o desprezo manifesto á produción ecolóxica. ¿Falta de previsión? ¿Falta de seguimento? ¡Eu que sei! Falta de sentido común e do mínimo respecto á xentes deste país.

Choraron e negaron 2,6 millóns de euros. Sen embargo, hai menos dun mes modificaron unha orde de axudas para beneficiar un seu amigo, InLeit. Descaro e falta de vergoña. Se non fose por esa política caciquil e coactiva no rural, non os votarían nin os corvos.

Diante dos condicionantes medioambientais da nova PAC, que non foron quen de negociar e de faceren valer as nosas necesidades e singularidades, andan levando polo país unha santa misión de revolta contra... ¿Contra que, conselleiro? ¿Contra quen? ¿Contra nós mesmos?

O respecto polas boas prácticas agrícolas é inescusable neste presente e no futuro. Falamos da nosa alimentación, do que comemos e bebemos. Falamos dunha partida a vida ou morte co cambio climático. É serio, señor conselleiro, moi serio.

Non é o respecto polo medio ambiente, nin a Rede Natura, nin os bichiños eses —como falan despectivamente nas prédicas desas santas misións— quen condicionan a nosa agrogandaría. Non é Europa que se pega un tiro no pé; o tiro no pé da agricultura deste país son vostedes, o Partido Popular. (*Aplausos*.) Sonlle as cianobacterias, as cianotoxinas que vostedes ocultan canto poden. Sonlle as concentracións excesivas de UGM nalgunhas zonas do territorio. Sonlle o xabaril que non xestionan e deixan que campe a pracer; os cartos do lobo que non usan por vinganza política; a falta de promoción e de centros de capacitación agropecuaria; o desleixo que teñen pola investigación agraria; os lazos interesados con Ence; a falta de promoción da actividade agropecuaria como actividade empresarial rendible; a falta de deseño de recursos nos polígonos agroforestais que sustenten medianas e pequenas explotacións agrogandeiras; a falta de deseños de primeiras liñas de combate contra o lume con cortalumes gandeiros verdes.... Son a negación da realidade.

Porque, conselleiro, dos orzamentos da súa consellería deixaron sen executar nese 2022 164.973.000 euros. Desglose: mellora da calidade da produción agroalimentaria, de 15 millóns de euros só executaron 6 —sobran 9—; modernización e diversificación do tecido produtivo, de 132 millóns só executaron 63,5 —sobran 68,5—; fixación de poboación no rural, de 35,5 millóns só executaron 26,5 —sobran 9—. ¿Sobran, conselleiro? ¿De verdade

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vaime dicir que é por falta de cartos polo que non están facendo nada que pague a pena? Porque a realidade exixe, se queremos saír deste suicidio anunciado, un plan integral de recuperación do rural en toda regra, comezando por pagarlle ao produtor ou produtora o que lle corresponde polo seu traballo. Iso é o primeiro. ¡Déixense de subvencións, iso é o primeiro!

Non se trata dunha axuda máis. Esa AICA galega tan cacarexada debe deixar de ser unicamente un teléfono na man do director xeral e ser un instrumento de presión para establecer unhas regras no xogo que poñan a cadaquén no seu lugar.

¿Como se entende que haxa demanda de leite e que os prezos na distribución non baixen desde hai meses e que a industria baixe ata sete céntimos ao produtor? ¿Como se entende, conselleiro? ¿Teñen patente de corso para esganar os produtores? Porque se non se lles paga o mesmo prezo por quilo de leite e se discrimina as pequenas e medianas produtoras, ¿por que se fai isto?

¿Que sabemos do Decreto de xurros? ¿Algún movemento de parte da consellería a favor da racionalidade e da singularidade do noso campo? E do ecolóxico, ¿hai algo? ¿Hai algo para paliar o dano feito pola súa consellería no pasado 2022? E do banco de explotacións previsto na Lei de recuperación de terra agraria, ¿sábese algo? En 2011 vostedes estaban, seica, desenvolvendo unha aplicación informática para xestionalo. Permítame un consello: Juana de Vega xa a tería desenvolvido, ¿ou non?

Señor conselleiro, ¿que medidas ten pensado adoptar ese Goberno galego do que vostede fai parte para frear e inverter a tendencia ao acusado abandono de explotacións agrarias? Élle tempo. O tempo leva anos xogando en contra de nós e despois non vai haber remedio. Polo menos, non vai haber un remedio para as maiorías deste país e para que o país frutifique e volva dar o que sempre deu: alimentos, alegría e dinamismo económico.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu, a verdade, en primeiro lugar, señor Rivas, é que non sei por onde empezar, porque como aproveita estes dez minutos para disparar todo o que ten na cartucheira non sei exactamente. Pero eu diríalle, para poñernos en situación, que volvemos a un novo capítulo de teimas e contradicións do Bloque Nacionalista Galego.

Hoxe a teima do señor Rivas é que a apatía e desleixo da Xunta trae consigo o abandono de explotacións. E a contradición —que non a mencionou; suponse que só a escribiu— é que todo iso ten que ver coa falta de superficie agraria útil, pero foi o que recomendou votar en

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

contra da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Polo tanto, teimas e contradicións que nos obrigan loxicamente, señor Rivas, a dar datos. Porque ¡só faltaría!

Pero tamén permítame que lle diga con claridade que esa visión catastrofista a quen está prexudicando é aos nosos agricultores e gandeiros, que son os verdadeiros xestores do territorio e os defensores do territorio. *(Aplausos.)* ¡Deixen, por favor, de seguir con esa visión catastrofista! E non se quente na réplica —e deixe, por favor, de facelo—, porque hai moitos agricultores e gandeiros —tamén das sesenta explotacións que ten no seu concello— que están dicindo precisamente iso: que, por favor, os políticos deixemos traballar os agricultores e gandeiros.

Eu vou dicirlle as políticas, que estou seguro que o que pasa é que non as queren ver. Pois imos acreditar con datos, porque é o que me queda aquí. E se algún día quere un debate máis preciso sobre que facer en vez de estar todo o rato criticando as nosas medidas, pois aí pódenos encontrar para traballar.

O que si lle podo dicir, e que acabo de ver, é que Galicia non é tan curta de miras como o está sendo vostede con ese discurso. Por empezar, na exposición de motivos —porque eu adoito ler as interpelacións— di: «O sector leiteiro mantense estable con rendementos aceptables». Só faltaría que dixese outra cousa; agora aquí dixo o contrario.

Pero imos dar datos sobre iso e algo terá que ver a Administración autonómica que está xestionando e que ten as competencias nesta materia. Eu supoño que algo tería que ver a Administración autonómica en que Galicia manteña o peso nacional en canto ao número de explotacións lácteas. O 56,4 por cento das explotacións de España non é cuestión dos biosbardos; tamén ten algo que ver a Xunta. Oia, que as explotacións leiteiras de Galicia manteñan cada ano un crecemento constante, sendo nestes momentos —e é para presumir— a rexión que máis aumenta a produción das rexións europeas con producións similares non é azar, fortuna nin casualidade; é xestión e xestión da boa. Por suposto —e dígoo aquí con claridade—, xestión extraordinaria dos nosos gandeiros de vacún de leite, que podemos presumir de que son nestes momentos a mellor representación da gandaría de vacún de leite en toda Europa. *(Aplausos.)*

E por certo, estes datos, señorías, que lles dou son datos actuais. Na exposición de motivos do señor Rivas tiveron que tirar dun informe que atende aos anos 2013 e 2016. Home, collan a Estratexia do sector lácteo, que a fixemos nós, e polo menos léana; é con datos do ano 2020.

A teima, señorías, é que en Galicia quedan menos explotacións hoxe que hai quince anos, cando gobernaba, por certo, o Bipartito. Pero esquécense, señorías, de que hoxe producimos máis e mellor dende logo que hai eses quince anos. E ademais esquécense, señorías, de entender que este é un proceso de concentración que se está dando en todo o territorio nacional e europeo.

Pero, señor Rivas, agora vaime vir con macrogranxas. Falou de granxas de centos de vacas. Volvo repetir, en Boimorto —que coñece vostede ben— sesenta explotacións; teñen cada

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha cincuenta e dúas vacas de media. Xa me dirá despois no turno de réplica se iso é macrogranxa ou que. O que si é certo é que hai menos explotacións —non pode ser doutro xeito— pero temos aínda —para que conste e é importante— case un terzo de todas as explotacións de vacún de España, tanto de leite como de carne.

Nestes anos, de 2015 a 2022 —que son os datos máis actualizados—, pasamos de 2,5 millóns de toneladas en produción de leite —con esa baixada de explotación, señoría— a máis de 3 millóns de toneladas no ano 2022.

Pero, o que é máis importante, este proceso de concentración —e a min gustaríame preguntarlle a todos os que están aquí e me están atendendo— supuxo que de 2015 pasásemos de 276 toneladas por explotación —276.000 litros— a 480 toneladas por explotación en 2022. É dicir, duascentas toneladas máis por explotación, o que supón unha facturación media, señorías, do arredor de trescentos mil euros. Pero ¿isto é bo ou malo para as explotacións gandeiras galegas? Señor Rivas, ¿é bo ou malo que facturen trescentos mil euros?

E como vostede sempre nos trae aquí o de centos de vacas en muxidura e tal, todas estas cuestións, eu dígolle tamén o dato. ¿Cal é a explotación media de Galicia nestes momentos, señorías? Cincuenta e dúas vacas en muxidura, ¿iso é unha macrogranxa, señor Rivas? Non mo dixo na anterior comparecencia, acláremo agora. Ou sexa, a explotación media é de cincuenta e dúas vacas en muxidura. Por certo, aínda vinte vacas menos que no resto de España. Polo tanto, o que hai é un proceso de concentración no que ademais as cifras que vostede está dando non se corresponden coa realidade.

Miren, con datos da Estratexia tamén, os datos aos que vostede aludiu de 344 granxas que desapareceron no ano 2022, en 2019 eran 719. Fixemos a análise, porque eses son os NIF que deixan de entregar leite. Deses 719, 331 pasaron á carne —o que dicía vostede, que algún pasa evidentemente á carne—; outros seguen entregando leite con outro NIF, 277; e ademais houbo novas incorporacións —grazas tamén ás axudas de incorporación da Xunta de Galicia—, 256. O saldo é que só desapareceron nese ano de 719 —que eran os seus datos—, 121. Están na estratexia do sector lácteo. Se aplicamos o mesmo criterio ao ano 2022, o resultado que teriamos sería 12 granxas en abandono das 344.

Polo tanto, o que digo e repito claramente —e gustaríame que todos compartísemos isto— é que asistimos nestes momentos a un proceso de concentración que non é malo, porque viñamos dun número moi baixo de vacas e necesitamos que as nosas explotacións teñan rendibilidade. Pero isto calquera que estea aquí e saiba o que é unha actividade empresarial, unha actividade económica —que é o que teñen os nosos gandeiros—, sabe perfectamente que estamos a falar de que requirimos unha facturación mínima para ter esa rendibilidade —na que si estamos de acordo, señor Rivas— que requirimos todos para os nosos agricultores e gandeiros.

Repito, explotación media en Galicia nestes momentos, vinte vacas por debaixo de España, cincuenta e dúas vacas en muxidura e vinte e catro vacas en recría ou novillas. E, polo tanto, estamos falando dunha explotación nestes momentos de trescentos mil euros cunha boa marxe. Estamos falando de que hai seis mil cincocentas familias en Galicia que están factu-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rando de media trescentos mil euros cunha boa marxe, e atendendo máis de duascentas mil hectáreas de superficie agraria útil. ¿É para estar satisfeitos ou non? ¿Ou para dar esa mensaxe totalmente catastrofista do señor Rivas?

Porque tamén temos que falar doutra cousa, o prezo, que é o fundamento da rendibilidade. Pois, señorías, fronte ao que dicía o señor Rivas, o que teño que dicir é que no mes de marzo do ano 2022 estabamos cun prezo de 58,5 céntimos o litro. É dicir, un cincuenta e catro por cento máis, señor Rivas, que o mesmo mes do pasado ano 2022; un setenta e oito por cento máis respecto do mesmo mes do 2021.

Pero, ¿saben vostedes, fronte aos 58 de agora, canto se pagaba en 2009 tras esa Arcadia feliz do Bipartito? Dígollelo eu: 28 céntimos, señor Rivas. ¡Vinte e oito céntimos! *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pois se é mentira acredíteo con datos, como estou facendo eu. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Dixen 2009, señor Rivas, logo desa Arcadia fantástica. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Mentres vostedes perden o tempo volvendo sempre cara ao pasado nós temos que facer futuro. É unha diminución das explicacións... *(Aplausos.)* Non, non, se podemos falar de calquera cousa; podemos falar ata das concentracións parcelarias que fixeron nesa Arcadia feliz. Home, despois falamos diso, que nos queda tempo para a superficie agraria útil.

Nós traballamos —evidentemente, co apoio tamén, por suposto, dos nosos gandeiros; isto non se fai só coa Administración autonómica nin coa Administración central— nunha estratexia de dinamización do sector lácteo no ano 2020 que apostase pola transformación en Galicia. Porque se non traemos esas industrias que tanto deosta vostede, señor Rivas, o que non van facer despois é traer leite de fóra, como de feito está pasando.

Temos o obxectivo de chegar ao setenta e cinco por cento de transformación en Galicia sen mirarlle o DNI a ningún deses empresarios, que o que están facendo é comprando e pagando ben o leite de Galicia. E se me pregunta a min se o prezo é o axeitado, eu o que pido e pídoo claramente nesta Cámara é que a industria nos leve a unha senda de estabilidade, que se manteñan os prezos no entorno de rendibilidade requirida polos nosos gandeiros. Iso é o que nós defendemos. Pero isto permítenos hoxe afirmar con toda claridade que o traballo conxunto das administracións e dos nosos gandeiros fai que Galicia sexa un referente tanto en cantidade como en calidade do leite a nivel europeo.

Gustaríame tamén dedicar esta última parte da exposición a falar das medidas, por suposto, do vacún de carne, que é un sector que está sufrindo bastante máis que o do vacún de leite. E xa lle advirto ademais que ten que ter un proceso de concentración, porque é o lóxico para poder ter rendibilidade. Señor Rivas, se apoiamos que os nosos agricultores e gandeiros vivan do seu negocio, da súa actividade empresarial requirimos un tamaño mínimo para que iso se produza.

Por certo, cando se fala de maltrato —pregúntelle aos seus compañeiros do Partido Socialista—, maltrato foi o Decreto da seca que deu un vinte e cinco por cento das axudas directas

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aos gandeiros galegos respecto do resto do territorio. Diso falaremos seguramente na resposta da pregunta que me farán despois.

Por darlle datos tamén, porque os pide e eu quérollos trasladar. Este ano aos gandeiros de vacún de carne —no que ten a capacidade a Xunta de Galicia, que son as axudas directas da PAC do primeiro e o segundo piar e o segundo piar decídeo a Xunta de Galicia— ímoslles trasladar cento catro millóns de euros, que non son suficientes pero é unha cifra relevante: sesenta millóns de euros do primeiro piar, trinta millóns de euros do segundo piar —no que subimos dez millóns de euros tamén para ese ecolóxico que dicía vostede— e catorce millóns de euros dunha axuda extraordinaria que veu efectivamente da activación do cinco por cento do Feader, pedido pola Xunta de Galicia e conseguido polo Ministerio en Europa, pero que supuxo que nós decidísemos que eses catorce millóns de euros tiñan que ir precisamente ao vacún de carne.

Como non fixo o Goberno central o ano pasado coas axudas extraordinarias. Porque nós dixémoslle que tiñan que vir cartos para Galicia, pero que tiña que ter capacidade a Xunta de analizar cal era o sector máis afectado, e aí claramente viamos todos que o sector máis afectado era o vacún de carne.

Xestionamos o ano pasado eses 8 millóns de euros que —como digo, eran insuficientes— viñeron do Goberno central. Pero tamén na pandemia durante o ano 2020 aprobamos nove millóns de euros de axudas extraordinarias para este sector.

Ademais de todas estas axudas directas —penso que xa falamos de axudas dabondo e digo «nunca suficientes», porque a clave aquí é manter un sector extraordinario como é a gandería de vacún de carne en extensivo en Galicia e eu trasládoo con toda claridade— fixemos máis cousas. Puxemos en marcha a Estratexia de dinamización tamén do sector cárnico de Galicia que, como a Estratexia do sector lácteo —xa sei que a vostede non lle gusta isto—, trae consigo unha aplicación informática para o cálculo dos custos de produción que é a liña para poder conseguir a aplicación efectiva da prohibición de venda a perdas que se escribiu nunha lei sabendo que non se podía cumprir. Así llo trasladamos en múltiples ocasións ao ministro. Seguimos loitando para que se poida traballar a través da toma de datos dos nosos gandeiros polas aplicacións informáticas que lle estou trasladando.

Pero gustaríame tamén, xa para rematar, dicir que ademais diso, e pensando no medio e longo prazo, puxemos en marcha o protocolo de entendemento entre toda a cadea de valor da carne para frear a venda a perdas. Isto supuxo unha suba nun ano —insuficiente, si, pero unha suba— de máis do vinte por cento do prezo en orixe.

Puxemos en marcha una campaña de promoción de Ternera Gallega Suprema, que penso que todos podemos admitir que foi unha boa campaña: 1,4 millóns de euros. Apoiamos, como non pode ser doutro xeito, as razas autóctonas con ata seis convenios por tres millóns de euros e traballamos, como non pode ser doutro xeito...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...pedíndolle ao Goberno central que cumpra coas obrigas da Lei da cadea alimentaria.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Deixo para a seguinte quenda, por suposto, o tema da superficie agraria útil, que aí seguro que nos entenderemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, ¿quen volve ao pasado interesado? ¿Quen volve aquí? ¿Vostedes ou nós? Vostede volveu ao 2009. ¿Por que non volveu ao 2008? ¡Claro! ¡Caramba! Total eran uns meses nada máis. Foron uns mesiños; vostedes encargáronse neses mesiños de darlle a voltiña a todo. Pero en fin, deixemos esas cousiñas; son augas pasadas que non moven ningún muíño e nin sequera serven para beber.

Vostede fala do proceso de concentración. ¡Que bonitas palabras! Pero do proceso de concentración é do que lle estou falando eu: pecha este e as súas terras pasan ao máis grande. ¡Claro! E quedan unhas poucas para pacer un pouquiño porque son as que están á beira da casa, non vaia ser que as cóbregas e as silvas nos rodeen a casa, que si é certo en moitos concellos; porque non se traballa, non se cumpre a norma.

Vostede non quere entender a pregunta de interpelación. Mire, para que me entenda mellor, señor conselleiro. «Galicia perderá un trinta e cinco por cento de superficie agraria útil de aquí a 2030. A Coruña, Lugo e Ourense enfróntanse ao maior abandono absoluto e relativo de terras agrícolas de España». Non o di o BNG, dío o Centro Común de Investigación da Comisión Europea nun informe. Punto. Lugo, o corenta e catro por cento; A Coruña, o corenta e dous; Ourense, trinta por cento; e Pontevedra o vinte e seis por cento ¿Que lle parece, señor conselleiro? ¿Que lle parece?

Mire, a visión catastrofista... Eu asistín á visión catastrofista que dan vostedes interesadamente en períodos electorais e despois. A visión catastrofista dérona un conseguidor, que é conselleiro, o señor Balseiros —si, si, si, si, si; conselleiro non, perdón, director xeral, descúlpenme o lapso— xunto cun técnico da consellería falando da PAC. Alí dixo de todo menos algún ánimo e a xente saíu derrotada. Ese é o derrote; iso é o porqué non hai continuidade nas explotacións. Porque o futuro que vostedes pintan é absolutamente incerto, porque o futuro non é posible, segundo vostedes din. O futuro é concentración de explotacións; ¡macroexplotacións! Claro que as de cincuenta vacas en muxido non son macroexplotacións, ¡pero as de cincocentas si, e as de seiscentas si! E a iso tendemos, señor conselleiro.

Os polígonos agroforestais, ¿a quen van beneficiar? ¿Para quen son? ¿Para pequenas e medianas explotacións? Vostede nin sequera mira. ¿Van ser para pequenas e medianas explotacións? E este territorio ¿que marca? ¿Neste territorio hai algunha finca de máis de seis ou sete hectáreas continua? Este territorio marca pequenas e medianas explotacións rendibles, porque é que o triste é que esa explotación da que lle falaba e a maior parte das que pechan

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

son rendibles e non teñen futuro. ¿Sabe por que? ¡Porque vostedes néganlles o futuro coas súas trécolas, coas súas historias, co seu «rebentar a Sánchez»!

E despois do rebente de Sánchez, se é que o conseguen —os deuses non o queiran—, ¿vostedes van meterlle man á Lei da cadea alimentaria? ¿Vai ser vostede capaz de comprometerse aquí neste Parlamento, que é a soberanía do pobo galego, a articular unha reforma da Lei da cadea alimentaria que contemple un mecanismo que comprometa —xa non digo condicione; comprometa— a industria e a distribución a pagar prezos xustos á produción? ¿Vai ser capaz de comprometerse aquí? Esa é a miña pregunta agora. Comprométase, porque esa é a nai do año. A nai do año é que os produtores teñan un prezo xusto, que reciban un prezo que compense a súa actividade agroeconómica. E punto. ¡Non hai máis!

Eu míroo a vostede soamente. Vostede falaba para o seu grupo, porque é o único que o entende. Non sei se o entende, pero o único que lle di que si. Señor conselleiro, ¿vai ser vostede capaz de comprometerse aquí a facer esa operación cunha lei que leva non sei cantas reformas? Por certo, ese precepto, que é soamente no papel, non llo adxudique a Sánchez; adxudíquello ao seu Goberno en Madrid. Porque desa lei da cadea alimentaria a primeira reforma fixérona vostedes e deixárona no aire para rirse da xente, porque é o único que trouxo.

Señor conselleiro, segundo a Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia 2022-2030 da súa consellería as explotacións con menos de dez vacas nutrices non son profesionais e, polo tanto, están condenadas á extinción. Pregunta: ¿como pensa esa consellería substituír a imprescindible xestión que fan no territorio? ¿Por brigadas de incendios? ¿Que pensan facer con esas dez mil familias? Porque vostedes traen aquí sempre as oitenta mil familias que reciben algún ingreso de Ence. Eu tráiolle dez mil familias. ¿Que van facer con elas? ¿Mandalas ao paro? ¿Van darlles unha subvención pequeniña para que vaian resistindo? ¿Como van facer? ¿Que van facer? E o territorio que deixan de xestionar, ¿que? Esas necesarias pequenas e medianas explotacións punteiras en primeira liña do combate ao lume e á biomasa crecente, ¿onde están? ¿Con esas van tamén facer concentración de explotacións?

Señor conselleiro, o territorio galego é variopinto e ten diversas solucións que esa consellería que vostede preside de momento terá que contemplar na súa variedade e na súa riqueza. E vostede non o fai. Porque vostedes só miran as cifras económicas, sobre todo esas cifras económicas das que o irmán do señor Baltar falaba, eses doce por centos e esas historias, porque se non non ten explicación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Mire, cento sesenta e cinco millóns de euros que vostedes deixaron sen executar. Iso tiña unha cantidade de grandes buratos que tapar: o do ecolóxico, o das novas incorporacións... ¿Por que o deixaron así? ¡Home claro, señor conselleiro!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, ¿por que da nova orde de axudas vostedes quitaron ese precepto que era o que condicionaba as industrias a pagar medianamente ben? ¡Porque

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

InLeit transgredía os contratos e vostedes sacan o precepto que estaba na orde de axudas do 27 —creo que é— de xaneiro para favorecer unha soa empresa! O resto do tecido empresarial transformador non se queixaba.

Señor conselleiro, é moita cara dura o da súa consellería. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche da interpelación, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Señor Rivas, permítame dicirlle que eu poderei mirar para ao lado do hemiciclo que me pete a min a gana. ¡Digo eu, ata aí poderiamos chegar!

E podería apuntar algunha das moitas cousas que di vostede para poder ter despois a referencia. Porque ás veces esquécenseme as cousas; escoito tanto que se me esquece e, entón, trato na medida do posible de apuntalo para poderllo trasladar. Pero se imos mirarnos aos ollos, non hai problema ningún, que eu podo dicir todo o que digo con moitísimo orgullo, sobre todo polos nosos agricultores e gandeiros e o traballo que están a facer pola xestión do territorio, señor Rivas. *(Aplausos.)*

Eu serei, é certo, un home de números. Falarei de actividade económica, falarei de rendibilidade... Pero cando falo cos gandeiros que votan Partido Popular, Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego ou calquera outro pídenme precisamente que fale diso. Por iso eu, que os represento na medida do posible, porque son o representante ou o responsable da consellería que ten as competencias nesa materia, falo desta maneira. E estanme pedindo que falemos disto. Porque, ademais, cando xa no sector do leite temos seis mil catrocentas explotacións facturando trescentos mil euros de media xa temos que esgotar o debate. Falamos de seis mil catrocentos empresarios, o cal é *buenísimo* para o rural galego.

E temos que ir, dígollo con claridade e así imos traballar, a unha senda de estabilidade no prezo do leite. O ano pasado houbo unha suba extraordinaria derivada do incremento de custos de produción. Non será suficiente, pero agora temos que ir a una senda de estabilidade, sobre todo para un problema que nos afecta e nos preocupa a todos, que é a remuda xeracional. Haberá remuda xeracional cando haxa estabilidade no prezo, non subas e baixadas importantes. E, polo tanto, nós dende logo estamos traballando no marco da Estratexia nesa liña.

Señorías, por favor, por poñelo en situación, esas explotacións que di o señor Rivas de menos de dez vacas —imos poñer dez, que é o rango máis alto— producen seis becerros ao ano, douscentos cincuenta quilos cada un —e estou sendo xeneroso— son mil quiñentos quilos a seis euros —aínda que sexa a sete euros— son dez mil euros de facturación. Pero, ¿que negocio é ese, señor Rivas? ¿Que negocio é ese? Estamos falando dun sector gandeiro de vacún de carne. Pode haber xente que teña unha actividade complementaria con catro ou

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cinco becerros, pero iso non é o sector. E nós o que dicimos é que o sector ten que estar composto por un grupo de gandeiros profesionais cunha boa facturación que atendan a base territorial que están atendendo e, por certo, grazas polo traballo que fan na defensa e na loita contra os incendios forestais todos eses gandeiros atendendo esa terra.

Polo tanto, non quita que poidamos apoiar unha agricultura, unha gandaría a tempo parcial a necesaria profesionalización dos sectores. E que a min cústame ata trasladalo con máis claridade. É no que estamos traballando. Non fale, por favor, de macrogranxas coa que está caendo e co que escoitamos con algún que ten unha ideoloxía parecida á súa en Madrid e o que pode supoñer para Galicia. Estamos a falar de explotacións, seis mil catrocentas explotacións de tamaño medio cincuenta e dúas vacas, vinte menos que no resto de España e bastante menos que no resto de Europa. É un sector extraordinario e temos que presumir del. O que non podemos facer é estar afundíndoo precisamente aquí na sede que representa todos eses gandeiros, señor Rivas. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Entón o que digo eu ademais, curiosamente —que teño tamén os datos da Estratexia que lle pediría que os mire con claridade— é que o segmento de explotacións gandeiras de máis dun millón de litros —que son esas supostas macrogranxas e que volvo repetir que están moi por debaixo da media europea— son os rapaces máis xóvenes, o cal é motivo de ledicia tamén. Porque están vendo que por esa vía poden ter, dende logo, unha dignidade que vén pola renda que lles produce o seu produto. É o único no que estou de acordo con vostede, que isto vai de acadar un prezo axeitado polos produtos.

Pero nesa liña, señor Rivas, eu dígolle con claridade que —por certo, cáusame bastante ledicia que vostede xa presupoña que nós imos gobernar dentro dun mes en Madrid e que imos poder cambiar a Lei da cadea alimentaria— goberne quen goberne en Madrid defenderei sempre o mesmo: que a prohibición de venda a perdas ten que contar con mecanismos xurídicos que permitan o seu cumprimento específico. Espero que vostedes fagan o mesmo. Levo dicíndoo dous anos en cada conversa que teño co ministro; dicíndolle que lexislaron para que non se cumprise.

É unha realidade e por iso nós puxemos en marcha a Conta Carne e a Conta Láctea. Eu expliquéillelo ás organizacións agrarias ligadas á súa ideoloxía e non acaban de entender que a única liña de defensa dos nosos gandeiros, señor Rivas, é ir por informes referidos a partir dos datos de todos as gandarías; non podemos ir gandaría a gandaría. Polo tanto, estamos totalmente de acordo no problema e temos detectada unha solución. ¡Apoien esa solución por unha vez!

Eu non podo marchar de aquí sen comentar a última contradición importante, a da superficie agraria útil, porque ten moito delito, señor presidente. Entón, déixeme que lle diga, en primeiro lugar, que vostede contra o seu criterio está nun grupo que votou en contra dunha lei que precisamente traballa para cubrir esas carencias. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pero mire, aínda que só fose por atribuír a facultade de investigación da terra rústica de Galicia ao Goberno da comunidade autónoma fronte ao Goberno estatal bastaría para, como

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mínimo, absterse. Sen embargo, votaron en contra dunha lei que en dous anos, señorías, con instrumentos totalmente novidosos dinamizou e puxo en marcha procesos de reestruturación de dez mil hectáreas. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Preguntaba vostede —perfecto, porque como imos dar datos— para quen son eses polígonos. Vences en Monterrei; vinte e dúas hectáreas para viñedo para viticultores que se teñen que incorporar en Monterrei. Oímbra; vinte e cinco hectáreas para viñedo e para horta para recuperar o pemento de Oímbra. Cualedro; sesenta e cinco hectáreas para a gandaría en extensivo, para gandeiros en extensivo dos nosos, deses que di tamén vostede de tamaño pequeno. Barzamedelle en Leire; cento corenta hectáreas para viñedo e unha explotación multifuncional, porque vai haber tamén tema de frutais. Cerdedo-Cotobade; sesenta e cinco hectáreas para a plantación de mazás para a xente da Estrada, que non son tampouco ningunha macroempresa. Xa non sei como dicirlle todo o que estamos facendo e para quen o estamos facendo. Vostede... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, señor Rivas!

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...nun proceso de reordenación que vai utilizar as permutas de especial interese agrario para facer fincas máis grandes para a multitude de gandeiros de leite que están nese polígono tamén de Curtis; igual que o traballo que estamos facendo en Xinzo de Limia. Evidentemente, partimos dunha base territorial moi pequena, e o que estamos tratando de facer son procesos de reestruturación.

Miren —e remato xa, señor presidente—, 29 concentracións parcelarias, 24.000 hectáreas decretadas dende o ano 2020, 10.000 hectáreas nos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria e 1.500 hectáreas ao rematar este ano no Plan de pastizais. Son máis de trinta e cinco mil hectáreas mobilizadas nesta lexislatura. Se iso non é entender que hai un problema de superficie agraria útil e que o estamos tratando de atallar cos instrumentos legais que temos e que debían ser apoiados por vostedes, veña aquí explicarme o que é, entón.

Máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Outra vez... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Non, non pido educación, (*Risos*.) digo que veña o conselleiro de Educación. ¿Xa está aí? Bueno, continuamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

Interpelación de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente, e moi bo día a todas e todos.

Bo día, señor conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos xa practicamente na recta final, nos últimos días da fin deste curso escolar, e polo tanto e por desgraza, temos que lamentar que, a pesar de que o Grupo Socialista ten traído durante todo este curso, pero tamén durante toda esta lexislatura de contexto socioeconómico complicado, iniciativas, preguntas a este pleno —tamén a comisión—, dende a Xunta de Galicia recibimos —non nós, senón as familias, a mocidade, o estudantado galego— o silencio como resposta. Lamentamos que dá igual da crise da que falemos —despois da pandemia, da crise económica, da suba dos prezos, da enerxía, da luz, do gas, dos combustibles, da inflación— porque nunca atopamos esa resposta que faga valer esa obriga que teñen todas as administracións, ese mandato constitucional de facer da educación algo gratuíto; un mandato que non só obriga —como sabe vostede— ao acceso á educación de todos aqueles estudantes na etapa obrigatoria, senón tamén á permanencia; que, por razóns socioeconómicas, non se vexa ameazada esa permanencia no sistema educativo.

E, por desgraza, esta situación socioeconómica xa está a dar, por certo, froitos en negativo para o estudantado galego. Durante todos estes anos ten vostede comparecido neste Parlamento para parabenizarse, afortunadamente, de que, como sabe vostede, se reducise a taxa de abandono escolar progresivamente, unha tendencia que tamén estaba acontecendo noutros territorios, pero, efectivamente, nos últimos anos estábase a constatar como se ía reducindo progresivamente, sostida no tempo, ademais, esa taxa de abandono escolar. E esta situación económica xa está a ter efectos negativos, e sabe vostede que por primeira vez as cifras oficiais falan de que aquí, en Galicia, o pasado ano, o pasado ano 2022, por primeira vez aumenta esa taxa de abandono escolar entre os mozos e mozas de entre 18 e 24 anos ata case un dez por cento. A tendencia positiva que se viña sostendo, como dicimos, nos últimos anos, viuse freada, e isto ten, directamente —sabe vostede— como resposta a situación socioeconómica que están a padecer os mozos e as mozas galegas e as familias.

Polo tanto, nós falamos, en definitiva, hoxe, de algo tan básico como de facer efectivo ese dereito en todo o seu espectro, acceso e permanencia no sistema educativo, de que precise de mecanismos que son de sobra coñecidos: exención de taxas, prezos públicos, compensación de gastos e mobilización de novas bolsas e axudas ao estudo. Pero este piar básico —como diciamos—, por desgraza, e no medio deste contexto complicado, non goza da atención do Goberno galego, aínda que pensamos que estamos a tempo de reverter esta actitude. Pola contra, contrastar a situación —e son feitos cuantificables— co que se está a facer desde o Goberno do Estado, en canto ao programa de bolsas e axudas extraordinarias —como diciamos— é sinxelo. O Goberno do Estado ten asumido nestes últimos tempos —nesta lexislatura e nestes últimos meses—, e ademais teno materializado en recursos nos orzamentos, ese compromiso necesario coa dimensión social da educación. E, como dicimos, é un compromiso tanxible, señor conselleiro, en orzamento; en orzamento, pero tamén en medidas e en créditos extraordinarios como os que se aprobaron este ano 2023.

Diciamos que nos últimos tres anos, ademais dese orzamento, puxo un 70 por cento máis só no programa de bolsas e axudas ao estudo que o último orzamento do Partido Popular; un 70 por cento máis. Estamos a falar de máis de 2.500 millóns de euros no actual orzamento para axudas e bolsas ao estudantado, señor conselleiro. Pero, ademais, nestes últimos tres anos —como sabe vostede— tamén se procedeu a unha reforma dese sistema de bolsas e axudas para axilizar e para facer máis asequible tamén que un maior número de estudantes

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e de familias se beneficiasen desas axudas: na redución dos requisitos académicos, na elevación do limiar de renda familiar ata case equiparalo co limiar da pobreza, no incremento en 100 euros de determinadas contías, no incremento ata os 23 anos de todos aqueles fillos ou fillas de vítimas de violencia machista, incrementando que ata os 23 anos poidan tamén beneficiarse de bolsas e axudas ao estudo, tamén aumentando dende o ano 2020-2021 cada curso progresivamente ese alumnado con necesidades específicas, como o alumnado de espectro autista, o que ten problemas de comunicación e linguaxe e que poidan acceder de xeito adicional tamén a un maior número de axudas.

Só no primeiro orzamento do Goberno progresista se aumentou en case 500 millóns de euros ese programa de bolsas e axudas, que, insistimos, está na actualidade un 70 por cento —en tan só tres anos— por riba do último orzamento do Partido Popular.

É a obriga —claro que si— que ten o Goberno do Estado, pero esa obriga tamén a ten a Xunta de Galicia no marco das súas competencias en educación. Pero é que, ademais, solventouse unha das grandes demandas, das eivas históricas que había do sistema de bolsas e axudas: procedeuse á revisión dos calendarios e prazos na presentación tamén de solicitudes; de feito, o pasado 17 de maio abríase xa o proceso de solicitude de bolsas e axudas para o vindeiro curso, porque o estudantado, no marco desta situación socioeconómica, precisa certezas, precisa comezar o curso sabendo se van ser beneficiarios ou non desas bolsas e axudas.

Polo tanto, máis fondos, máis facilidade para acceder a todo tipo de axudas e bolsas, axilidade e certezas, como diciamos, para o estudantado e reforma en contía, pero tamén na flexibilización para todo o estudantado a nivel estatal.

E estes, señor conselleiro, como dicía, son feitos tanxibles nunha reforma ambiciosa, pero, tendo en conta a conxuntura socioeconómica que nos sacode —diciamos—, tocou ir máis alá aínda. Este 2023, este mesmo ano, dotouse con 200 millóns de euros un crédito orzamentario para axudas ao estudo por necesidades extraordinarias para axudar aquelas familias con fillos e fillas que precisan residir fóra dun domicilio familiar. Unha medida da que se benefician, sobre todo, estudantes da contorna rural, como na nosa comunidade.

Por certo, nós temos apoiado esa petición das ANPA galegas e das familias, que piden un plan específico para o rural para eliminar as desigualdades que sofre o estudantado do rural, e atopámonos co voto en contra do Partido Popular, mesmo desacreditando ese traballo rigoroso que teñen feito as ANPA galegas. E tamén aumentamos as axudas na bolsa de residencia ata os 2.500 euros, fronte aos 1.600 do curso anterior. En definitiva, son medidas orzamentarias, pero tamén medidas extraordinarias ante esta conxuntura, como diciamos.

Pero outra vez nós chegamos aquí, a este Parlamento galego, no mes de xuño e atopámonos —como diciamos— co silencio. Pedimos que nos expoña medidas concretas. Agora, este ano, chegamos tarde, pero, como diciamos, temos a volta de curso aí, señor conselleiro. E ademais de mecanismos extraordinarios para que ese estudantado, sobre todo na etapa postobrigatoria, non teña que abandonar esa formación, insistimos, cada vez son máis as comunidades autónomas —Andalucía, Madrid, que é para vostedes un exemplo, Navarra, A Rioxa, que terminou tamén este curso de implementar este sistema— que teñen este sistema

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de gratuidade de libros de texto. Tamén Estremadura. E aquí, ¿a que estamos? A dicir que é café para todos. Mentres o resto de comunidades autónomas ten avanzado nese sistema universal e gratuíto da educación en canto a libros e material, esa medida, que foi a primeira que tomou o señor Feijóo en materia educativa cando chegou á Presidencia da Xunta de Galicia, para vostedes segue significando —e neste contexto— café para todos. Van en contra mesmo do que están a facer nos últimos tempos comunidades do Partido Popular.

Como diciamos, sería o momento de facer, señor conselleiro, balance; pero non, o que pedimos, como fixemos noutras ocasións, é empatía e sensibilidade, tendo en conta a situación socioeconómica na que nos atopamos. E xa que vostede enarborou esa taxa de abandono escolar tantas veces neste Parlamento para presumir de que dende a Consellería nos últimos anos se estaban a facer ben as cousas, teña en conta que non sabemos cal vai ser o peche deste ano 2023, pero xa sabe vostede que as cifras oficiais falan dun aumento de ata o 9,9 por cento de abandono escolar entre os 18 e os 24 anos dos estudantes galegos; unha cifra certamente preocupante que pon fin a unha tendencia dos últimos anos en positivo. Por algo será e algo terá vostede tamén que dicir.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que esta interpelación a min non deixa de sorprenderme, como tampouco a exposición de motivos que fixo e o discurso que acaba de facer.

A verdade é que vostede xa coñece a resposta —ou debería coñecela—, porque isto xa foi respondido na Comisión 4ª o pasado 24 de marzo. E as explicacións eu creo que por moito que se repitan certamente parece que non son obxecto de atención.

E tamén me retrotraio á comparecencia do inicio de curso que fixemos aquí no mes de setembro do ano 2022, onde xa previamos moitas das cuestións que vostede está a dicir aquí e está descubrindo; cuestións que está descubrindo, neste caso, o Grupo Socialista.

Entón, se xa coñecían —ou deberían coñecer— o que leva feito a Xunta de Galicia para apoiar as familias e o sistema educativo nun contexto económico complexo e nun contexto económico vencellado a unha crise de prezos, a unha inflación moi forte, a pregunta é: ¿por que o fan?

Primeiro, eu creo que parten dun erro. Vostedes din aquí —e non se poñen colorados; ben curioso que non se poñen colorados— que a Xunta de Galicia non fixo nada para facer fronte á crise de prezos no sistema educativo neste curso académico. Eu recoméndolle ler o *Diario*

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Sesións do día 22 do pasado mes de setembro. ¡Home!, pódese manipular a información, pódese acercar —como suele dicirse— a auga a cada un dos regos, pero o que non se pode dicir é unha mentira tan drástica e tan burda como a que acaba vostede de dicir aquí en sede parlamentaria.

E, dito isto, seguimos preguntándonos por que o fan. Só hai unha cuestión —e eu creo que tamén vostede o demostrou claramente cando falou de empatía e cando falou de sensibilidade—, e é que vostedes aquí o que veñen facer é presumir do sanchismo; simple e llanamente presumir do sanchismo e intentar crear un discurso moi básico: os do PSOE somos bos e os do PP son malos; nós somos empáticos, temos sensibilidade, e o Partido Popular, non. Mire, o Partido Popular o que non fai é electoralismo, como fan vostedes, e á parte é moi sencillo e moi fácil de entender.

Vostedes déronse conta bastante tarde de que era necesario axudar as familias —sobre todo as familias con menos recursos— para que os nenos e nenas puidesen desenvolver ben o sistema, integrarse ben no sistema educativo. Hai unha insistencia —eu case diría que raia o populismo— pola súa parte en plantexar medidas, en moitas ocasións, de café para todos, que teñen moi pouca base para desenvolver no sistema educativo.

O seu interese básico é defender o Goberno Sánchez, e non deberían estar tan contentos ou tan alineados con esta defensa. Á parte, aquí o esquema é moi sinxelo, e neste caso que vostede cita das bolsas cumpriuse este esquema. O esquema é: nun mitin do PSOE o domingo, eu anuncio unha medida; posteriormente, o martes, ratifícoa no Consello de Ministros; e posteriormente, o xoves, nunha conferencia sectorial. Iso fíxose todos os días, e iso é case de primeiro de sanchismo. Pero a verdade é que non tomaron medidas ata que xa estaba bastante avanzado o curso académico, e dende a Xunta de Galicia o que fixemos foi, precisamente, o contrario. Hai aproximadamente un ano xa percibiamos o que ía pasar e xa puxemos en marcha os mecanismos, dentro das nosas competencias, para paliar aquelas consecuencias derivadas da alza do custo da vida. ¿Que fixemos? Voulle facer un pequeno resumo do que plantexamos con este motivo na comparecencia do inicio do curso do ano pasado. O que fixemos foi, primeiro, ser conscientes de que existía un reto e de que queriamos facerlle fronte a este reto. Un inicio de curso ten sempre un reto organizativo e aquí había unha cuestión non organizativa, non educativa, á que había que facerlle fronte, que era a alza da vida; e creo que os datos —porque tiñamos que manter un dato— están aí.

Vostede plantexa e di, sen poñerse colorada, que esta Xunta de Galicia non apoiou as familias, os alumnos menos vulnerables, e dío claramente. Pois, mire, o Ministerio de Educación e as organizacións internacionais din que o ensino galego é o máis equitativo de España, que aquí é onde hai unha porcentaxe máis alta de alumnado residente; é dicir, onde o alumno, con independencia do nivel económico da familia, ten mellores resultados educativos. Somos o ensino máis equitativo do conxunto de España, de todas as comunidades autónomas de España, e estamos moi por riba —¡moi por riba!— da media da OCDE.

E vostede di que non fan nada. Mire, as medidas que precisamente permiten sustentar este carácter equitativo e de auténtica xustiza social dentro do sistema educativo permitíronlles aforrar máis de cen millóns ás familias en libros de texto, material escolar, comedores, taxas

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

universitarias, equipamento informático e en moitos aspectos —117 millóns—.

Libros de texto. Pasamos de 25 millóns a practicamente 29 millóns. O noso sistema é diferente ao seu, témolo debatido moitísimas veces; no ano 2009 xa se debatía isto. O noso defendémolo, e creo que é moito máis xusto socialmente porque axudamos máis a quen máis o precisa.

Vostede fala tamén de material escolar. ¿Non se lembra de que incrementamos o bono de material escolar de 50 a 75 euros para chegar a 95.000 usuarios, precisamente para aqueles que máis o precisan, para as familias con menos recursos?

Libro dixital. Sesenta mil usuarios, que teñen un acceso ao sistema dixital, ao libro dixital, absolutamente gratuíto —60.000 alumnos—. Tamén é certo que tivemos que facer un incremento moi notable dos recursos destinados a libros de texto, porque o Goberno cambiou dun xeito absolutamente unilateral os libros, os currículos. Este ano houbo que facer un suplemento para os libros dos cursos impares, e este curso académico seguinte, o 2023-2024, farémolo para os pares. ¿Sabe canto recibimos do Estado? Cero, ¡cero euros!

¿Comedores escolares? Hai un incremento de custos, sen dúbida ningunha, pero o prezo para as familias é exactamente o mesmo. ¿Por que? Porque se asume cos recursos xerais da Comunidade Autónoma o incremento de custos, aproximadamente un 20 por cento, tanto en *catering* como no servizo directo. E non repercute nin un só segundo nin un só euro nas familias. Son 77.000 usuarios.

Transporte escolar. É cen por cento gratuíto, máis de 120 millóns. Houbo incluso que facer unha actualización moi recentemente dos custos para garantir a sostibilidade que permita que siga sendo o que é, unha das xoias que favorecen a equidade no sistema educativo galego. Aproximadamente transportamos todos os días oitenta mil alumnos a 160 centros educativos.

Taxas universitarias. Están conxeladas dende hai máis de dez anos. Agora o Goberno —o seu goberno— copiounos, e o seu ministro —bueno, é un ministro de Podemos— dixo que había que copiar a Galicia e ter as taxas universitarias máis baixas do conxunto do Estado —que as seguimos tendo e mantémolas—. Iso foi o que fixemos. Agora, vostedes veñen aquí presumir de que subiron bolsas que son competencia do Estado. Si, moi ben, subíronas, perfecto, con esa secuencia sanchista: primeiro, anúncioo nun mitin; segundo, o martes, no Consello de Ministros; e o xoves, na Sectorial. Era un manual —digamos—, era o ABC. Fixérono; pois moi ben, está moi ben. Agora, non negue que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, o fixo tamén, cunha vantaxe: fíxoo con moita antelación ao que o fixeron vostedes para que non repercutise o incremento do custo da vida nas familias. Iso creo que é así. ¿As bolsas de quen son competencia? Do Estado. ¿E o Estado súbeas? Si, perfecto, pois xa está. Non hai nada que dicir, moi ben. Pero ¿como vostedes non recoñecen os incrementos que acabo de dicir naquelas liñas de axudas directas ás familias que se fixeron? Vostede fai unha demanda, se se quere —se se me permite—, case absurda. Vostede intenta dicir que *«yo soy muy bueno porque subo lo que es de mi competencia»*, pero equivócanse e menten dicindo que a Xunta é moi mala porque non o fai. ¡Pero é que a Xunta xa o fixo! Xa o fixo ao

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

inicio de curso, e eu díxeno aquí publicamente na miña comparecencia de setembro do ano pasado. Por iso digo eu que ou ben non se deu esa comparecencia ou ben hai un pequeno erro de concepción. Mire, fixémolo neste curso académico —no actual—, seguirémolo facendo no próximo curso que vén e xa estamos preparando nestes momentos o curso 2023-2024. Xa temos medidas en marcha que van orientadas, precisamente, a paliar os efectos da alza de prezos e a garantir que o sistema educativo galego siga sendo o que é, o máis equitativo e xusto socialmente de España.

Servizo de *catering*. Acabamos de facer unha renovación, un incremento del nun 20 por cento, e acorde co servizo de xestión directa.

Compra de libros. Mantemos o incremento —que naquel momento era extraordinario, pero seguimos manténdoo— de 50 a 75.

Taxas universitarias. Por suposto que as imos manter outra vez. ¿Sabe canto levan aforrado as familias galegas desde que este partido, esta formación política e este Goberno, tomaron esa decisión? Máis de 230 millóns, que quedaron no peto das familias. Hai dúas opcións: sacámoslles o diñeiro ás familias con máis impostos e despois dámosllelo outra vez ás familias. Ese é máis un modelo socialista. E hai un modelo máis do Partido Popular, que é intentar que o diñeiro o teñan as familias e que o administren elas cos seus criterios. Aforrámoslles máis de 230 millóns de euros ás familias coa conxelación das taxas universitarias.

Libros dixitais. Seguimos incrementándoos. Este ano temos máis de trinta novos centros educativos, 65.000 alumnos aproximadamente.

Transporte escolar. Xa lle dixen, actualización de prezos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Eu creo que vostede trae un discurso directamente imposto dende a Moncloa e que o repite aquí, sen avaliar a realidade galega. E, por certo, un estudo, un informe recente —que non é sospeitoso de manipulación, porque estaba feito precisamente pola UXT e por Comisións Obreiras—, viña concluír e dicir —concluír e dicir— que o sistema galego é o terceiro mellor sistema educativo de España. Iso é algo que vostedes tenden a negar. Tenden a dicir que hai mala calidade, que todo funciona mal; pero cando veñen os datos —incluso datos que poden depender do Ministerio...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...ou que poden depender do informes exteriores—, pois, ao final, as evidencias deixan a cada un no seu lugar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Señor conselleiro, dende logo que vostede, unha vez máis, comeza respondendo as interpelacións dicindo que lle sorprende a interpelación. A nós, dende logo, non deixa de sorprendernos a súa falta de rigor, que empregue boa parte do seu discurso para descualificar e mesmo infantilizar; un discurso que nós trasladamos con datos, con orzamento, contrastando, e con datos rigorosos e ademais preocupantes.

Non se pronunciou arredor da situación do abandono escolar en Galicia. Na Enquisa de poboación activa —diso estamos falando—, o último dato, a ano cerrado correspondente ao 2022, señor conselleiro de Educación, sitúa a nosa comunidade por primeira vez en retroceso tras case unha década. Galicia pechou o ano 2022 —o que debe ser unha risa para vostede— nun 9,9 por cento de persoas de 18 a 24 anos que non completan a segunda etapa da educación secundaria e que non seguen a súa formación.

Isto está directamente relacionado —como se viña advertindo dende había moito tempo— con que tanto as mulleres, como a mocidade, como o estudantado, a partir dos 18 anos, ían ser os máis vulnerables nesta situación de sucesivas crises socioeconómicas. O 10 por cento de persoas de 18 a 24 anos non completa a segunda etapa de educación secundaria e non seguen a súa formación, o que supón dous puntos máis respecto do ano anterior. Veremos que pasa este ano.

E vén vostede aquí falar de argumentario político e de electoralismo. Mire, dicía vostede que cando nós falabamos da ausencia da Xunta de Galicia nesta situación á hora de orzar neste orzamento o actual exercicio, que é o máis expansivo, diciamos, vemos que nin aumentan as axudas ás ANPA, nin aos comedores, nin ao transporte escolar, con todos os problemas que hai. E contrastabámolo co espazo que se ven obrigados a suplir, por exemplo, concellos como o de Vigo. Nós trasladamos aquí que nos parece esa axuda, esa decisión do alcalde, ante a ausencia da Xunta de Galicia de seguir negándose a cubrir —que sabe vostede que é máis eficaz e máis eficiente economicamente— a gratuidade do material dos libros de texto para as familias nun contexto de inflación. Cando lle preguntamos que lle parece ese anuncio do alcalde da cidade de dar esa axuda para material e libros de texto de 205 euros, díxome que lle parecía moi ben, pero que a ver se o mantiña despois das eleccións. Ben, pois o vindeiro curso o Concello de Vigo volverá dar 205 euros de axudas a material escolar e a libros de texto, e volve aumentar as axudas do comedor, sen ser competencias moitas veces directas, ante a ausencia absoluta —insisto— e a insensibilidade da súa consellería e da Xunta de Galicia. O vindeiro curso tamén.

Eu falo de orzamento. Dende o Ministerio de Educación multiplicáronse por catro as transferencias ás comunidades autónomas, señor conselleiro. Aumentáronse porque é a obriga e hai que estar, e para iso está, pero son cuestións ideolóxicas e de modelo. Aumentáronse nun 70 por cento as contías, por riba de 2.500 euros en bolsas e axudas ao estudantado, amais de flexibilizar todos eses requisitos.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E eu digo: pronúnciese sobre ese aumento do abandono da taxa escolar e de formación entre a mocidade. ¿Que fixo a Xunta de Galicia, agora que estamos rematando o ano, para mellorar os problemas de transporte escolar? ¿Garánteme vostede —xa que di que nos repetimos— que no mes de setembro non teremos que estar aquí preguntándolle a vostede outra vez por esas ducias de nenos e nenas que quedan tirados nas paradas de autobús?

Falaba vostede de comedores escolares. ¿Que fixo a Xunta de Galicia para arranxar —porque levan meses mobilizándose as familias— a merma de calidade e cantidade que están a sufrir as nenas e os nenos en moitos colexios dos comedores e dos *caterings* que dependen directamente da Xunta de Galicia — como as familias de Moaña, por exemplo, señor conselleiro— ? ¿Que fixo a Xunta de Galicia?

Fala vostede dos libros de texto e do material, que é café para todos. É que van vostedes a contracorrente —insisto—, non do que está defendendo, que di vostede que é unha teima do Partido Socialista —que si—. É que cando gobernou esta comunidade autónoma un presidente socialista, Emilio Pérez Touriño, as familias galegas de ensino obrigatorio non pagaban polos libros de texto. *(Aplausos.)* Pero é que hoxe en día, señor conselleiro, na Comunidade de Madrid, en Estremadura, en Valencia, en Andalucía, en Navarra e tamén desde este curso de xeito universal xa na Rioxa as familias non pagan polos libros de texto nin polo material. ¿De quen é a teima —eu insisto—? E fala vostede de electoralismo. Son modelos, é facer efectivo o dereito ou non a unha educación pública igualitaria, equitativa e gratuíta.

E —aviso a navegantes— o señor Feijóo, cando gobernou esta comunidade, a primeira medida que tomou no ámbito educativo —aviso a navegantes— foi eliminar as axudas e ese sistema universal e gratuíto para material e libros de texto de todas as familias. Aviso a navegantes, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Ten novamente a palabra, por un tempo de cinco minutos, o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A min o que me queda da súa actuación neste momento é o de «aviso a navegantes». Iso quere dicir que o PSOE xa dá por perdidas eleccións xerais e xa están intentando meterlles medo aos cidadáns. Porque, claro, «aviso a navegantes» quere dicir que vostedes xa dan por perdidas as eleccións de xullo; clarisimamente xa as dan por perdidas. *(Aplausos.)*

E vostede comezou falando de rigor, díxoo así: falta de rigor. Bueno, primeiro vostede, para falar de rigor, debería ter coñecido o que se dixo aquí na comparecencia de setembro. Porque, se lese iso, eu estou seguro de que esta interpelación non a traería, porque non estaría negando, como está negando, que houbo unha actualización de todas as axudas directas ás familias no ámbito da Consellería de Educación e no ámbito do conxunto da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois, claro, di que non se lles subiu ás ANPA, por exemplo —o seu rigor—. Incrementáronselles as súas axudas nun 50 por cento. ¡Home!, podería incrementárselles máis, pero vostede dixo: non se lles incrementaron nada as axudas. ¡Home!, un 50 por cento. *(A señora Otero Lago fai acenos coas mans desde o seu escano.)*

Fala de abandono escolar e vincula o abandono escolar á crise económica. E falou do señor Touriño. Vostede saberá que o período do señor Touriño era un período de bonanza económica. ¿Sabe como quedou o abandono escolar cando o señor Touriño perdeu? Nun 26 por cento. ¿Sabe canto ten agora? Un 9 por cento. ¿Sabe canto ten España? Un 13 por cento. ¿Sabe canto ten Galicia? Menos do 10 por cento, que é o que fixa a Comunidade Autónoma. ¿Sabe que toda España, todas as comunidades autónomas, nas súas dinámicas, tiveron unha caída abrupta por medio da pandemia pola flexibilización dos criterios de aprobación e que só dúas comunidades autónomas teñen un incremento desta taxa por riba da media, unha deles Galicia?

Pero vostede colle un dato, non o contextualiza, exhórtao con toda a alegría do mundo e vincúlao á crise económica. Bipartito, ano 2009 —que é curioso que falemos diso—, 26 por cento de fracaso escolar, e vostede dío e di que faltamos ao rigor. En todo caso, quedou moi clara unha cuestión: defenden un modelo de «sanchocracia» —se se lle pode dicir así—; digamos, un modelo que está baseado absolutamente nunha xestión atroz dos recursos públicos. *(Murmurios.)* Porque miren, vostedes, con esta acción, só buscaron o rédito electoral. Anunciaron esta medida nun mitin do PSOE. *(Murmurios.)* Non, non, non é unha cuestión electoral, fano nun mitin do PSOE, despois concretízana e posteriormente lévana á Comisión Sectorial. Vostedes o que fan é unha mera repartición de recursos; de moitos recursos que, por encima, non temos, e non se preocupan para nada do que é a cerna do sistema educativo; ao revés, estano prexudicando. Á política de café para todos súmaselle a política de aprobado xeral. Levamos todo o curso, todo o período dos últimos anos, falando dunha redución progresiva da calidade educativa promovida polo Partido Socialista dende o Ministerio de Educación —o decreto do aprobado xeral—, xerando confusión absoluta. Fíxese vostede que ben o fan, por exemplo, na ABAU. Agora xa se di que non se vai aplicar, e son vostedes mestres en poñer a todo o mundo de acordo. Ata as comunidades autónomas socialistas están en contra da nova regulación que está facendo o Goberno do Estado, e xa non digamos en formación profesional: hoxe uns profesores están a extinguir, mañá existen, pasado non existen e ao final as comunidades autónomas temos que solucionar as múltiples minas que vostedes deixan no camiño.

Mire, vostede busca comparar políticas, e pódense comparar absolutamente as políticas; a súa é café para todos. Non teñen en conta o efecto redistribuidor de rendas que ten que ter a Administración pública. Vostedes non axudan aquelas familias que máis o precisan, porque fan todo para todos igual. E despois o resultado, ¿cal é? Que esta comunidade autónoma, que ten un modelo que se fundamenta en axudar máis a quen máis o precisa, é a máis equitativa de España; e non dito polo Partido Popular, dito precisamente polo Ministerio de Educación e polo informe PISA, pero a vostedes dálles todo igual.

Mire, Galicia ten feito, fai e fará todo, dentro do ámbito das súas competencias, para garantir un acceso ás familias nas mellores condicións económicas posibles, e sobre todo en mo-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentos como os actuais dun incremento significativo dos prezos. Vostedes actúan cunha medida concreta, pero a Xunta xa actuou. E a min non me doe dicir que esa medida que vostedes tomaron está ben, pero agora hai que pagala. Agora vostedes negan, porque non as ven ou porque non as coñecen, as que fixo a Xunta de Galicia. E, mire, ao final, todo isto se resume en resultados educativos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E se falamos de resultados educativos, teño que dicirlles que xa lles citei un informe publicado recentemente por dúas organizacións sindicais —que, obviamente, non o fixeron para facerlle un favor nin á Xunta de Galicia nin ao Partido Popular— que di que Galicia é o terceiro mellor sistema educativo de España. Podemos poñer encima da mesa moitísimos datos que falan da calidade e da equidade do sistema educativo galego. Sen ir máis lonxe, o último informe PISA dinos que Galicia é a comunidade autónoma con mellores competencias nos ámbitos que se avalían. No agregado, é a primeira de España...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): É a máis inclusiva, cun maior número de alumnos con necesidades educativas especiais dentro das aulas ordinarias. Pero a vostedes todo lles dá igual.

En todo caso, señorías —e moitas grazas, señora presidenta, por deixarme un minuto máis—, eu o que lles digo é que deberían ter un pouco máis de prudencia coas políticas sanchistas que vostedes defenden, porque os van levar a un sitio onde seguramente non queiran estar. Pero os galegos e os españois expoñerano en breve.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e todas.

Bo día, señora conselleira.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois das respectuosísimas afirmacións e faladoiros do conselleiro de Educación sobre o presidente Sánchez, non advertidas pola Presidencia, imos falar das cousas con respecto. Creo que tamén o señor Puy se está adherindo a estas apelacións, sempre respectuosas, moi afables e moi amigables. Están vostedes un pouco nerviosos. Non se preocupen, que non pasa nada. Xa dentro do pouco poden empezar a seguinte campaña das xerais. Non se preocupen, que xa dentro de pouco teñen oportunidade. ¡Tranquilidade todo o mundo! *(Aplausos.)* Por se acaso era dúbida, era ironía, que vostedes teñen a pel un pouco fina. *(Murmurios.)* Non me preocupo.

Señora conselleira, imos entrar nunha cuestión. O problema que teñen todos os concellos de Galicia, todos os que teñen costa —por un día non imos falar de Ourense aquí, nesta Cámara, en fin... —, é o problema que teñen na xestión —vostede seguro que o coñece—; é un problema que ten que ver cunha cuestión, en realidade, en parte urbanística, pero que ten que ver coa xestión de terreos.

Hai en Galicia, en practicamente todos os concellos que teñen dominio portuario, terreos que, pola súa configuración urbanística, foron no seu momento terreos de Portos, pero que hoxe practicamente calquera persoa que pase por riba deles descoñece ou non é capaz de entender que sexan de Portos porque non teñen ningún tipo de uso portuario, ningún tipo de uso relacionado co mar; ningún, dende hai moitísimos anos. Pero Portos de Galicia segue asumindo que eses terreos son propios porque algún día o foron. Dá igual as recheos, dá igual os cambios de ubicación de portos, dá igual que se cambiasen os usos dos lugares e agora fosen para outro tipo de funcións..., dá igual, Portos segue usándoos. ¿Por que? Basicamente porque Portos cobra por eles. Por todo o que pasa neses terreos cobra. Iso si, cobra, pero só cobra; facer, non fai nada máis. As reparacións, aos concellos; os arranxos, aos concellos; se hai que coidar os parques ou as zonas verdes, aos concellos... Iso si, se alguén pon un pé alí, paga a Portos. Son vostedes unha máquina de recadar, son como o cobrador do frac. Iso si, servizos, ningún.

Dende o noso grupo levamos moitos anos demandando que hai que reverter esta situación, e dicimos que aqueles terreos portuarios que teñan un claro uso urbano e non portuario deberían reverterse a eses concellos. Vostedes poderían ter resolto isto a través da Lei de portos do ano 2017. ¿Fixérono? Non. ¿Por que? Porque a vostedes lles interesaba —como teñen moi pouco poder local na costa, e así parece seguir sendo—converter os espazos de Portos en lugares de pequeno dominio para boicotear un pouco os concellos, que tamén é unha intención que se foi coñecendo e que ademais foi moi practicada dende Portos de Galicia. A verdade é que, pensando nisto, non sabemos se os últimos cambios en Portos dos últimos anos foron a mellor ou a peor —xa sabe aquilo de «de Guatemala a *Guatepeor*»—. Eu non sei se é algo peor que *Guatepeor,* pero estoulle pensando que están vostedes competindo niso. Podían cambialo na Lei de portos de 2017 e non o cambiaron. Converteron aquilo en pequenas fortalezas para competir contra os concellos, en vez de axudar.

En 2018, que este grupo propuxo aquí esta idea, votaron en contra, e en 2020, que este grupo propuxo aquí esta idea, xa votaron a favor. Iso si, como case sempre, votan a favor, pero o cumprimento, nulo; e é que en realidade este goberno, como o conxunto do PP, promete moi ben, pero cumprir cumpre moi mal, iso tamén é certo.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, nós o que demandamos é que, a partir daquilo que se aprobou en 2020, que é comezar a facilitar que aqueles terreos portuarios que xa non se usan para nada en Portos e que poden ser devoltos ao dominio dos concellos para que se xestionen polos concellos porque son terreos de uso, evidentemente, urbano, poidamos facer esa tramitación administrativa, que resolvería moitos problemas en termos de xestión e de actividade municipal. ¿Que provoca esta situación? Provoca unha desigualdade. Por poñerlle algúns exemplos —eu sei que vostede coñece algúns, pero para que o conxunto da Cámara os coñeza—, mire, o Concello de Cariño —o concello como edificio— paga taxas en Portos. Créame, no Concello de Cariño non atraca ningún barco, non se descarga peixe no Concello de Cariño, no edificio. No edificio, a xente presenta as súas instancias, ten xuntanzas co Goberno, celébrase o Pleno municipal, están traballadores municipais..., pero alí non se descarga peixe, nese edificio, non hai ningunha actividade portuaria, pero pagan taxas a Portos. É a maior expresión. Non é o único, pasa igual no Grove; pero non é o único. Hai terreos en Burela —que é o único que hai portuario e cunha rede que alguén se olvidou hai vinte e cinco anos alí e non a cambiaron de sitio—. É un terreo portuario que non se usa para nada en Portos. Pero pódolle citar tamén a Vilaxoán, Cangas, A Pobra... Son terreos portuarios que hoxe son zonas de parque urbano, zonas de tránsito, nas que vostedes cobran porque se realice alí calquera actividade, pero non dan ningún servizo, porque ata as papeleiras as pagan os concellos, a limpeza fana os concellos, o coidado do medio ambiente fano eses concellos... Todo o que pase alí fano os concellos. E mais a xente, se ten algún problema, porque, por exemplo, hai —fíxese vostede que cousa máis simple— una baldosa rota e teñen un tropezo, normalmente van denunciar ao Concello, e cando lle din que é unha cuestión de Portos, normalmente cren que os están mareando, e din: ¿como me vas dicir que é de Portos se o mar pouco menos que non se ve dende aquí? Pois isto ocorre habitualmente. Vostedes, iso si, mantéñeno, porque cobran.

Hai dous días —é dicir, este luns; mera curiosidade, seguro que casualidade— cambiaron algunha cuestión da normativa para empezar a facilitar algo que antes dificultaban, que era a celebración de eventos; para facilitar, por exemplo, que agora poidan, en terreos que sigan sendo portuarios, conectarse á electricidade —¡cousa sorprendente!—. E vostede dirá, ou calquera pode dicir: ¿como pode ser que haxa que cambiar a norma para iso? É que antes non deixaban. Portos cobraba por instalar alí carpas para eventos, pero a conexión á electricidade non a daba; que fosen conectar a outro lado. ¿Quen acaba pagando? Os concellos, coma sempre.

Vostedes están empezando a cambiar a normativa porque entenden que hai un problema; curiosamente hai dous días. Ás veces as iniciativas no Parlamento parece que non valen para moito, pero para algunha cousa comezan a valer. Nós, ¿que lles plantexamos? Plantexamos que solventemos esta situación anómala por completo. Pero que a solventemos de verdade, porque vostedes dende que a aprobaron empezaron, iso si, a buscar escusas —¡sorprendente, este goberno buscando escusas!, ¡nunca tal se viu!; un goberno coma este buscando escusas, iso non se viu en ningún lado—. ¿E a quen lles botaron a culpa? Normalmente a dúas institucións, primeiro aos concellos —¡curioso!—: que se non solicitaban, que se non querían facelo, que se logo se retraían..., e ao conxunto dos concellos, que era a Fegamp. Acaba de dicir vostede: é que nos escapan das reunións, é que vostedes non os queren..., cando alí, en realidade, deste goberno sábese pouco. Sábese que, cando se cita, non vai, que cando se lle piden documentacións, non quere ir e que cando se lle plantexa avanzar e asinar convenios ou acordos, rexéitao porque di que teñen que pensalo e desaparecen.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segundo elemento a quen lle buscaron unha culpa: ao Goberno de España. ¡Home, como non!, faltaba no choio o Goberno de España. Porque resulta que o Goberno galego di que o problema está en que para facer o trámite administrativo habería que devolvelo ao Estado e que, entón, o Estado quedaría con ese terreo e non o devolvería. Fágolle eu unha suxerencia: proben, proben a facelo, non vaia ser, non vaia ser... *(Aplausos.)* Porque isto de «nós non o facemos, porque os seguintes non o van facer ben»... Proben a facelo, porque o Estado xa o fixo: Santander ou Las Palmas —que non Palma, que son distintas; dígallo a Feijóo, que igual non se enterou moito— son portos de interese xeral que xa cederon terreos aos ámbitos urbanos, aos municipios, aos concellos. Por tanto, xa temos eses exemplos. Cedeu máis terreos no conxunto de España en portos —portos de interese xeral—, que son moitos menos, dos que cedeu Galicia, que ten moitos máis portos autonómicos, en todos os últimos vinte anos. ¡Moitos máis! ¿Por que? Porque hai unha comprensión. E voulle contar un segredo: algún deses fíxoos o Goberno Rajoy. ¡Se son vostedes moito máis cicateros que o Goberno Rajoy!, que é era difícil, ¡eh! ¡Era difícil! Compiten vostedes contra un tótem. Pero, en todo caso, foi moito máis flexible.

Polo tanto, nós o que lles demandamos é que aqueles concellos que están sostendo terreos, que os están mantendo, que están gastando cartos en que os cidadáns poidan ter espazos onde pasear, onde estar, que lles deixen xestionalos a eles, porque son dos concellos, porque os terreos son dos usos que teñen, e os usos son claramente urbanos.

Voulle poñer o último exemplo, que vostede igual tamén coñece. ¿Vostede entende normal que dous hostaleiros que teñan un establecemento un a 10 metros do outro paguen taxas distintas pola actividade, taxas distintas pola terraza, taxas distintas por realizar un evento diante do seu local, ou incluso que algúns teñan permisos e os do lado non? Ninguén o entendería, e isto pasa porque alí onde vostedes poden intentan provocar conflitos —iso si, para botarlles a culpa despois aos concellos—, facilitando que algúns locais teñan unhas circunstancias administrativas e os do lado teñan outras. ¿Por que? Porque vostedes seguen querendo utilizar os portos como un boicot contra os concellos, porque non lles debe gustar quen goberna os concellos; basicamente é isto.

Entón, nós o que lle pedimos é que o que aprobaron —porque eu creo que xa lles daba medio vergoña seguir votando en contra— o cumpran, porque van alá xa tres anos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—señora presidenta, vou rematando— e vostedes, en realidade, falar, falaron moito, prometer, prometeron moito, pero cumprir —como sempre—, cumpriron moi mal. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa Quintana

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Torrado, moi bos días.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia non só é, como ben saben, a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa, superando os 1.700, tamén ten o maior número de portos, con 128 peiraos, 6 deles de interese xeral do Estado. A través de Portos de Galicia, dende a Consellería do Mar, xestionamos directamente 122. Ningunha outra comunidade presenta números nin remotamente similares, pois Andalucía, que é a segunda, se sitúa nos 52. Os nosos portos xeran arredor de 26.000 empregos e un volume de negocio anual que se estima nos 900 millóns de euros. Son a base para as 63 confrarías galegas e porta de saída e entrada á comunidade de centos de buques e mercadorías.

Todas estas cifras son a proba da relevancia económica do noso sistema portuario, no que a Xunta de Galicia desenvolveu políticas de mellora das infraestruturas e das condicións de traballo para potenciar o uso do dominio público, con investimentos que, cando finalice este ano, roldarán os 230 millóns de euros.

Dito isto, non cabe dúbida de que a Consellería do Mar entende que os portos son enclaves estratéxicos dende o punto de vista económico, pero tamén enclaves sociais. Temos moi claro que o porto non pode estar de costas á vila e ao municipio onde está presente. A interrelación entre mar e poboación debe ser permanente. Estes 122 portos distribúense por 64 concellos. En moitas das localidades constitúen o principal motor económico, polo que resulta imprescindible o diálogo e a colaboración cos seus 64 alcaldes ou alcaldesas; unha relación con cuestións vitais que van dende a ordenación do tráfico e das posibilidades de aparcamento a contar con zonas de uso social e espazos abertos de lecer, regulando a posibilidade de celebrar festas e outros usos lúdicos.

No tema que nos ocupa nesta interpelación, a xestión de espazos sen actividade portuaria na actualidade, somos os primeiros en estudar calquera posible reversión en favor do uso para o conxunto dos veciños, porque, créanme, é prioritario para Portos de Galicia e para esta consellería que os espazos sen uso portuario sexan para a cidadanía. O procedemento para estas reversións é un procedemento complicado. Os terreos inscritos aos portos son do dominio público marítimo-terrestre. Polo tanto, toda a decisión final pasa polo Estado e ten que ser aprobada polo Consello de Ministros, que decide o destino último dos terreos. Pode ser que siga dependente do Estado e baixo a súa custodia ou que, finalmente, se modifique o deslinde e pasen a ser terreos da Comunidade Autónoma ou terreos municipais.

Deixen que lles reitere unha vez máis que non é porque dende a Xunta non se queira, todo o contrario: quen non quere ter nada que ver con estes terreos de uso municipal e traspasalos para a súa utilización pola cidadanía non é a Xunta. Non, no noso caso nunca deixamos de traballar man a man cos concellos, e así lle podo dicir —como vostede ben sabe— que en xuño de 2021 Portos contaba con 26 solicitudes de distintos municipios de superficies que poderían ser revertidas para o uso dos cidadáns. Houbo distintas reunións coa Fegamp e outras administracións para avanzar no procedemento e nos criterios para a desafectación dos terreos. Abrimos, incluso, un novo prazo para aqueles concellos que aínda non o fixesen e tivesen interese e remitisen a Portos a súa petición. En total, acabáronse presentando 34 solicitudes de 28 concellos, das que acabaron decaendo un total de 7 solicitudes de 6 concellos.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onde as propostas eran máis complexas, abordouse o tema con reunións bilaterais cos alcaldes; tamén se contratou unha asistencia técnica para a elaboración de informes individualizados que xustificasen en cada caso a innecesidade dos terreos portuarios e o interese dos concellos. Froito de todo isto, deste traballo, acoutouse a proposta a 27 portos, e 8 solicitudes entendéronse como non procedentes. Estamos a falar de máis de 450.000 metros cadrados que poderían ser destinados ao uso da cidadanía, cun valor de chan duns 12,2 millóns de euros. Estas superficies supuxeron uns ingresos anuais para Portos estimados nuns 330.000 euros por taxas recadadas a actividades económicas como terrazas de hostalería e mercadillos, unha posibilidade e recadación que se lles cedería tamén aos concellos.

Temos, por tanto, definidos e contabilizados os espazos, e ultimamos uns expedientes concretos nos que involucramos os concellos para que en cada proposta de reversión vaia un compromiso municipal de solicitar a titularidade dos terreos para que o Estado, a través de Costas, non poida poñer ningunha escusa. Pero, a maiores, temos a nova vía que nos abre a Lei do litoral e xestión integral, que nos permitirá na nosa costa, entre outros avances, garantir a cesión do chan aos concellos e o seu destino para fins públicos. Agardo que esta norma, que persegue dotar a Galicia das competencias plenas sobre o seu territorio, acade nesta Cámara o maior apoio por parte das súas señorías, porque nos permitirá levar adiante unha organización onde a colaboración entre as distintas administracións será básica. A teor da súa interpelación, a falta de apoio do seu grupo, por tanto, resultaría inintelixible.

Tal e como se recolle na Lei sobre o patrimonio público autonómico de chan no litoral, eliminaranse as trabas existentes para que eses espazos sen uso nos portos pasen sen contratempos ao amparo municipal, como vén ocorrendo e pasa na actualidade. A norma permitiranos facer moito máis eficiente o proceso e facilitar a regularización e deslinde de superficie portuaria en favor da Administración local. O obxectivo non pode ser outro que continuar nos avances nesa integración cidade-porto, que en Galicia é das máis estreitas que hai en España e en Europa e, se me permiten, no mundo; unha evolución que se plasma nos múltiples convenios asinados entre a Xunta e os concellos para mellorar a contorna das instalacións portuarias con exemplos recentes como os de Moaña, os de Raxó, en Combarro, os de Ortigueira ou os de Palmeira. A proba está tamén en que nos sentamos cos concellos para resolver problemas puntuais, como poden ser a tempada estival ou as necesidades de estacionamento en Portonovo ou no Grove. Sempre que estea nas nosas mans e non constitúa unha irregularidade, a nosa premisa é sempre colaborar.

Precisamente por iso traballamos e traballaremos para reactivar instalacións dentro dos portos que se poden atopar sen uso. Sirvan como exemplo, entre outros, o labor das cafeterías portuarias, unha actividade fundamental para o día a día en moitos peiraos galegos pola súa dimensión social e de servizos.

Por iso, dentro deste ámbito, quero aproveitar para anunciarlles a saída a concurso das cafeterías nun total de sete dársenas, nas que Portos de Galicia bonificará o 50 por cento das taxas no caso daqueles locais que non tivesen demanda para a súa posta en funcionamento nos últimos tres anos. O obxectivo non é outro que dinamizar economicamente as zonas portuarias e promover a explotación das súas instalacións como motor de xeración de riqueza e emprego, porque non temos outro interese que facer que os portos teñan vida tanto

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dentro como no seu contacto co lugar onde están presentes. E coa axuda de todos vostedes será moito máis fácil acadalo.

Consideramos que dende Galicia, coas competencias sobre o litoral, as cousas se poden facer mellor, máis rápido, de forma máis eficiente e respondendo tanto aos intereses do sistema portuario como aos da xente que vive do mar e que viven no mar.

O noso compromiso é claro, e agardo que a vostedes tamén así lles quede.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar turno de palabra e de réplica ao señor Torrado, damos a benvida aos alumnos e alumnas do CEIP Ponte dos Brozos, de Arteixo. Benvidos ao Parlamento a todos eles e a todos os mestres que os acompañan.

Ten agora a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Benvidos a todos os alumnos e alumnas que están hoxe aquí.

Xa que hai alumnos, vou intentar facer un paralelismo. Di vostede que levan moito tempo estudando isto. Bueno, en realidade, deben levar así unha cousa como dez anos estudando isto. Se un alumno pasa dez anos estudando o mesmo tema, igual é que leva suspendendo moito; igual deberan vostedes empezar a pensar que están estudando o que non é. Ademais de estudalo, hai que poñelo en práctica tamén e, por tanto, está ben estudar, é imprescindible estudar, pero un ten que ser consciente de se está estudando ben e tamén de que estudar ten que ser para logo pasar unha proba, demostrar que se saben as cousas, cumprir cos compromisos, cos obxectivos; para cumprir, basicamente, porque vostedes aprobaron aquí algunha cousa que levan sen cumprir anos. E, polo tanto, isto é o primeiro que lle plantexo, que vostede vén aquí dicir: estamos estudando o tema.

Ademais disto, vostede veu aquí facer unha intervención falando doutra cousa, doutras leis... Se vostede nesta intervención que fixo aquí cumprise dúas cuestións: primeiro, se estivese de verdade convencida de que iso é así —porque empezamos a dubidalo— e, segundo, se a fixese cando nós faciamos unha intervención no mesmo sentido hai seis anos, pois hai seis anos que o resolveriamos. O que pasa é que a vostede lle pode máis a cousa partidista que a solución. ¡Se vostedes, ante este problema, preferiron —ata o de agora— aproveitarse do problema que solucionalo! ¡Se é do que vostedes viven, de aproveitarse dos problemas! ¡De solucionalos, non! ¿Para que van solucionar un problema cando poden —que vostede o recoñeceu— ter tantos terreos portuarios dos que cobran taxas, que é un gran ingreso? ¡Pero se é que se están cobrando taxas de algo que non lles corresponde, de terreos que non son seus! E que se son seus é unha anomalía que hai que resolver, porque non teñen nada que ver con portos, porque se celebran actividades urbanas, porque viven os concellos e viven

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os habitantes dos concellos alí. Non teñen nada que ver con portos. Porque vostede, que coñece os portos de Galicia, coñece un montón de terreos que se sorprenderá cada vez que os ve de que iso sexa titularidade de Portos. É que non teñen nada que ver, e a cidadanía non entende que sexa así. Son alamedas, parques e espazos públicos, parques infantís, locais deportivos, que non teñen nada que ver con portos, nada que ver, e vostedes, con todo, seguen cobrando por elas. ¿Por que? Porque vostedes cobran, non xestionan nada para eses terreos, todo para Portos despois; fanlles, ademais así, competencia aos concellos e métenlles un problema aos concellos, e vostedes son especialistas en meterlles problemas aos demais e en aproveitarse das taxas dos demais. Logo, traballar, ¡vamos!, teñen que buscar a palabra no dicionario. Entón, vostedes son incapaces de resolver un problema. ¿Por que? Porque lles vén ben, porque se aproveitan.

Traslada vostede, ademais, que con esta lei nova que queren implantar, a partir de aí poderemos resolver un problema. Segundo traslada vostede, dubidan vostedes de que o Estado vaia facilitar aos concellos ese traspaso dos terreos.

Mire, vólvolle trasladar o mesmo: primeiro, proben, xa verán como non hai problema; segundo, pídenlles vostedes un compromiso aos concellos de que despois van demandar: nós pasámosche o terreo se logo te comprometes a pedirllo ao Estado. ¿Vostede, que cre?, ¿que os concellos están aquí de comisionistas para pedirlle un terreo a vostede, darllo ao Estado, logo non pedirllo...? ¿Vostede, que cre que son os concellos? Ademais de que ás veces pensa vostede que son uns súbditos. Pero vostede ¿que cre que son? ¿Vostede cre que os concellos fan estes trámites por deporte ou porque non teñen nada que facer e un xoves pola tarde, por exemplo, imos pedirlle terreos á Consellería? Hai anos que os concellos entenden que isto é un problema. A única que non entendeu iso foi vostede. Os concellos claro que llo van pedir ao Estado. Por certo, se este goberno, que leva catorce anos aquí, intentase dende hai catorce anos seguir demandando —como demandaba o Goberno que lle precedeu— as competencias no dominio público marítimo-terrestre ao Goberno do Estado, outro galo cantaría. Se vostedes chegan aquí catorce anos tarde, é tarde, pero, bueno, imos velo; agora, non vaia ser que o utilicen de escusa.

E permítanme unha reflexión máis. Se vostede cre que o problema é que o Estado vai quedar cos terreos, ¿por que votaron distinto en 2018 que en 2020 aquí, neste Parlamento? Porque vostede se fía máis do Goberno que había no Estado en 2020 que no ano 2018. ¡Eu tamén, eh!, por iso lle puxemos unha moción de censura. ¡Eu tamén! Pero non sexa vostede tan clara con pensar que o Goberno de Rajoy non ía facilitar nada e o Goberno de Pedro Sánchez si. Estou empezando a pensar que no mes de xullo vostede vai votar a Pedro Sánchez, estou empezando a pensalo. Tamén lle digo unha cousa: non faría mal ¡eh!, porque vai votar coa maioría. *(Risos.) (Murmurios.)* Eu agradézolle o voto de antemán; señora conselleira, agradézolle o voto. Por diante, a honestidade de votalo. Está ben, é o mellor para Galicia; por tanto, agradézolle a honestidade de votalo. Pero, en todo caso, tampouco o diga tan alto que, se non, vai ter un problema aquí cos compañeiros.

O que vostede demostra é que votaron a favor para facilitar o transvasamento —despois, co Estado— dos terreos, cando gobernaba Pedro Sánchez, pero non co Goberno Rajoy. E, por tanto, o que vostede está dicindo é que aquel goberno poñía un problema.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, señora conselleira, vostede o que está pensando dende hai tempo é que isto é un ingreso moi alto e que, aínda que non lles corresponden nin lexitima nin eticamente eses terreos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando xa, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—remato xa—, ¿por que van renunciar a uns ingresos, aínda que logo non pegan pau con eles? Non fan nada, olvídanos, están absolutamente abandonados eses terreos e só os salvan os concellos. Vostedes ven aí un problema; os seus compañeiros nos concellos, nos municipios, tamén ven un problema, e tamén llelo demandan, pero vostedes prefiren aproveitarse dun problema que resolvelo, e iso, dende logo, non é decente.

Polo tanto, nós pedímoslle a este goberno que cumpra xa o que aprobou hai tres anos, porque o aprobou supostamente porque entendía que había que facelo; salvo que vostedes aproben por aprobar e, coma sempre, prometan moi ben, pero, á hora de cumprir, cumpran moi mal. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Torrado, vou recoller as súas palabras. Vostede di que é imprescindible estudar e demostrar, despois de que se saben as cousas. Eu recoméndolle o mesmo: estude e demostre que sabe o que estudou. *(Aplausos.)* Porque eu creo que vostede sabe que isto é un Parlamento, que non é un salón de teatro para vir facer teatro aquí. Vostede sabe que os espazos portuarios están dentro do dominio público marítimo-terrestre, vostede sabe que o espazo do dominio público marítimo-terrestre é competencia do Estado e vostede sabe que nós, cando decidimos desafectar unha zona, desafectámola, e dicimos: isto xa non ten uso portuario, polo tanto, vai volver ser do dominio do espazo público marítimo-terrestre —non portuario— e que é competencia do Estado. Logo, volve ser propiedade de quen é o seu auténtico dono, que é o Estado, e ten que ser o Estado o que ceda despois eses terreos aos concellos, non o podemos facer nós directamente. Polo tanto, non intente darlle voltas ao asunto.

Mire vostede —por se se me olvida despois—, que lle quede claro que non lle vou votar a Pedro Sánchez o 23 de xullo baixo ningún concepto, *(Aplausos.)* porque o único que estaría facendo, se lle votase a ese señor, sería ir en contra dos intereses do sector primario galego. *(Aplausos.)* ¡E non o vou a facer!, que lle quede claro. *(Aplausos.)*

E dígolle máis, vostede di: probe a facelo, probe a desafectar esas zonas e verá como o Estado llelo vai dar aos concellos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o fixo. Mire, hai máis de dez anos que se tramitou a devolución ao Estado para o Concello do porto de Mera, e aí seguimos esperando, aí seguimos esperando.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, voulle dicir máis. Moito máis recentemente fixeron a modificación do Regulamento da Lei de costas, e fixeron algo tan sinxelo, tan sinxelo como dicir que se cambiará o dominio público marítimo-terrestre porque cada vez que una ola, nun día, nun temporal, chega a unha zona determinada, aí pasará a ser zona de dominio público marítimo-terrestre. Co cal, vostede faloume aquí do Concello de Cariño e eu pódolle falar do Concello de Muros. Vaia falar cos propietarios de moitas fincas que tiñan propiedades privadas e aos que desde hai seis meses o Estado lles dixo que iso era unha concesión administrativa. Vaia falar con eles. ¿Vai dicirme a min que eu lle ceda ao Estado automaticamente todos os terreos que eran portuarios sen que exista o compromiso de que eses terreos pasarán a ser municipais? ¡Non o vou facer! Non, non... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Vostede aquí fala do Concello de Cariño. Claro, poderiamos falar tamén da Confraría de Cariño. Vostede, se vai tanto por Cariño, verá como nas tapas do saneamento das augas de Cariño, pon «Confraría de Cariño», porque foi a Confraría de Cariño quen fixo o saneamento no Concello de Cariño hai moitos anos. E vostede sabe que o Concello de Cariño está en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Polo tanto, señor, cheguemos a un acordo. Xa lle digo, nós temos todos os temas estudados, analizados, e o visto bo de Patrimonio, porque ceder eses terreos entenderá vostede que tamén é ceder patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Pero estamos dispostos a facelo. ¿Por que? Porque nós non miramos a cor política, como fai vostede. *(Murmurios.)* Nós facemos convenios absolutamente con todos os concellos: aí está o Concello de Moaña, que desde onde eu sei é do Bloque Nacionalista Galego; aí está o Concello de Raxó, que é do Bloque Nacionalista Galego; ou aí está o Concello de Palmeira. Con todos eles firmamos convenios de tan poucos cartos como que o que menos nos custa son máis de 400.000 euros, e recádase un total de 330.000 euros de taxas. ¡Home, algunha diferenza temos, eh!

Eu, de verdade, non sei, pero creo que vostede é de cerca de Vilagarcía, ou de Cambados. Esa zona toda, ¿coñécea ben, non? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, bueno, pois mire o que pasou co Plan da declaración de espazos de usos portuarios no concello de Cambados e o que fixeron dende o Ministerio de Transición Ecolóxica e demais. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben e fai acenos coas mans.)* Non, claro, declaración de espazos de usos portuarios. Do primeiro que nos informan é de que o mercado ten que desaparecer de aí porque iso non ten uso portuario. *(Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Como que qué xustificación fixo a Xunta? *(Murmurios.)* ¡Home! *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ¡Home! *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ¡Vanme dicir a min que xustificación fixo! *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ¡Home!, que se mande un escrito firmado por una directora xeral *(A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, amosa un documento.)* dicindo que terán que saír de aí tamén as depuradoras de moluscos cando lles venza a concesión, e logo que saia o alcalde dicindo: chamoume por teléfono e díxome que iso non era así... *(Murmurios.)* ¡Home!, eu só dixen: mire, que firme exactamente o mesmo que firmou no outro sentido. Porque eu por unha declaración dunha chamada de teléfono, como comprenderá... Non estamos para esas cousas. *(Aplausos.)*

En definitiva, señor Torrado, un pouquiño de seriedade. Nós estamos facendo as cousas con rigor. Non me fale vostede de que non temos reunións. Temos reunións... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* A Fegamp ás veces pide unha reunión e logo ese mesmo día, pola mañá, chama e di: non, mire, que saiba que non imos ir á reunión. A min dáme igual. Nós estamos traballando con máis... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, consulte... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Consulte, claro. De momento, aínda é presidente o seu alcalde, ¿non? Pois pregúntelle ao seu alcalde se non nos pediron no mes de outubro do ano 2022 unha reunión, e o mesmo día da reunión chamaron e dixeron: «non imos asistir á reunión». *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Non, non, eu non minto. Eu dígolle unha cousa, señor Torrado, nunca me vai pillar a min nunha mentira. A vostede, si; a vostede si, porque xa o ten acreditado aquí: *(Aplausos.)* dende as mentiras que contou do centro de control ás mentiras que está contando hoxe en día. *(Aplausos.)* Si, o que lle dixen ao principio: estude e demostre que estuda e que sabe comprender o que estuda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

(Aplausos.)

Continuamos co punto 6, preguntas ao Goberno.

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Conselleira Quintana, moitas grazas por elevar Raxó á categoría de concello, pero por agora somos só parroquia. Pero grazas. *(Risos.)*

Mire, bo día, señora conselleira.

Eu fágolle unha pregunta porque este ano, no mes de abril, a entidade Sogama publicaba un prego de licitación dun contrato por un valor estimado de 884.776,10 euros máis IVE. O proxecto deste contrato consistía nun servizo de asesoramento na definición da folla de ruta de Sogama 2024-2030 e unha asistencia técnica na definición e seguimento dela. A razón do contrato baséase na necesidade —dicía— de «abordar con urxencia o desafío climático e ambiental e que Galicia se sume á transformación prevista no Pacto verde europeo». Alégrome, señora conselleira, de que catro anos despois valoren vostedes o urxente, tendo en conta, ademais, a inactividade durante todos estes anos e tendo en conta tamén a postura que respecto disto teñen os seus novos mellores amigos e socios de goberno en todos os territorios alí onde gobernan; alí, alí onde poden, claro, e eses que de verdes só teñen o logo e que por cuestionar as políticas medioambientais ata defenden os beneficios do CO2.

Dicíalle que me alegraba da urxencia, pero cústame moito entender a necesidade; a necesidade de externalizar ese asesoramento, entre outros moitos motivos, porque a Xunta aprobou no ano 2019 esa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, que marcaba este camiño. Estratexia aprobada, ademais, o mesmo ano que ese Pacto verde europeo, que tiña como finalidade —dicía— establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático e contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia e que precisamente fixaba como meta esa neutralidade climática o antes posible.

Dende o Grupo Socialista cuestionamos, polo tanto, a necesidade de que Sogama externalice este traballo consistente en establecer esa folla de ruta que establecía a Estratexia. E só podemos entender isto na evidencia do fracaso da Estratexia ou nun despilfarro de cartos innecesario. Señora conselleira, moito mellor nos iría se no canto de documentos, follas de ruta, estratexias ou similares, comezasen vostedes por cumprir o que marcan no papel e executan o orzamento previsto para isto, para que polo menos Galicia deixe de estar entre as comunidades autónomas que teñen os peores resultados en materia de reciclaxe. No caso de externalizar servizos, poden facelo os técnicos da Consellería ou de Sogama, que en 2023, ademais, xa tiñan que estar feitos.

Súmense vostedes ao que están a facer outras comunidades autónomas, adecúen estes plans á Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética, aprobada a nivel estatal, fixen unha estratexia conxunta, transversal e adecuada á normativa estatal e poñan as pilas na construción de plantas de biorresiduos coa acción das plantas de transferencia, porque na actualidade vostede xa sabe tamén que Sogama non conta cos recursos técnicos para tratar todos os residuos orgánicos no caso de que todos os concellos se poñan a cumprir a lei. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para responder, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Castro, unha vez máis o único interese que teñen vostedes por Sogama é poñer en dúbida o seu traballo e, por outro lado, tentar confundir a xente.

Non se lles viu, a verdade, tan preocupados cando o Goberno central decidiu que os concellos de máis de 5.000 habitantes tiñan que cumprir co quinto contedor, ano e medio antes, sen ter absolutamente nada organizado. E, ¡ollo!, é que o 31 de decembro deste ano todos han de ter implantado o quinto contedor.

E tampouco se lles viu nada preocupados cando o Goberno central decidiu subir impostos, ou cando creou un novo imposto que, ao final, teñen que abordar todos os galegos e as galegas.

Non teño problema en resolver as dúbidas sobre o servizo que permitirá deseñar unha folla de ruta en Sogama e que se enmarca dentro das políticas ambientais da Xunta de Galicia. Ten o seu máximo expoñente, efectivamente, na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada no ano 2019, perfectamente vixente, e na que os residuos e a súa correcta xestión son unha área prioritaria. Esta folla de ruta, cun horizonte 2030, responde á necesidade de seguir avanzando para ser unha empresa plenamente circular, e á de reverter a sociedade o seu potencial dende o punto de vista medioambiental, económico e tamén social. E para iso vai desenvolver este plan, para seguir dando un mellor servizo, tal e como lle exiximos a unha empresa pública.

Vostedes sempre din que o modelo Sogama é obsoleto, cousa que é totalmente mentira, pero tampouco lles gusta cando quere seguir mellorando para continuar á vangarda, incluíndo a dixitalización ou unha nova visión de expertos e de grupo de interese, que vai partir dunha análise plural onde se inclúe, efectivamente, non só a visión do gran equipo humano que ten Sogama, pola súa contrastada experiencia e formación, senón tamén a visión de expertos e técnicos do sector medioambiental, enerxético e económico, sen esquecer a propia doutros grupos de interese: concellos, provedores, contratistas ou veciñanza. E para iso será fundamental este servizo de asesoramento. Todo cun fin, e ese fin é que Sogama poida evolucionar para pasar de ser empresa xestora de residuos a ser xeradora de recursos. Esa é a liña que nos marcamos na Estratexia que aprobamos no ano 2019, para poder ampliar o seu campo de actuación, guiada en todo momento por tres obxectivos claros: protexer o medio ambiente en Galicia, crear emprego verde e de calidade, seguindo as directivas europeas, e mellorar o benestar e a calidade de vida da cidadanía.

Polo tanto, señora Castro, este contrato, que é un servizo de asesoramento no que se recollerán todos os puntos de vista posibles, servirá para enriquecer e optimizar ao máximo o funcionamento de Sogama ao longo de seis anos. Por certo, acaba de ser adxudicado —xa lle digo a quen— a Idom Consulting por 478.455 euros, para a elaboración e posta en marcha deste plan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten novamente a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, nós non confundimos. A realidade é que Sogama actualmente trata 234.000 toneladas de residuos orgánicos ao ano. ¿Como vai facer cando todos os concellos cumpran o establecido na lexislación estatal? Porque non ten capacidade para tratar todo o residuo orgánico. Polo tanto, insístolle, teñen que solventar esta carencia, e a única fórmula é poder levar a cabo que estes tres sistemas de xestión existentes en Galicia, que son Sogama, Nostián e Barbanza, dialoguen entre si e coa Xunta de Galicia; que Sogama deixe de actuar coma se fose o único existente. Sogama segue insistindo en non colaborar cos outros sistemas implementados en Galicia, o que sería moito máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente. Teñen que abandonar vostedes ese modelo vertical de decisión e dar paso a un modelo de responsabilidade compartida cos representantes municipais no Consello de Administración de Sogama, con voz e voto.

E, señora conselleira, vostede xa quedou desautorizada en materia de xestión de residuos dende o momento en que foi incapaz de cumprir eses prazos de implantación do colector marrón que marca a lexislación estatal. E por non falar tamén deste incumprimento do Plan de xestión de residuos urbanos 2011-2022, onde non acadaron nin a cuarta parte dos obxectivos marcados, porque a realidade é que os datos oficiais da propia Xunta de Galicia sitúan a Galicia na cola de España en materia de reciclaxe, e agora aproban un novo plan que marca uns obxectivos concretos, pero que é unha suma de infinitivos, porque xa non marca obxectivos.

Con todo isto o que está a pasar é que as outras comunidades autónomas avanzan e nós seguimos a queimar lixo, ignorando que as políticas de loita contra o cambio climático e de redución das emisións deben contemplar unha correcta xestión do carbono contido nos residuos, impedindo a súa liberación á atmosfera.

Señora conselleira, tendo en conta que a valorización enerxética é o fin principal da xestión de Sogama —o 64 por cento do que entra alí—, nós entendemos que esta licitación realmente ao que responde é ao dito de: «non saben onde meter os cartos».

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López):

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Eu creo, señora Castro, que vostede non se entera. Quen ten que implantar o quinto contedor son os concellos; quen estivo a carón deses concellos somos nós; os que estamos facendo as 17 plantas tamén somos nós, dende a Consellería e dende Sogama. Polo tanto, ¿de onde saca vostede que non vai ter capacidade, se se ampliou a capacidade e, por outro lado, antes do día 31 de decembro deste ano as plantas estarán operativas? Xa poden visitar vostedes, por exemplo, a de Cervo.

Por outro lado, eu teño que dicirlles que non defenestren a Galicia. Foi a segunda comunidade que máis reduciu as emisións de CO2 a nivel español. Polo tanto, un respecto ao esforzo que está facendo Sogama e ao que están facendo as distintas empresas.

Queremos ser actores nese peso de transición de Galicia cara a unha verdadeira comunidade circular, descarbonizada e tamén sostible. Mire, eu teño que darlles as grazas aos traballadores —500 directos e 500 indirectos— que traballan en Galicia para Sogama, para os concellos, os 365 días do ano, pero tamén hai que seguir avanzando, e, polo tanto, remataremos eses dezasete proxectos, que son 40 millóns de euros. E sería bo que se analizasen tamén os datos da reciclaxe. Fíxese que hai concellos que presumen de reciclar, e o resultado é ben distinto. Galicia está nun 21,75 por cento. ¿Sabe vostede en canto está Pontevedra, cando presumía esa presidenta da Deputación, o Concello e non sei, todos os demais? Nun 17 por cento. Polo tanto, eu creo que hai que falar con claridade e non enganar.

E non enganar é dicir que bonificamos e axudamos a cidadanía e os concellos nun 15 por cento. Adheríronse un total de 156 concellos; non algúns, todos os que cumprían. E o único requisito que pediamos é que revertese no recibo do lixo e que se fixesen campañas para incrementar a reciclaxe. Nalgúns casos nin sequera tiveron a decencia de solicitalo. Polo tanto, prexudicaron eses concellos aos seus propios cidadáns.

Eu diríalles que viaxen un pouco máis por Europa e que, se non queren viaxar, se asesoren, e digo «asesorar» polo seguinte. Países como Suecia, Dinamarca ou Finlandia están en porcentaxes do 56 por cento de valorización enerxética. A media europea está nun 28 por cento, coa particularidade de que os países que máis valorizan son tamén os que máis reciclan, botando por terra ese argumento obsoleto de que reciclaxe e valorización son antagónicos. Pero direilles: é que foi o Ministerio de Transición Ecolóxica quen dixo que o modelo Nostián e o modelo Barbanza non cumprían e que non podían seguir nesa situación, e Sogama o que fixo foi tender a man, xunto coa Consellería de Medio Ambiente, para dicirlles que hai que cambiar o modelo, que teñen vostedes que cumprir porque, se non, ao final, as sancións van ser enormes e van repercutir na cidadanía. Polo tanto, a min gustaríame que se asesorasen antes de defenestrar os modelos

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón o Goberno galego sobre a entrada en servizo na rede ferroviaria da nosa Comunidade Autonómica dos trens AVRIL, que permitan garantir os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno central

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por un tempo de tres minutos, ten a palabra don José Manuel Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, os tres AVRIL son os ferrocarrís de moi alta velocidade e máis avanzados de Talgo. Destacan dúas características destes trens de última xeración: a primeira, que son máis accesibles, deseñados nun único piso e á mesma altura da plataforma, o que permite acceder ao tren e desprazarse por todo o seu interior sen chanzos nin ramplas. A segunda, e a máis importante, é que son dun ancho variable. Están concibidos para circular por liñas con diferentes anchos de vía, como é o caso da que une Galicia con Madrid, ou cun ancho internacional ata Ourense, o ancho ibérico, ata o resto das cidades.

En definitiva, é unha tecnoloxía que permite utilizar trens AVE nas conexións interiores entre as principais cidades galegas, pero en Galicia seguen a privarnos destes trens. En materia de transportes, sabemos mellor ca ninguén que Sánchez fai, ou facía, o contrario do que promete. Só é preciso botar unha ollada á hemeroteca. Primeiro dixeron que os trens AVRIL estarían listos no 2022. O 19 de decembro de 2021 dicía: «*La ministra de Transportes prevé que los trenes AVRIL estén en funcionamiento en Galicia durante el 2022, y ha calificado de momento histórico la inauguración este lunes del AVE a Galicia*». Esta data foise atrasando para finais do 2022. O 10 de xaneiro de 2023 dicían: «*Los trenes AVRIL no llegarán a Galicia hasta el verano o inicio del otoño, según Pardo de Vera*». E, atropelados pola realidade e polo calendario, ofreceron unha nova data. O 18 de maio do 2023 dicían: «*La ministra de Transportes sitúa los AVRIL en octubre o noviembre. La alta velocidad ferrroviaria aún no será una realidad en Galicia durante la temporada alta de este verano*». Isto supón atrasar unha vez máis a data que se nos comprometeu aos galegos e ás galegas. E as visitas dos membros do Goberno de Sánchez a Galicia só serviron para traer malas novas. Unha e outra vez só veñen confirmar un novo atraso na chegada dos trens AVRIL á nosa comunidade.

A realidade é innegable. Non poden ocultar, por moito que se esforcen, que Sánchez segue incumprindo un tras outro os seus compromisos con Galicia. Pola falta de capacidade e de vontade do seu goberno, a alta velocidade en Galicia segue incompleta, e os cidadáns da Coruña, de Santiago e de Pontevedra ou de Vigo terán que seguir agardando para poder desfrutar do AVE, que tanto tempo leva comprometido, pero que non se acaba de facer realidade.

Nada máis e moitas grazas, señoría.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para contestar, ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois o certo é que o dos tres AVRIL é, certamente, unha crónica dun incumprimento anunciado e un rosario de incumprimentos por parte do Goberno de España para eses trens —os trens AVRIL— que necesita Galicia, de rodadura desprezable, para que a alta velocidade chegue máis aló de Ourense.

Viamos como a semana pasada o Goberno de España nos dicía que tiñamos que esperar para concretar unha data para a chegada deses trens AVRIL de rodadura desprezable, e o certo é que levamos anos esperando. Chegou a Ourense, despois de case vinte anos de obras e de diferentes gobernos, e estamos xa cansos de tanta espera para a chegada dos trens AVRIL para o resto das cidades, máis aló de Ourense. O Goberno de España, de Pedro Sánchez, non se esmera nada en cumprir as súas promesas, e polo tanto o que vemos é que non lle importa, dende logo, Galicia. No día de hoxe a única certeza é que non sabemos para nada cando chegarán os trens AVRIL, de rodadura desprazable, a Galicia. Tiñamos diferentes datas: comprometéusenos para o verán do ano 2022; despois comunícasenos, polos medios de comunicación, que será a finais do ano 2022; despois a principios do 2021; logo o secretario de Estado acode a Lugo e di que en abril comunicará a data para a chegada dos trens AVRIL; en abril, nada; chega maio e, nun acto de campaña, a ministra de Transportes do Goberno de España, acurralada, contesta que o certo é que a ver se chega para o mes de outubro ou novembro. O único que sabemos é que este verán non van chegar os tres AVRIL de rodadura desprazable a Galicia, e, polo tanto, que estaremos un verán máis sen eses trens necesarios para que a alta velocidade chegue a Santiago, á Coruña, a Pontevedra e a Vigo.

E non sabemos nada tampouco da chegada da alta velocidade a Ferrol, dese plan de investimentos para que a alta velocidade chegue a Ferrol. Tampouco sabemos nada de que a alta velocidade chegue a Lugo, porque non sabemos nada deses plans para que sexa unha alta velocidade de verdade a Lugo. Polo tanto, o certo é que xa non nos sorprende que chegue máis aló de Ourense, porque os incumprimentos do Goberno de España son evidentes. E estamos xa moi molestos, porque escusas, moitas —pandemia, crise de materiais, crise de abastecemento...—; pero feitos, ningún, e, dende logo, explicacións, tampouco ningunha.

Polo tanto, o único o que se nos di é que hai esperar. Pois imos ter que esperar sentados, porque hai moito que esperar. Polo tanto, un verán máis sen a alta velocidade nas cidades, un verán máis con Galicia limitada nas súas potencialidades e outro verán máis tamén sen o viaduto da A-6.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten novamente a palabra, por dous minutos, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falou vostede de esperar. Eu diría «esperar, esperar e esperar», porque todo canto di este goberno en tema ferroviario o incumpre todo. É dicir, que poderiamos resumir e dicir que o Goberno central foi o goberno máis nefasto en tema de infraestruturas de competencia nacional coa nosa comunidade autónoma.

Pero non se preocupe, señora conselleira, porque isto o imos arreglar. Estea vostede tranquila que isto o imos arreglar rápido. O que non fixo o Partido Socialista e Podemos, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, a partir das eleccións que están xa convocadas, vaino facer un goberno do Partido Popular, presidido por un señor que sentaba non hai moito tempo alí, nese escano, *(O señor Balseiro Orol sinala co dedo un escano.)* que é Alberto Núñez Feijóo, e os trens chegarán a Galicia. *(Aplausos.)* ¡Os trens chegarán a Galicia! Porque é certo que ao Partido Popular sempre lle tocou arreglar as desfeitas que deixaron os socialistas e o Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)* O Bloque Nacionalista Galego, ¿non ve vostede que está contento nestas eleccións? Se vostede colle agora e mira en todos aqueles concellos que gobernan, ve que en todos baixaron, salvo nun. En todos baixaron representación, pero a eles válelles. ¡Oia!, se a vostedes lles vale, a nosoutros, tamén. Sigan vostedes aí e, mentres vostedes estean contentos, vostedes seguirán na oposición e nós seguiremos no Goberno. *(Aplausos.) (Murmurios.)* É tan fácil coma iso, ¡é tan fácil, tan fácil, coma iso!

Porque, ademais, onde vostedes perden, aínda encima presumen de gobernar; é dicir, perden as eleccións e aínda encima presumen de gobernar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xustamente, iso era o que quería, que viñese aí, á Alcaldía de Lugo, entre outras, onde vostedes perderon estrepitosamente —¡estrepitosamente!— e presumen de gobernanza. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra, por tres minutos, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, o certo é que en materia de infraestruturas o Goberno de Pedro Sánchez, moitas escusas, poucos feitos ou case ningún feito, e, dende logo, ningunha explicación sobre todas esas promesas incumpridas e incumprimentos reiterados en materia de infraestruturas en Galicia. Xa estamos acostumados en Galicia a que a palabra do Goberno de Pedro Sánchez non valla nada, e nese sentido vemos reiterados incumprimentos e anuncios tamén de Talgo que non aclaran a situación da alta velocidade a Galicia. O único —insisto— que traslada o Goberno de España é que temos que esperar, e no día de hoxe non sabemos se esas unidades de trens AVRIL son de ancho variable, os que se van entregar de forma escalonada, e tampouco sabemos nada de se esas primeiras unidades de ancho variable van chegar a Galicia. Non sabemos tampouco nada de cantas unidades de trens AVRIL de rodadura desprazable se van destinar a Galicia, e tampouco sabemos cando eses tres AVRIL van poder estar ope-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rando comercialmente cara á Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo. O único que sabemos é que este verán novamente teremos que agardar e pasar un verán máis sen os trens de alta velocidade, e unha vez máis o único que sabemos é que o Goberno de España nos di que temos que esperar.

Polo tanto, non sabemos nin cantos nin cando chegarán eses trens necesarios para que a alta velocidade chegue máis aló de Ourense. Ningunha explicación, ningunha comunicación oficial. O certo é que dende a Xunta de Galicia temos outra forma de xestionar as infraestruturas. Dende logo, somos doutra escola, defendemos os intereses dos galegos e queremos sacarlle o máximo partido á alta velocidade. Por iso seguiremos alzando a voz para demandar que a alta velocidade chegue ao resto de Galicia. Pedimos e volvemos reclamar información certeira sobre cantos trens AVRIL se van destinar a Galicia e cando se van destinar a Galicia. Nós temos feitos os nosos deberes. A pesar de que non nos corresponde, Galicia necesita sete trens AVRIL de ancho variable, de rodadura desprezable, para ofrecer seis frecuencias diarias e contar cun AVE competitivo e completo para as cidades galegas.

Polo tanto, Galicia demanda e volve demandar unha vez máis esas sete unidades de trens AVRIL de rodadura desprazable para o seu servizo da alta velocidade. Polo tanto, estamos cansos —e diría que fartos— deses incumprimentos reiterados. Moitas escusas; ningún feito, ningunha explicación; incumprimentos sistemáticos, e o único que se nos di é que Galicia ten que esperar.

Pola miña parte, nada máis

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira

Proseguimos coas preguntas.

Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a previsión da Xunta de Galicia de facer un plan de conservación das estradas de competencia autonómica

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Pensei que me ía dar o turno de réplica na anterior resposta o señor Balseiro, porque a verdade é que, en vez de dirixirse á conselleira de Infraestruturas, se dirixía a esta bancada. E si, señor Balseiro, nin a Presidencia da Deputación de Lugo, nin o Concello de Lugo van estar presididos polo Partido Popular; seguirán a estar presididos polo PSdeG, por moito que proa por esa bancada. *(Aplausos.)*

Señor Balseiro, fala tamén hoxe de novo de seguridade, e de seguridade viaria, e vostedes saben coma min que o Goberno central xa lles ten dito que na fase na que estamos agora dos trens AVRIL é nesa proba para dotalos da maior seguridade, pero Balseiro a verdade é

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que sempre atina para falar de seguridade viaria nesta Cámara, porque hoxe de novo estaba citado a declarar o xefe de filas do Partido Popular en Galicia —que é o que manda— por ese presunto delito contra a seguridade viaria. *(Aplausos.)* A verdade é que atina vostede moito coas súas preguntas, señor Balseiro.

E miren, imos seguir a falar de seguridade viaria, porque ter un bo mantemento e conservación das estradas de competencia autonómica, de competencia da Xunta de Galicia, dende logo que redundaría en ter maior seguridade nelas. Os numerosos derrubamentos que se deron a principios deste ano en estradas galegas amosan a falla de mantemento e conservación do Goberno galego nestas estradas da súa titularidade. Despois saíron con medidas urxentes para atallar estes derrubamentos, amosando, por tanto, unha falla e unha ausencia total dun plan anual para a conservación e o mantemento das estradas de titularidade galega.

Ademais destes derrubamentos provocados, en maior parte, por condicións climatolóxicas, pero tamén por esa falta de mantemento, temos outros exemplos ao longo e ancho da nosa comunidade autónoma. En marzo de 2022, produciuse ese derrubamento duns 200 metros da estrada autonómica LU-651, dende Folgoso do Courel a Quiroga, o principal acceso ao Courel, que tamén é a infraestrutura fundamental para esta comarca. Por certo, aquí, ademais da falla de información do Goberno galego, houbo reiterados atrasos, tanto na adxudicación como na execución do desvío.

Ante o incumprimento da mellora da estrada de Viveiro-Cabreiros —iso que prometera tamén o señor Feijóo—, mentres non se teña a ben acometela por parte da Xunta de Galicia, pois deberían, dende logo, facer un bo mantemento da estrada LU-540, que une estas localidades.

Pero, mire, señora conselleira, hai falla de mantemento e situacións lamentables nas catro provincias galegas nas estradas da súa titularidade: na PO-552, en Nigrán, na avenida Mendiño e na avenida de Vigo, en Redondela, na Illa, no asfaltado tamén deficitario no treito urbano en Cedeira, na estrada entre Espasante e Ortigueira, no acondicionamento na LU-730, na Fonsagrada, ou melloras tamén nas vías que pasan polo centro urbano de Boiro.

Polo tanto, señora conselleira, a pregunta é moi clara: ¿para cando ese plan de conservación de estradas de titularidade autonómica por parte da Xunta de Galicia —algo que vostedes lle piden ao Goberno central, no que, por certo, contan co apoio deste grupo—? ¿Para cando os deberes...? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Para responder, por tres minutos, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, eu non sei por que saca tanto peito, porque o certo, pola información que teño, é que na provincia de Lugo perderon vostedes máis de 50 concelleiros. Polo tanto, non sei por que saca tanto peito. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, en calquera caso, pola cuestión da pregunta, centrándonos na pregunta, semella que non segue para nada a actividade da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten un plan de reforzos de firme, e o Goberno de España non ten un plan de reforzos de firme. Polo tanto, o certo é que non está ao día da actividade da Xunta de Galicia, polo menos en materia de estradas, e tampouco debe estar ao día en materia de estradas por parte do Goberno de España, porque aí si que Galicia ten un problema nas estradas de competencia do Goberno de España. Falta de conservación... ¿Que falar da A-6? Estes tres minutos nin chegan, nin chegarían moitísimos máis. E da A-52, etc.

O estado das estradas do Goberno de España é lamentable, e a Xunta de Galicia por suposto que ten un plan de reforzos de firme. Ten un plan de reforzos de firme e somos un exemplo a seguir. Xa nos gustaría a todos os galegos que o Goberno de España tivese un plan de reforzos de firme como o que ten a Xunta de Galicia para as estradas da súa titularidade.

Os galegos transitamos polas estradas, señoría, e os galegos podemos comprobar como as estradas da Xunta de Galicia están ben e como o firme das estradas do Goberno de España é un —voulle dicir unha palabra que o define coloquialmente moi ben— «rebentarrodas». Si, señoría. Parece mentira que non siga a actividade da Xunta de Galicia: temos un plan de reforzos de firme e o Goberno de España non ten un plan de reforzos de firme; debe ser a única que non o ve.

Na Xunta de Galicia, nos cinco últimos anos, soamente en reforzos de firme —porque ademais de reforzos de firme está a conservación ordinaria, está a vialidade invernal, está o plan e o programa de inspección das obras de paso dos muros e dos noiros, que somos a única comunidade autónoma en España que conseguimos fondos europeos para vixiar os noiros—, 95 millóns de euros; unicamente en reforzos de firme extraordinario. Este ano, no que vai de ano, xa licitamos 20,5 millóns de euros de reforzos de firme, exclusivamente e específicos en reforzos de firme. Polo tanto, en seis anos, 115 millóns de euros exclusivamente en reforzos de firme, dos 5.500 quilómetros das nosas estradas. A maiores, na autovía Santiago-Brión, a concesionaria está executando un reforzo de firme por 5,9 millóns de euros. Na autovía do Barbanza van empezar, 6 millóns de euros. ¿Onde está o problema nas estradas de Galicia? O problema das estradas de Galicia está no Ministerio de Transportes e, polo tanto, no Goberno de España de Pedro Sánchez.

Licitamos, como digo, 20,5 millóns de euros no que vai de ano, e o Goberno de España, nada, en materia de reforzos de firme. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten novamente a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Bueno, conselleira, podía preguntarlle tamén ao que manda no Partido Popular de Galicia se rebenta tanto as rodas, porque a algunha persoa que vai a esa velocidade por una carretera estatal, por certo, non lle rebentou ningunha roda. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, conselleira, vostedes piden aos demais o que vostedes non fan. Esa é a súa política, pedirlles a outras administracións o que vostedes non fan.

Mire, señora conselleira, ¿onde está ese plan de mantemento? ¿Onde está ese plan de conservación? ¿Onde está ese plan de reforzo de firmes do que vostede falaba? Debe estar na súa imaxinación, porque, dende logo, vemos constantemente a falla de mantemento e de conservación das estradas de titularidade autonómica.

E, claro, vostede di que o problema das estradas de titularidade autonómica é culpa do Goberno de Pedro Sánchez. Mire, en Galicia o Goberno de Pedro Sánchez investiu dende o ano 2019 ata xaneiro de 2023 máis de 552 millóns para o mantemento e mellora da Rede de estradas do Estado; un investimento, por certo, histórico, no mantemento da rede viaria. Só no ano 2022, para esta conservación, houbo máis de 83 millóns. Polo tanto, tivo que ser este goberno o que corrixise o déficit de mantemento que arrastraba a Rede de estradas do Estado en Galicia, debido ao deixamento e abandono de anteriores administracións e garantindo este goberno —este— os investimentos que a nosa rede necesita.

Pero, se quere, falamos tamén do pasado, porque, claro, estas infraestruturas —tamén de titularidade estatal— seguro que se atopan así por consecuencia deses máis de 2.300 millóns de euros que non foron executados polo Goberno de Mariano Rajoy en infraestruturas en Galicia. E quero que recorde, señora conselleira, que a peor cifra para investimento en infraestruturas na nosa comunidade autónoma veu da man dos orzamentos xerais do Estado do ano 2017, que, por certo, levaban a rúbrica e o nome do Partido Popular.

Polo tanto, señora conselleira, faga ese plan de conservación anual de estradas de titularidade autonómica, porque os veciños e as veciñas de Galicia, dende logo, necesitan circular por estradas en mellores condicións.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Para a réplica do Goberno, ten novamente a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señoría, está a demandar algo vostede que xa existe, e vólvolle dicir que non ten información, nin está ao tanto, nin está ao corrente da actividade que fai a Xunta de Galicia en materia de estradas. E debería de estar informada. Porque somos un exemplo en plan de reforzos de firme. Pero, señoría, eses 500 millóns de euros... ¡É que se trabuca, mestura todo! Aí están os 26 millóns de euros dese viaduto da A-6, que, despois de investir 26 millóns de euros, cae, colapsa. Aquí estamos falando de firmes, de reforzo de firmes. A maiores do reforzo de firmes, que xa lle indiquei que licitamos este ano 20,5 millóns de euros, se facemos o balance dende os seis últimos anos, son —insisto— 115 millóns de euros especificamente e soamente de reforzos de firme. Non vou dicir en toda España, porque vostede mestura toda España con obra nova, e non, aquí estamos a falar de conservación e de reforzos de firme. Á parte dos reforzos de firme, que son 115 millóns de euros, está o Plan de conservación e vialidade invernal, no que nós estamos investindo 133,5 millóns de euros; a inspección de obras de paso, muros e noiros —pioneiro pola inspección en noiros—, con 4,1 millóns de euros; o

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

control da biomasa, con 3 millóns de euros —que acabamos de asinar unha encomenda con Seaga—... Polo tanto, a Xunta cumpre coa conservación de estradas e a Xunta ten un plan de reforzos de firme e un plan de conservación, tanto extraordinario como ordinario, nas nosas estradas.

O Goberno de España non pode dicir o mesmo; non pode dicir o mesmo o Goberno de España. Eu vólvolle insistir: ¿vostede circulou pola AP-53 —o meu compañeiro Román, seguro—, una autovía de peaxe sen unha bonificación? Invítoo a que transite pola AP-53: fochancas...; está intransitable, tremendamente deteriorada. As tres autovías estatais... Señoría, é que aquí *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)* non hai nin estrada. Isto é a A-6; nin hai estrada aí. A ver se aos galegos lles chega a media emerxencia. Na N-540, do Goberno de España, *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)* ¿onde está o Plan de reforzos de firme do Goberno España? Nós temos un plan de reforzos de firmes —de 115 millóns de euros unicamente— nas nosas estradas da nosa titularidade. A N-120 *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)*, a A-52 tamén *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)*, a A-6 *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)*, seguridade viaria —falaba vostede da A-6—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Faille graza como temos a A-6?, ¿faille graza? Estamos incomunicados por todo o norte de Lugo, por todo o norte de Galicia, ¡incomunicados! *(Murmurios.)*

Nós estamos a traballar e, polo tanto, eu vouna invitar a que faga seguimento da actividade da Xunta de Galicia en materia de estradas. Temos un plan de reforzo de firme específico, temos un plan de conservación ordinaria e de vialidade invernal, temos un programa de inspección de estruturas e noiros e temos un programa de control de biomasa. ¡Xa nos gustaría que o Goberno de España tivese o mesmo plan de reforzos de firme que ten a Xunta de Galicia! *(Murmurios.)*

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións respecto da regulación da aprendizaxe do idioma portugués nos centros de ensino

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas.

Bo día, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia conta dende 2014 cunha lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como a «Lei Paz Andrade» e aprobada por unanimidade neste Parlamento; un texto lexislativo moi agardado que case unha década despois segue sen ser cumprido, que foi un xesto cara á galería e dotado de pouco compromiso. Esa lei consta de tan só cinco artigos —¡cinco!— e, pese a que deberían ser de doado cumprimento, a realidade é xustamente a contraria. Practicamente se incumpre todo o seu articulado, e non existen plans que o desenvolvan nin tampouco orzamentos definidos. É certo que se deron pasos no avance cara ao prestixio e promoción da lingua irmá no noso país, pero, de momento, son tímidos e case na súa totalidade produto do traballo das entidades que traballan neste ámbito.

Froito deste desinterese polo portugués por parte do Goberno galego é a inexistencia dunha oferta regular deste idioma para moito do alumnado do noso país, o que tamén, ademais, repercute nunha situación de escaseza e precariedade do profesorado. Nin hai unha oferta regular de portugués no ensino obrigatorio nin tampouco se ofrece en todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia, o que é unha decisión absolutamente inexplicable. Non hai vontade —sabémolo—; non en van outro delirio máis —aínda que teño que recoñecer que sen demasiada sorpresa— é que o Grupo Popular recentemente votou en contra de incorporar a oferta de portugués na Escola Oficial de Idiomas de Verín. É certo que, ao parecer, a especialidade do portugués está consolidándose nos centros como segunda lingua, pero sabe vostede que iso acontece moi paulatinamente, só onde esa oferta está realmente consolidada. Naqueles centros onde o portugués se ofertaba como materia de libre configuración, estase perdendo; ou sexa, non existe unha oferta regular de portugués para moitísimo alumnado do noso país. E coincidirá comigo en que esta situación non parece demasiado lóxica cando asumen na Lei Paz Andrade literalmente que «é preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, xa que a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes». Isto dío a lei; unha lei que asegura, ademais, no seu artigo 2 —dos cinco que hai—, que o Goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino de Galicia. Claro que nós descoñecemos qué entende o Goberno galego por «progresivamente», claro.

Por iso, nós hoxe o que queremos saber, señor conselleiro, é se ten previsto reunirse coas entidades que traballan arredor da lingua portuguesa e a docencia en Galicia para elaborar un marco normativo que regule a aprendizaxe dese idioma nos centros de ensino e para a creación dos departamentos didácticos de portugués nos institutos de educación secundaria de Galicia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bueno, a verdade é que a súa pregunta é moi concreta. Eu vou responder moi concretamente e despois explicarei con máis detalle algúns dos aspectos que aquí se dixeron.

Pregúntame se houbo reunións con estas entidades. Por suposto que houbo reunións. A Consellería reuniuse con estas entidades; non o conselleiro, pero si a estrutura da Consellería; o secretario xeral en moitas ocasións, e despois darei fechas.

Tamén pregunta se existe marco normativo que regule a aprendizaxe do idioma portugués nos centros de ensino. Xa existe. ¿Como non vai haber unha regulación das linguas estranxeiras? Hai uns currículos, hai as leis...; está absolutamente regulado. ¿Como non vai estar regulado? A non ser que se queira unha regulación diferente á regulación de calquera lingua estranxeira dentro do sistema educativo. E tamén di que se cren departamentos de didáctica. Xa existen, xa hai unha regulación que os permite crear; de feito, hai 18 creados. Co cal verá vostede que eu entenda que hai pouca solidez, se se quere, nesta pregunta.

Obviamente, a Lei Paz Andrade, aprobada por unanimidade, é unha grande oportunidade para os galegos, ¡unha grande oportunidade! Hai un cumprimento do artigo 2 —que vostede fala como se o incumpriramos—, hai un cumprimento absoluto; estámolo incorporando de xeito progresivo e en función da demanda do estudantado.

Agradecemos que si dixese que se deron pasos no avance cara ao prestixio e promoción da lingua irmá no noso país. Agradecemos iso, pero non podemos compartir o que di despois, «que son pasos tímidos», sacándolle mérito ao traballo que se está a facer para potenciar a lingua portuguesa. Eu creo que non se deben restar méritos. Tamén é certo que calquera cousa que faga o Goberno do PP a vostedes non lles vale, pero creo que de xeito progresivo se está incorporando. Estamos xa aproximadamente en 5.000 alumnos. ¿Que nos gustaría ter máis? Por suposto que nos gustaría ter moitos máis alumnos, pero tampouco podemos crear unha demanda artificial. Son os alumnos os que libremente escollen se desexan estudar portugués si ou non como segunda lingua estranxeira, e cando hai alumnos para formar un grupo, créase sen ningún tipo de problema. Xa lle dixen que temos departamentos didácticos creados. Fomentar o ensino e a aprendizaxe é unha obrigación —estámolo facendo—, pero tamén esta obrigación ten que ser compatible coa normativa educativa e lingüística de Galicia. Non podemos facer unha normativa propia, e hai que ter a mesma normativa que ten o francés ou que ten calquera outra lingua, como non pode ser doutro xeito.

Pregunta se estamos, pola nosa parte, tendo reunións. Xa lle dixen que si; é máis, nalgúns dos colectivos dos que vostede fala temos programas onde somos socios, onde estamos facendo unha promoción conxunta para fomentar que os alumnos se matriculen en lingua portuguesa. Sen ir máis lonxe, temos un programa coa Asociación de docentes de portugués que mire como se denomina: «Amor à primeira vista» —coa lingua portuguesa—, que está orientado, como xa digo, a fomentar que os alumnos poidan estudar portugués e demanden portugués nos institutos galegos, tanto en ESO como en bacharelato.

Señoría, o que vostede di estase facendo. ¿Que nos gustaríanos ter máis? Si, pero iso depende —como estou dicindo— da demanda do estudantado galego.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, conselleiro.

Para a réplica, ten novamente a palabra dona Noa Susana Díaz.

A señora DÍAZ VARELA: Señor conselleiro, por moito que tente transmitir interese por parte do seu Goberno en avanzar e impulsar os vínculos necesarios coa lusofonía e, en particular, no ámbito educativo, non é crible o seu discurso. E non temos máis que ir aos feitos. Comprometéronse coa Academia a ofrecer a opción de portugués nos sobres de matrícula dos centros de secundaria, e non o fixeron. ¿Como van saber se o estudantado quere estudar portugués se non llelo preguntan? Efectivamente, se non llelo preguntan, non o van ofertar. ¿Cando, entón, van saber cal é o nivel de demanda dese idioma no noso país? ¿Que compromiso teñen vostedes co portugués, cando non se oferta en todas as escolas oficiais de idiomas? ¡Escolas oficiais de idiomas, señor conselleiro! ¿Que interese teñen vostedes en promocionar a aprendizaxe de portugués entre o alumnado galego nos centros educativos? ¿Existe algún tipo de iniciativa súa propia? Porque si sei que había unha da Asociación de docentes que nin as propias redes sociais —porque era unha campaña nas redes sociais da Consellería— foron quen de compartir, para fomentar esa escolla e non deixalo ao voluntarismo do profesorado. E xa lle digo eu que non. ¿Como van escoller portugués os rapaces e as rapazas se non hai nin unha soa acción de promoción que lles explique as bondades de coñecermos ese idioma irmán?

Por non falar da precariedade do profesorado. Señor conselleiro, é preciso completar as prazas con persoal definitivo alí onde o idioma, como segunda lingua, está consolidado, e iso non existe tampouco agora. Sabe ben, ademais, que estas demandas son recorrentes por parte tanto da Asociación de docentes de portugués na Galiza, como da Academia Galega de Lingua Portuguesa e da Asociación Galega da Lingua. E falan de normativas que garantan iso. Señor conselleiro, ten enriba da mesa propostas concretas, unha xa redactada, como o borrador de decreto pola Asociación de docentes e a Academia, que determina a presenza do portugués en todos os niveis educativos, e moitas outras cuestións. Tamén unha normativa que regula, determina e promove a existencia de departamentos de portugués nos centros galegos. Mesmo tamén ten outra da Agal, que, ante a falla de profesorado especializado, propón integrar o portugués dentro da materia de galego. Non me diga vostede que fala con estas entidades, porque nós si falamos e sabemos ben que o que está dicindo aquí non é certo. ¿Por que? ¿Cal é a razón deste silencio? ¿Cal é a razón de non asumir estas propostas ou de sentarse a traballar con elas e consensuar? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno por tres minutos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señoría, penso que compartiremos que fomentar o ensino e a aprendizaxe da lingua estranxeira ten que ser compatible e ten que ter encaixe compatible, desde a perspectiva normal, coa normativa educativa e lingüística tanto de Galicia

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como do Estado. Entenderemos iso; se non entendemos iso, eu creo que é mellor dicir «apaga e vámonos».

Por suposto, o ensino do portugués está en todos os currículos, e cando hai alumnos suficientes para crear un grupo, confórmase este grupo e está dentro das normas de organización dos centros educativos.

Vostede ten unha postura; incluso nega que exista unha normativa de creación de departamentos. Acábolle de dicir que xa existen 18 departamentos didácticos pensados da aprendizaxe de portugués. Entenderá que isto ten que estar regulado, e ten que estar regulado como para unha lingua estranxeira máis.

Mire, dende hai nove anos tense avanzado moito. Non podemos caer en ningún triunfalismo, nin moito menos, queda moito por facer, pero tampouco entrar nun negacionismo como se non se fixese nada. Voulle dar uns datos, porque creo que é o mellor. Mire, dende que entrou en vigor a Lei Paz Andrade multiplicáronse por catro os alumnos de portugués —por catro—, e este curso por primeira vez ponse en marcha en FP; hai practicamente 200 alumnos no ámbito da formación profesional.

Falaba da Escola Oficial de Idiomas, de que non hai oferta. Mire, hai 1.069 estudantes nas oito escolas oficiais de idiomas. ¿Sabe cantas prazas libres hai? 1.209; é dicir, hai 1.209 prazas vacantes e están xa ocupadas 1.069, pero para vostede non hai oferta. ¡Perfecto!

Temos en todos os niveles educativos —en ESO, bacharelato e formación profesional— 18 departamentos de lingua estranxeira, seccións bilingües... Do ensino do portugués nas escolas oficiais de idiomas, xa lle dei os datos; vostede dicía que non había nada. Hai auxiliares de conversa —14 auxiliares de conversa— que están nos centros educativos onde se imparte portugués. E temos algo tremendamente importante en marcha, que está sendo avaliado neste momento polo Goberno portugués: firmar un convenio, un protocolo, co Instituto Camões para que aqueles alumnos que cursan portugués no sistema educativo galego teñan unha acreditación directa. É unha grandísima oportunidade, porque estamos falando dunha segunda lingua estranxeira que lles dá unha oportunidade aos galegos, porque ademais é —entre comiñas— «unha lingua fácil de aprender» —permítaseme que diga «fácil de aprender» entre comiñas pola proximidade que temos entre as linguas—.

Creo que dicir que non se fai nada, que é un desastre, que non se apoia, que hai un desleixo, etcétera, é faltar á verdade. É certo que nos gustaría facer máis, sen dúbida ningunha, pero tamén —como lle estou dicindo— ten que haber unha demanda educativa, e non podemos fomentar artificialmente unha demanda educativa. Temos feito moito, e queda moito por facer, pero, dende logo, cumprimos, respectamos, apoiamos e defendemos a Lei Paz Andrade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coa seguinte pregunta.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández e Dª Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra dona Olalla Rodil, por tres minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos. E bo día tamén á conselleira.

Recentemente saían publicados nos medios de comunicación os datos sobre a activación do Protocolo que existe no Sergas para actuar en casos de agresións sexuais nos que se produce una submisión química; un protocolo que foi creado pola Xunta en decembro de 2021, subscrito na área sanitaria de Ourense e que se estendeu ao conxunto das áreas sanitarias do país en 2022. Os datos o que din é que neste tempo o Protocolo se activou en 450 ocasións, nas que existía sospeita médica ou policial de que se producira esa submisión química, o que nos deixa case unha ao día.

Hai que lembrar que en Galicia se rexistraron —cos últimos datos que temos— aproximadamente máis de 600 delitos sexuais. Nunha parte desas agresións media unha substancia coa que se intenta someter ou se somete as mulleres agredidas; en concreto, para o conxunto do Estado, é en 2 de cada 3 das denuncias que se presentan por delitos de agresión sexual nas que existiría esa submisión, e non é —como podemos pensar, porque ocupa moito espazo mediático— a burundanga, por exemplo, a que ocupa esa maior porcentaxe. Os datos que ten a Consellería de Sanidade, pero tamén as forzas e corpos de seguridade do Estado, o que sinalan é que non existen datos constatados do uso desa substancia —da burundanga— como submisión química en Galiza, pero que si é o alcohol a principal —digamos— substancia rexistrada neses casos de violación e de agresións sexuais contra mulleres, nos que se somete a vontade destas mulleres a través de substancias psicoactivas. Son agresións que se producen na maior parte dos casos —advirten o persoal sanitario, as forzas e corpos de seguridade do Estado e recentemente aquí mesmo, no Parlamento, puidemos acoller o estudo realizado, entre outros, por Rial Boubeta— asociadas a situacións de ocio nocturno.

Hai un ano este Parlamento aprobou, a impulso do Grupo Parlamentario do BNG, unha proposta unánime para que se elabore un protocolo de prevención e intervención fronte ás agresións sexuais precisamente nestes espazos de ocio nocturno; un protocolo que nós entendemos que debe ser unha ferramenta, primeiro, útil para garantir a protección das mulleres neses espazos de lecer, pero tamén unha ferramenta clara para o propio persoal do ocio nocturno para poder determinar como deben actuar e facelo coas máximas garantías e seguridade legal tamén para o propio persoal.

Un ano despois de que se aprobase ese acordo unánime, nada sabemos das accións que impulsou a Xunta de Galiza —se as houbo— para executar ese acordo parlamentario unánime, e é polo que lle preguntamos: ¿que fixeron ao longo deste ano para cumprir con ese acordo?

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para responder, ten a palabra a señora concelleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

O primeiro que quero dicir, señora Rodil —estou segura de que é un erro, porque o dicía na formulación por escrito e agora o volveu repetir—, é que o acordo se aprobou o 21 de febreiro do 2023, non do 2022. Entón, non levamos un ano —que creo que é importante— para facer a tramitación do Protocolo. E publicouse no Boletín o 27 de febreiro do 2023, e ademais coa emenda transaccional, que, ao final, apoiamos todos os grupos da Cámara. Co cal, bueno, pois levamos tres meses máis ou menos dende entón. E si, a resposta é que si, que por suposto que imos aprobar ese protocolo. Voulle dar conta do que fixemos ata o de agora para que saiban que, efectivamente, estamos en vías de aprobalo.

Tamén quero que saiban que con anterioridade a aprobar nesta Cámara esa proposta xa estabamos traballando nese protocolo, porque, efectivamente, dende que se aprobou o Protocolo que vostede dicía sobre submisión química, pois xa falabamos creo que en máis debates da importancia de estender a todo o ocio nocturno un protocolo xeral.

Polo tanto, está elaborado este protocolo, e hoxe mesmo, o 31 de maio, remata o período de alegacións e achegas ao borrador, por parte dun grupo de traballo. Sabe que temos no Observatorio Galego da Violencia de Xénero un grupo —o cuarto— sobre pautas para a prevención e tratamento das distintas formas de violencia sexual, que abrimos precisamente no marco deste debate: o da importancia que, por suposto, ten esta forma de violencia de xénero. O borrador —por suposto—, ademais de estar dialogado co sector do ocio nocturno, ten a contribución ou as achegas dos seguintes profesionais, entidades e institucións: Consellería de Sanidade, Instituto Galego de Estatística, Dirección Xeral de Xustiza, Dirección Xeral de Función Pública, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Compañía de Radio e Televisión de Galicia, TSX de Galicia, dous sindicatos alegaron, Comisións Obreiras e CSIF, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Colexio Oficial de Psicoloxía, Colexio de Traballo Social e, por suposto, a propia Secretaría Xeral de Igualdade.

Co cal, imos ter ese manual común, que ten, ademais, os principios que estaban na propia iniciativa que aprobamos no Parlamento: basicamente a atención prioritaria á vítima, a universalidade, a diversidade, a confidencialidade, a formación e sensibilización —que o consideramos fundamental— e a coordinación e publicidade para a loita contra a violencia sexual.

A previsión é que entre o 5 e o 7 de xuño se convoque ese grupo cuarto de traballo para valorar o texto final, elevalo ao Pleno do Observatorio e aprobar o Protocolo. Por suposto, a

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dirección Xeral de Interior da Vicepresidencia Segunda convocará as cinco asociacións máis representativas de Galicia no marco da hostalería do ocio nocturno para informalas, e elaborarase e difundirase material informativo para todos os locais adheridos. Por suposto, darase tamén a oportuna publicidade no lugar preferente na web de Igualdade e nas redes sociais.

Máis nada. Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, por dous minutos, ten novamente a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, conselleira.

Efectivamente, ten toda a razón, o erro é meu, tanto na exposición oral como na escrita, porque o acordo é do 20 de xaneiro de 2023. Efectivamente, en todo caso, para nós era importante coñecer que hai uns meses —a nós, que nos gusta facer seguimento dos acordos e sobre todo daquelas cuestións que para nós son centrais, como a loita contra a violencia machista e a igualdade das mulleres en todos os ámbitos; sabe que é un traballo que no BNG ten un espazo central e estratéxico— que xa se estaba traballando niso. Eu agardo que ese protocolo tamén se traslade, se é posible, ademais da publicidade que se lle dea a través da páxina web —pídollo—, aos grupos parlamentarios para que poidamos telo, valoralo e coñecelo en profundidade.

Nós, cando impulsamos este acordo, fixémolo motivadas por unha cuestión fundamental, e é que entendemos que temos que crear eses espazos seguros, que hai que loitar e combater, por suposto, o machismo e todas as formas de violencia e discriminación contra as mulleres en todos os ámbitos, pero moi especialmente naqueles lugares onde temos constancia desde hai anos que son espazos onde se producen esas agresións, como é, neste caso, o ocio nocturno, e temos que facelo, ademais, da man —diciámolo naquela altura— de todos os axentes, das asociacións e dos colectivos profesionais que os representan, porque é a maneira de que entendan e asuman como propias as ferramentas e poidan traballar con elas.

Agardamos, polo tanto, que se tramiten esas achegas, ou as aportacións que foron facendo as distintas entidades, e que o máis rápido posible poidamos xa traballar tamén con esas iniciativas e con esa ferramenta nos espazos e nos locais.

Non sei... Pregúntolle para a segunda quenda se van trasladalo tamén aos concellos, porque creo que teñen un papel fundamental para traballar man a man cos locais que están neses municipios.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Réplica do Goberno, por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Ben, nada, si, tomamos nota. A difusión vai ser o máis ampla posible, pódese trasladar a través da Fegamp e por suposto que se pode achegar —¿como non?, vai ser público— a todos os grupos desta Cámara.

Eu, simplemente, para rematar, o que si quero é deixar constancia do que creo que sempre defendemos, e é que se está traballando en Galicia coa violencia de xénero dende un punto de vista absolutamente amplo, e incluíndo a violencia sexual —sen lugar a ningunha dúbida— como un elemento fundamental dentro da violencia de xénero. Por iso creo que isto é unha mostra máis de todos os instrumentos e das actuacións que se están levando a cabo.

Hai que recordar que en Galicia, a diferenza do Estado, a violencia sexual está considerada como violencia de xénero. Isto é fundamental, non soamente como concepto, senón porque todo, desde as prestacións ata o tratamento que se lle dá á violencia de xénero, tamén se lles dá ás vítimas de violencia sexual, e creo que isto é moi, moi relevante, e, como digo, a nivel estatal non está recollido.

Hai que destacar tamén ese protocolo do que xa falabamos nos supostos de sospeita de submisión química, que creo que é un avance tamén, e que se está aplicando —vostede mesma o dicía— con absoluta xeneralidade en toda Galicia.

Tamén temos o Manual de actuación sobre delitos sexuais, que comezou como unha proposta no partido xudicial de Santiago, pero que logo se acordou por parte do TSX de Galicia, e todas as institucións e as administracións que traballamos no eido deste tipo de delitos sexuais e de tratamento de vítimas participamos nel e apoiamos este protocolo.

E logo hai que recordar, por suposto, todas as xornadas de prevención contra a violencia sexual que se están dando coa mocidade universitaria; as campañas de prevención e actuación contra o acoso sexual nos lugares de traballo —que fomos a primeira comunidade autónoma que puxemos en marcha esta iniciativa—; as campañas xerais de concienciación social, como a de «Agresión off», que está por todo o territorio; e, por suposto, a creación desa comisión específica de prevención e tratamento da violencia sexual que temos no Observatorio Galego de Violencia de Xénero, que é a que está traballando neste protocolo do que falamos. Tamén hai que destacar que no proxecto de Lei de igualdade, que xa entrou nesta Cámara, se lle dá especial relevancia tamén a un capítulo enteiro para medidas de prevención contra o acoso sexual e por razón de sexo, e outro para programas municipais de seguridade e protección da muller contra os ataques sexistas difundidos a través de novas tecnoloxías da información.

Entón, todo iso, que tamén podemos melloralo, por suposto, coas súas aportacións, ten tamén relevancia na nova Lei de igualdade.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Co cal, nada máis, o Protocolo, como lle digo, por suposto que vai ser unha realidade. Está aínda aberto a que se someta a esa comisión e despois ao Pleno do Observatorio; está aberto, polo tanto, a calquera observación ou aportación que aínda se queira facer. E logo daráselle a máxima difusión, por suposto, entre os concellos e entre todos os locais, que espero que se adhiran na súa maior parte ao Protocolo aprobado.

Nada máis. Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público de Souto de Leixa, no concello de Ferrol

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra don Ramón Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día.

Obrigado, señora presidenta.

Señora conselleira, a situación no centro de atención a persoas discapacitadas Souto de Leixa, no concello de Ferrol, hai tempo que atravesou todos os límites tolerábeis. Hai anos que as familias das persoas residentes veñen queixándose de multitude de problemas. Nós, como BNG, trouxemos a este Parlamento en varias ocasións, por exemplo, o mal estado do centro, o mal estado do material que a empresa debe proporcionar ás persoas residentes, das camas, colchóns, roupa de cama, toallas, mobiliario das habitacións, etc.

As familias das persoas residentes quéixanse de que en moitas ocasións teñen que durmir vestidos por causa do frío, ou de que en moitas ocasións quedan con fame. Quéixanse tamén de problemas coa administración da medicación, da falta de persoal de enfermería e da falta de información que reciben por parte da dirección do centro. A última novidade é atender as queixas máis serias desde un teléfono de atención ao cliente. Pero, sobre todo, están preocupadas pola integridade e seguridade dos seus familiares. Son habituais as agresións e as situacións de perigo entre as propias persoas residentes, en ocasións moi graves, e non hai persoal abondo para atallalas debidamente. Os partes de lesións de urxencias acreditan estes feitos. En ocasións, tamén as persoas coidadoras e outro persoal do centro son obxecto de agresións e de lesións. De feito, unha das queixas máis recorrentes, tanto das familias das persoas residentes como da representación do persoal que traballa no centro, é que non se cumpren as ratios de persoal, e tanto uns coma outros apuntan a esta falta de persoal como a causa principal da reiteración de episodios violentos e da imposibilidade de evitalos ou de controlalos debidamente.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto provoca un ambiente laboral absolutamente tóxico, polo que moitas persoas abandonan o traballo ou caen enfermas, o que aumenta a rotación do persoal en detrimento da calidade asistencial. Insisto en que estas queixas veñen producíndose desde hai anos sen que desde a súa consellería fagan absolutamente nada, á parte de prometerlles ás familias que as cousas van cambiar; cambios que nunca chegan a producirse.

A semana pasada algunhas familias, véndose desamparadas pola Xunta e xa desesperadas, presentaron un escrito de denuncia na Fiscalía de Ferrol. Nós, señora conselleira, non podemos comprender o seu comportamento neste asunto tan grave. Trátase de persoas nunha situación de vulnerabilidade extrema, e moitas delas, ademais, carecen de familiares e están tuteladas pola propia Administración. Así que son vostedes dobremente responsábeis do seu benestar, en canto a que son titores legais destas persoas, e ademais titulares do centro encargado de atendelas.

Señora conselleira, as condicións de vida neste centro non son unhas condicións de vida dignas; hai quen as ten cualificado de infrahumanas.

O persoal que traballa no centro denuncia a situación; as familias, tamén. Vostedes, señora conselleira, que ocupan a nivel legal o lugar das familias respecto de moitas persoas residentes do centro, non fan nada. O seu comportamento é dobremente culpábel, e ademais votaron vostedes en contra non só de recuperar ese centro para a xestión pública, senón tamén de que o Consello de Contas fiscalizase o cumprimento deste contrato. Señora conselleira, ¿por que? ¿Por que desatenden así as súas obrigas coas persoas residentes do centro Souto de Leixa?

Obrigado.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señor Fernández, eu asegúrolle que para este Goberno o primeiro é o benestar das familias e garantir sempre o benestar das persoas usuarias, de todas esas persoas que viven nese centro de atención ás persoas con discapacidade Souto de Leixa. Pero para poder conseguilo hai que falar coas familias, hai que garantir o correcto funcionamento deste servizo e tamén é necesario planificar novas melloras nas instalacións. Iso é, precisamente, o que estamos a facer dende a Xunta de Galicia.

Dende a Xunta e dende a Consellería de Política Social mantemos un diálogo constante e continuo con todas las familias, ás que escoitamos dende o primeiro momento. Xa manti-

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vemos varias reunións con elas, e tamén demos boa conta de todas as inquedanzas que nos trasladaron; trasladáronos as súas preocupacións pola entidade xestora do centro.

Ademais, todas as denuncias ou queixas que poidan xurdir a respecto deste centro ou de calquera outro centro de Galicia son analizadas minuciosamente polos servizos de inspección da Xunta de Galicia, e, de constatarse calquera tipo de incumprimento, actúase.

Queremos que as familias teñan á súa disposición os mellores coidados para os seus fillos e que tamén teñan en Souto de Leixa as mellores instalacións. Por iso, e con este obxectivo, levamos investidos nos últimos anos neste centro público cerca de seiscentos mil euros en diferentes actuacións, e tamén podemos dar conta desa actuación, que ademais nos pediron reiteradamente as familias, e é que no día de hoxe xa está feito, xa está en marcha, ese vaso terapéutico que tanto necesitaban todas as persoas que viven no centro.

Pero non nos imos conformar, imos seguir traballando para afianzar o centro Souto de Leixa como un referente na atención integral das persoas con discapacidade, e por iso xa están licitadas neste momento as obras para una completa transformación de todas as instalacións, nas que imos investir 1.2 millóns de euros para transformar o centro Souto de Leixa.

Tamén imos mellorar a súa funcionalidade, a súa eficiencia enerxética, e imos mellorar o confort de todas as habitacións, para que as persoas con discapacidade estean máis cómodas vivindo neste centro. Pero tamén imos incorporar novas axudas técnicas, novas tecnoloxías, para facilitar o traballo dos propios profesionais e mellorar o día a día de todos os nenos.

Con estas actuacións —e, xa lle avanzo, con outras moitas que virán— imos poñer á disposición dos profesionais, das familias e tamén das persoas usuarias un centro completamente renovado e punteiro no ámbito das persoas con discapacidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, ten novamente a palabra don Ramón Fernández Alfonzo

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señora conselleira, como vostede saberá, o nivel de atención ou dilixencia nos coidados que pode agardarse ou exixirse a unha persoa ou institución determínase en dereito a través dunha expresión moi particular e moi descritiva; dise que ese nivel de dilixencia nos coidados debe ser o dun pai de familia. Pois ben, neste caso, pais, nais, irmáns e outros titores legais das persoas residentes no Souto de Leixa puxeron o asunto en coñecemento da Fiscalía por causa da súa neglixencia e da súa desatención. De verdade que non chegamos a comprender como pode existir unha diferenza tan radical na valoración que do funcionamento deste centro fan familiares e traballadores e traballadoras, por unha banda, e vostede, señora conselleira, pola outra.

Vostede ten que saber, señora conselleira, que nese centro hai presións da empresa para que o persoal non deixe constancia no libro de incidencias de todo o que alí pasa. De feito, neste

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

centro non usan un programa para rexistrar as incidencias, senón que usan o sistema vello, en papel, moito máis manipulábel. As presións chegan ao punto de terse producido ultimamente un despedimento por este motivo.

¿Que ten que dicir ao respecto, señora conselleira? ¿Que están agochando? ¿Realmente importan tan pouco estas persoas? ¿Tanto poder ten a empresa Clece como para que vostedes incumpran as súas obrigas até límites que xa veremos se non son constitutivos de delito?

Señora conselleira, polo ben das persoas residentes —que non son nenos, son adultos—, a mellor solución é recuperar a xestión do centro para a xestión pública. Non poñan o beneficio empresarial por diante do coidado de persoas que non só precisan de coidados, senón que ademais carecen da posibilidade de defenderse por si propias, porque ese é o caldo de cultivo para todo tipo de abusos. Debemos tratar a cadaquén en función das súas necesidades, e estas persoas necesitan da nosa máxima atención. Iso significa servizo público: persoal cualificado e estábel e boas instalacións; todo o contrario do que teñen desde que o primeiro goberno do señor Feixóo privatizou o centro.

Recupere o centro para a xestión pública e directa sen demora; déalles prioridade ás persoas.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Novamente, por un tempo de tres minutos, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señor Fernández, unha cousa é estar preocupado por mellorar a atención que se presta no centro de Souto de Leixa e outra moi distinta é alarmar constantemente da situación dun centro público. Á Xunta, máis que a ninguén, interésalle o benestar das persoas usuarias e interésalle mellorar as instalacións de todo este centro para que gocen dunha maior calidade de vida todas as persoas que van día a día a este centro. Pero tamén confiamos na profesionalidade e no bo facer de todo o persoal deste centro. E tamén imos seguir traballando —xa llo adianto— sen descanso para mellorar este servizo de atención residencial, de atención diúrna e de atención ocupacional, tanto no que atinxe ás instalacións como no que atinxe ao propio funcionamento deste centro, porque a atención á discapacidade é unha das prioridades para este goberno. Demostrámolo dotando neste mesmo exercicio esta área co maior orzamento da súa historia —máis de 165 millóns de euros—, o que supón unha subida dun 16 por cento con respecto ao ano pasado.

Medidas como esta permítennos que a Xunta estea hoxe máis cerca das persoas con discapacidade, que estea máis cerca tamén das familias, apoiándoas nas diferentes etapas da súa

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vida, dende a infancia, con esa rede de atención temperá, tanto a nivel educativo, cun dos centros educativos e de ensino máis inclusivos de España, como tamén no ámbito dos coidados.

Pero, a pesar de todo o avanzado, sei tamén e son consciente de que quedan moitas cousas por facer. Por iso dende a Xunta de Galicia imos seguir impulsando máis e mellores servizos para atender as persoas con discapacidade, e ímolo facer como sempre o fixemos: da man das familias, da man das persoas con discapacidade e da man de todas as entidades sociais de Galicia ás que tanto lles agradecemos o seu traballo diario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o impacto que está a supoñer a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos no número de matriculacións neste curso e na economía das familias galegas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, conselleira.

Os medios de comunicación falan todas as semanas —por non dicir todos os días— do novo contexto demográfico, que supón, entre outras cousas, un envellecemento da poboación e tamén unha diminución do número de nacementos. O que supón, entre outras cousas, ese envellecemento é que teñamos que falar das repercusións económicas e sociais e tamén de como afrontar este novo reto demográfico; do que os expertos xa empezan a dicir que é un dos desafíos máis importantes do presente e tamén do futuro, non só en Galicia, non só en España, senón incluso en Europa. E o Parlamento non pode estar alleo a esta situación. De feito, non o está, e non o está tampouco a Xunta de Galicia e os gobernos do Partido Popular. De feito, a Xunta, primeiro con Alberto Núñez Feijóo e agora con Alfonso Rueda, lidera as políticas demográficas na totalidade do Estado. Son políticas que se teñen en conta dende todas as consellerías, con numerosas medidas en cada unha destas consellerías e que dende o ano 2021 están incluídas na Lei de impulso demográfico de Galicia; a primeira lei destas características que se aprobou en España que tivo en conta, para a súa redacción, a colaboración de todos os axentes sociais, económicos... Houbo un gran consenso, incluso neste Parlamento, de todas as forzas políticas, aínda que despois Bloque e PSOE votaron en contra, e hoxe fai, como dicía, que Galicia sexa unha vez máis quen de estar á cabeza das políticas demográficas.

Pero de todas esas políticas non vou falar hoxe, voume centrar unicamente naquelas que teñen que ver coa conciliación e coa atención dos máis pequenos. Porque ter un fillo é unha

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

decisión persoal, pero no momento en que se decide telo as administracións teñen a obriga de poñer todos os medios para facilitar a súa crianza. Así, en Galicia, a Xunta ten un departamento específico para isto, e puxéronse en marcha tanto medidas económicas como os servizos. Pero tamén dende este mesmo curso Galicia, unha vez máis, é pioneira, ao ser a primeira comunidade de España que ten gratuidade total para todas as escolas infantís públicas, privadas ou de colectivos sociais.

Hoxe eu queríalle preguntar, conselleira: ¿como repercute nas familias esta decisión na que Galicia é pioneira, na que é a única comunidade de toda España que a ten en marcha? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para contestar, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Deputados e deputadas, moi boas tardes.

Señora Arias, como ben sabe esta Cámara, Galicia fixo historia ao converterse na primeira comunidade autónoma con esa atención educativa totalmente gratuíta para todos os nenos da nosa comunidade de 0 a 3 anos, e este curso que está a piques de rematar nas aulas galegas está a ser o gran espello ao que miran o resto de comunidades a nivel nacional con diferente cor política. A Xunta de Galicia é indubidable que está a ser a referencia, pero ata o momento nin un só executivo autonómico conseguiu replicarnos, polo que seguimos a ser no día de hoxe os únicos a nivel nacional con oito horas diarias de atención educativa durante once meses ao ano, que o facemos de forma totalmente gratuíta, e, sobre todo, en todo tipo de centros, sexan da titularidade que sexan.

Durante esta campaña das eleccións municipais e autonómicas, que concluíu coa votación deste domingo, puidemos comprobar perfectamente como distintas formacións levaban nos seus programas ese compromiso de implantar a gratuidade en todas as escolas para nenos de 0 a 3 anos, o que non fai máis que reafirmarnos que a Xunta de Galicia camiña na boa dirección, e especialmente cando vimos dun momento político tan convulso onde calquera proposta, simplemente por proceder do adversario, queda automaticamente deslexitimada pola súa orixe. Pero en Galicia imos por ese bo camiño, e tamén seguiremos facéndoo con paso firme.

Dende setembro todas as familias galegas con fillos en idades de entre 0 e 3 anos poden esquecerse de incluír o gasto das escolas infantís nas cada vez máis complicadas contas que todos facemos a final de mes. Independentemente, como dicía, da titularidade destes centros educativos, ben sexan autonómicos, privados, municipais ou de iniciativa social, as familias galegas non teñen que pagar nin un só euro pola atención educativa dos seus nenos.

Dicía que este curso que está a piques de rematar está sendo histórico pola gratuidade, e, pese a que aínda faltan algunhas semanas para as vacacións, o balance non pode ser máis

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que positivo. Son máis de 31.000 as familias galegas que se están a beneficiar a día de hoxe desta gratuidade, desta medida pioneira. Pero con ela imos seguir traballando, principalmente por dous motivos, que, aínda que non son os principais, segundo o Instituto Nacional de Estatística, son: que as mulleres españolas non queren ter fillos polos cartos e polo tempo para poder conciliar.

E a estas 31.000 familias de Galicia hai que engadirlles tamén as 500 que residen nos concellos máis pequenos e que se poden beneficiar desas casas niño, que o Goberno galego tamén puxo en marcha no noso rural de forma completamente gratuíta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira

Para a réplica, ten novamente a palabra dona Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas.

Falábanos, conselleira, de máis de 31.000 familias beneficiadas desta medida, falábanos de que é en todo tipo de garderías, de que é no urbano e tamén no rural; unha medida que fai, ademais, que moitas familias que ata o momento non se planteaban levar os seus nenos a unha escola infantil porque lles supoñía un importante custo económico para as súas economías —valla a redundancia— agora si se estean planteando iso, si estean demandando ese servizo.

Curiosamente, conselleira, é unha medida que tampouco aprobaron nin o Bloque nin o PSOE, porque ía nesa Lei de impulso demográfico que eles non quixeron aprobar, e é unha medida para a que a Xunta conta con cero euros do Estado, porque unha vez máis tamén, neste ámbito, Sánchez estaba acostumado a convidar para que pagasen os demais, para que pagasen as consellerías.

Por iso, conselleira, eu quéroa felicitar por esta medida, pero quéroa felicitar tamén porque Galicia conta cunha das taxas de escolarización de 0 a 3 anos máis elevadas de todo o Estado, cun 50,5 por cento, case 9 puntos por enriba da media española, que está nun 41 por cento, e 30 puntos por enriba da taxa que tiñamos en 2009. Dende aquela, dende o 2009 ata o de agora, a Xunta de Galicia multiplicou por 3 o número de prazas de escolas infantís; multiplicounas por 3 e fíxoas absolutamente gratuítas. ¿Que aforro supón, conselleira, no seu conxunto para as familias galegas esta medida e esta gratuidade?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica novamente do Goberno.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Arias, a gratuidade das escolas infantís é unha das accións estratéxicas da Xunta de Galicia e que forman parte —como vostede ben dixo— desa Lei de impulso demográfico; unha lei de impulso demográfico que aprobamos aquí no Parlamento de Galicia e que hai que recordar que os grupos da oposición, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, votaron en contra dela. Foi o propio presidente Rueda quen anunciou recentemente que a gratuidade das escolas infantís veu a Galicia e veu para quedar. Comezou a implantarse nese curso 2021-2022 para os segundos fillos e sucesivos co presidente Feijóo á fronte do Executivo galego e foi agora o presidente Rueda o que ampliou todo este rango de nenos para universalizar este servizo e para que todas as familias de Galicia con nenos de 0 a 3 anos dispuxesen desas escolas infantís totalmente gratuítas e puidesen aforrar máis de 2.000 ou 2.500 euros ao ano.

Segundo os datos que manexamos na Xunta de Galicia e na Consellería de Política Social e Xuventude, para o seguinte curso o conxunto das familias galegas terá aforrado algo máis de 150 millóns de euros; 150 millóns de euros que serven para continuar construíndo Galicia, para continuar construíndo unha Galicia chea de oportunidades. E isto non sería posible se a Xunta de Galicia non centrase os seus esforzos en poñer á disposición das familias cada vez máis facilidades, facéndoo con máis axudas para a crianza que nunca antes, con máis prazas públicas para que as familias poidan levar os seus fillos á escola infantil da súa elección e tamén cada vez con máis servizos tanto na cidade como no rural, pero sobre todo servizos adaptados ás necesidades de cada familia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das casas niño sete anos despois da súa posta en funcionamento

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Galicia é a comunidade de referencia en materia de conciliación, como viñemos falando nos últimos dez minutos —falando, pero con datos—. Ningunha outra comunidade conta cunha medida como a de darlles a todas as familias que levan os seus fillos a unha escola infantil este servizo de forma totalmente gratuíta. É un servizo que lle custa á Xunta de Galicia 55 millóns de euros, aínda que realmente é un investimento, porque investir en familias, investir nas persoas, é dos mellores investimentos que pode haber, e, como diciamos, para o que o Goberno do Estado non aporta nin un só euro.

Pero a gratuidade das escolas infantís é unha máis das moitas medidas que en materia de conciliación ten a Xunta de Galicia. Esa é unha medida para a demografía, pero cada vez que falamos de demografía sempre se fala do rural, e fálase desa necesidade de apostar polo

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rural e pola discriminación positiva cara ao rural; unha mensaxe que os gobernos do PP na Xunta de Galicia tiveron moi clara e por iso sempre cada ano estes orzamentos que se presentan teñen unha discriminación positiva cara ao rural e cara ás provincias do interior. Así, a idea é que vivas onde vivas dentro de Galicia e nazas onde nazas teñas dereito aos mesmos servizos, xa que é precisamente aí, no rural, onde hai menos nacementos, onde a poboación está máis envellecida e onde tamén a despoboación é máis acusada.

Con esa idea naceron medidas de axuda como os impostos cero no rural, as axudas para a compra de vivenda no rural, a Tarxeta Benvida, que ten un suplemento cando os nenos nacen no rural, ou a creación dos servizos como as casas niño. As casas niño son una medida de conciliación, unhas escolas infantís para aqueles concellos de menos de 5.000 habitantes que son gratis totalmente, para atender ata un máximo de 5 nenos, e nas que son os pais os que, de acordo con que rexenta esas casas niño, poñen os seus propios horarios, que son flexibles. Son escolas atendidas por profesionais absolutamente contrastados e que teñen uns servizos de calidade que fixan poboación e que permiten a conciliación no rural e a creación de emprego. Sete anos despois da súa posta en marcha, ¿cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia delas?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a resposta, ten a palabra a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, o balance das casas niño resúmese nunha soa palabra: éxito. Un éxito que se manifesta coa boa acollida que teñen por parte dos alcaldes nos concellos onde hai en marcha esta instalación, tamén por parte de todas as familias que levan ás casas niño os seus pequenos, pero tamén é unha importante fonte de emprego en moitos concellos rurais; ademais, a gran maioría das promotoras destas casas niño son mulleres.

No ano 2016 este goberno impulsaba as primeiras casas niño. Nacían como unha proposta innovadora para facilitar a conciliación naqueles municipios pequenos de Galicia onde non había unha escola infantil. Pois ben, sete anos despois, segue a ser una medida acertada, unha medida eficaz, porque, grazas a estas casas niño, moitas familias de Galicia poden compatibilizar a súa vida persoal e laboral; moitas familias xa non se teñen que desprazar quilómetros e quilómetros polo medio do rural para levar o seu pequeno a unha escola infantil; moitas familias xa non se ven obrigadas no día de hoxe a elixir entre traballar ou coidar e tampouco teñen que recorrer continuamente a familiares, avós ou tíos, para deixar os seus pequenos.

Hoxe contamos en Galicia con 95 casas niño espalladas por toda a xeografía galega, con máis de 475 prazas, e xa lles adianto que imos seguir estendendo este servizo, que tan ben funcionan en Galicia. Imos resolver unha nova convocatoria para crear 10 novos centros

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deste tipo, 10 novas casas niño, e para dotar Galicia de 50 novas prazas para atender os máis pequenos de 0 a 3 anos. Imos investir neste ano 2023 máis de 2,5 millóns de euros para manter e para reforzar toda a rede de casas niño que hai en Galicia, para reforzar antes de que remate este ano esas 100 casas niño abertas e en pleno funcionamento; pero tamén hai algo moi importante: máis de 500 familias van dispoñer dunha casa niño para os seus pequenos.

Imos continuar dándolles máis servizos ás familias, imos continuar dándolles máis tranquilidade aos pais, para que poidan traballar ao mesmo tempo que teñen ao carón das súas casas os máis pequenos, ben coidados e ben atendidos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Señora García, os grupos da esquerda consideran que apoiar as familias é poñer en marcha unha lei de familias cunha tipoloxía de case vinte familias distintas, iso si, que prexudican seriamente as familias numerosas e tamén as familias monomarentais; unha lei de familias que, afortunadamente, será agora Alberto Núñez Feijóo quen poida poñer en marcha e quen poida corrixir. Será el quen poida de verdade poñer en marcha unha lei ao servizo das familias, como se está facendo en Galicia, como se fixo en Galicia con el e como o está facendo Alfonso Rueda.

Vostede, conselleira, sabe moi ben —porque o está aplicando— que apoiar as familias significa darlles todas as facilidades para que poidan levar adiante o seu proxecto de vida segundo os seus obxectivos. Neste sentido, ter un fillo debe ser sempre un motivo de alegría, e non pode ser nunca un inconveniente para evitar o desenvolvemento profesional ou o desenvolvemento persoal e mesmo para non ter tempo de lecer. Por iso, Galicia está facendo historia no apoio ás familias con medidas como estas das que hoxe falamos aquí, coa gratuidade ou coas casas niño.

Ano tras ano a Xunta de Galicia incrementa os orzamentos para seguir satisfacendo as necesidades das familias galegas; un orzamento que xa é cinco veces superior ao que tiñamos no ano 2009 e un orzamento no que este ano 55 millóns de euros irán destinados á gratuidade das escolas infantís e case un millón de euros á creación de dez novas casas niño no territorio galego.

Conselleira, como muller que naceu, que formou a súa familia e que vive no rural, simplemente lle teño que dicir grazas. Grazas polas políticas que están levando a cabo, e quero animalos a que sigan traballando polo benestar das familias, vivan onde vivan. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Replica do Goberno por tres minutos.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señora Arias, as casas niño son una medida acertada e unha medida eficaz que facilita a conciliación da vida laboral e da vida familiar, pero tamén son un paso firme deste goberno por un rural máis vivo e por un rural cheo de servizos. Son unha clara aposta pola igualdade de oportunidades en toda Galicia, pero tamén son unha iniciativa pioneira que permite que a nosa comunidade, vivas onde vivas e contes cos nenos que contes, dispoña cada vez de máis servizos.

As casas niño son un exemplo de como Galicia se converteu nos últimos anos nun referente a nivel nacional en materia de conciliación e en materia de apoio claro a todas as familias, sexan do tipo que sexan. Conseguímolo con esa gratuidade da educación infantil, con máis de 55 millóns de euros, investidos unicamente por parte do peto de todos os galegos, fixémolo con ese Bono coidado, con axudas de máis de cincocentos euros ao ano para que os pais e as nais de Galicia poidan custear esas actividades extraordinarias, unha vez que remata a etapa educativa, nas vacacións de verán, e fixémolo tamén con esas axudas directas ás familias, como é a Tarxeta Benvida.

Pero todas estas medidas —como dicía— son posibles grazas ao compromiso do Goberno galego con todas as familias da nosa comunidade. Por iso, este ano xa destinamos a todas elas máis de 230 millóns de euros, que é un 36 por cento máis que no exercicio anterior e cinco veces máis que o que se dedicaba á familia e á infancia no ano 2009.

Imos seguir traballando nesta mesma liña, imos seguir estando ao carón de todas as familias, sexan do tipo que sexan, e imos continuar dándolles máis apoio, tanto no ámbito económico como no ámbito dos servizos, cando deciden ter un fillo, porque precisamente ese obxectivo é o que fará que Galicia sexa o mellor lugar para vivir, pero tamén para formar unha familia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Imos á última pregunta da sesión.

Pregunta de Dª María del Carmen Aira Díaz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona María del Carmen Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Preguntámonos hoxe que medidas vai tomar o Goberno da Xunta para facerlle fronte á seca derivada do cambio climático no noso país. Hai moitos anos xa que vostedes deberían ter claro que a seca está aquí. Pode ser que este ano sexa máis ou menos dura, pero para o ano que vén pode ser insuperable; en todo caso, vai ser cada vez máis frecuente, e non se tomou ningunha medida para enfrontar esta realidade, que xa non é nova e que foi de sobra avisada pola ciencia e tamén polo BNG. Non houbo ningunha medida máis alá de rosmar contra o real decreto do Goberno estatal —frustrante, por certo— e de falar dunha mesa sobre a seca. Mesmo o ano pasado foi un ano de importantes perdas económicas derivadas na gandería do incremento dos custos de produción e dos insumos, ou en sectores como a horta ou as froiteiras derivadas da merma na produción, sen que desen axudas ou compensacións polo incremento de enfermidades e pragas causadas polo estrés hídrico das plantas. Mentres, quedaba sen executar, como se falou antes, unha parte do orzamento da Consellería.

Pero non se trata xa de implementar axudas paliativas, que tamén, trátase de tomar medidas inmediatas que deixen o noso agro en boas condicións para facerlles fronte aos cambios provocados pola falta de auga, que terán que ir dende liñas de investigación que potencien variedades hortícolas ou forraxeiras autóctonas, resistentes á seca e ás pragas que as acompañan, ou tamén que se investigue sobre como evitar a propagación de novas epizootías derivadas do cambio climático e das situacións das vagas de seca.

Trátase de proceder á construción de infraestruturas para o embalsamento de auga de choiva, ou de calquera outro excedente, da implantación de sistemas de rego que produzan o aforro de auga, ou mesmo de que a Xunta sexa facilitadora para que as persoas gandeiras e agricultoras teñan captacións que garantan as súas producións ou a supervivencia dos seus animais, sen depender das restricións aos usos da auga por parte dos concellos, como pasou o verán pasado, ao tempo que se preserva a auga potable para consumo humano; e doutras moitas medidas, como a implementación de ciclos relacionados coa xestión hídrica na formación profesional agraria.

Pero chegamos a este momento co traballo sen facer. En Madrid non saben que o noso país ten unhas características que o fan sufrir en situacións de «seca moderada» —que din eles—, porque está deseñado para ser o país dos mil ríos e do millón de vacas, e ambas as condicións só funcionan se van da man, e dende o Goberno da Xunta non souberon ata este ano que estabamos nun proceso de cambio climático que traerá anos de seca e outros fenómenos meteorolóxicos adversos cada vez máis extremos e fóra de tempo.

Por isto parece necesario botarlle man a este asunto. ¿Que van facer para compensar a falta de axudas suficientes a curto prazo e que teñen previsto a medio e longo prazo para resolver ou paliar este problema?

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para responder, ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Bueno, de todo o que expuxo, señora Aira, hai algo no que estou totalmente de acordo, que é en que o Goberno central denota un profundo descoñecemento sobre a nosa terra; niso si que concordamos totalmente. *(Murmurios.)*

E unha vez máis vemos como nos deixa nunha posición desfavorecida e como prexudican o noso sector agrario. Pero, ante ese agravio, o Goberno galego nunca quedou nin quedará estático, independentemente das actuacións que leve a cabo o Goberno de España, porque nós miramos polo noso, incluso cando ninguén mira. E, de feito, o Goberno galego está a carón deste sector, non só coas axudas directas anuais, senón tamén coa posta á disposición das achegas extraordinarias —que logo contarei— e que poremos en marcha sempre que sexa necesario para evitar a desaparición de calquera explotación agrícola ou gandeira.

E non son poucas, ben o saben, pero temos que atender a realidade, e a realidade é que houbo un Real decreto lei, o 4/2003, que discriminou totalmente a Galicia na repartición das axudas directas. Así llo trasladamos ao ministro Planas en varias ocasións. Eu, por citar algunha: a reunión do Consello Consultivo do pasado 22 de maio, unha carta que non só a mandou a Consellería do Medio Rural, senón as principais organizacións agrarias e mais o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida de Carne de Vacún de Galicia. Todos a unha. Por certo, carta que non se dignaron nin a contestar. Solicitámoslle tamén unha reunión urxente para tratar esta discriminación. Grazas, señora Aira, polo seu apoio na Comisión 7ª o outro día, na PNL na que pediamos exactamente o mesmo.

Señorías, é inaceptable que mentres que outras partes do territorio están cobrando axudas directas de 157 euros por vaca nutriz de vacún de carne e 61 euros por vaca nutriz de leite, só vaian percibir en Galicia o 25 por cento deses cartos: menos de 40 euros para a carne e 15 euros para o leite.

Estamos totalmente en desacordo con que á nosa comunidade, que está na zona de afección moderada —ten razón a señora Aira en que hai que contemplar ben a situación aquí—, tan só lle corresponda un 25 por cento das axudas directas.

Non compartimos que a situación da seca noutras partes do territorio español non vaia incidir no incremento dos custos de produción en Galicia, e por suposto para nada estamos de acordo con que de 5 millóns de euros previstos para toda España na apicultura só lles toquen aos apicultores galegos 15.500 euros. Isto, señorías, é a clara analoxía do que representa Galicia para o Goberno de Sánchez.

Non admitimos tampouco a forma de xestionar dun executivo que non atendeu a razóns, que non contou coas comunidades autónomas no deseño das axudas e que se limitou a poñer esas axudas no primeiro día da campaña electoral das municipais. ¡Para moito non lle serviu!

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non admitimos que se subestime e prexudique os sectores como o da carne e o do lácteo galego, e non compartimos nin tampouco admitimos que nin sequera non se nos conteste a unha carta na lle que estamos pedindo explicacións e unha reunión urxente.

De axudas para o sector falarei na próxima quenda.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro

Para a réplica, ten novamente a palabra dona Carmen Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señora presidenta.

Antes de que me conteste ao tema das axudas, que parece moi importante, contésteme tamén —lémbrese— das medidas a medio e longo prazo.

Señor conselleiro, ata o de agora a única relación que vimos foron as queixas derivadas deste real decreto, que pode ser nefasto e funesto e que deixa Galicia infraapoiada nunha importante porcentaxe. As nosas granxas van ter que competir con menos recursos e en prezo con outras que si os teñen, pero as queixas vitimistas só indican febleza da súa consellería. Non é suficiente queixarse, señor conselleiro, ¡haberá que facer algo, nalgún momento, algún día! *(Aplausos.)* Se é posible, non moi tarde.

A seca non é cando Sánchez fala dela, xa a viñamos arrastrando de vello, incluso cando gobernaba o PP en Madrid e o señor Rajoy non recoñecía «o primo ou a prima» —algo lle pasaba con estes familiares que tiña—. E non se fixo nada dende o Goberno de Madrid. No da Xunta xa quedou claro que tampouco, só se queixan. É evidente, pola orde de axudas e por moitas outras cousas, que son medidas tomadas para Galiza —como é o decreto de xurros, o libro de explotacións, as negociacións da PAC—, que o Goberno da Xunta non está a defender as características do rural galego e a necesaria adaptación das medidas estatais e europeas á nosa realidade. Nós non sabemos se é porque non queren, porque non saben ou porque non queren saber, que tamén pode ser. En todo caso, non sei por que se laian, porque tiñan que velo vir.

Non é lícito nin honesto que un goberno con plenas competencias no rural non esgrima a firmeza suficiente na defensa dos nosos dereitos singulares e que se deixe levar por liortas partidistas, xustificando a incompetencia cos seus ataques a Madrid.

E para rematar, o máis importante: póñanse a facer xa o que hai que facer para que este país poida prepararse de xeito inmediato para enfrontar episodios de seca cada vez máis frecuentes, mantendo un sector primario san e capaz de darnos alimentos, ao tempo que mantén o territorio en boas condicións. E para isto só se precisa orzamento e planificación, porque solucións técnico-científicas xa as hai.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esperemos que aborden o asunto xa, porque competencias teñen abondas, e unha actitude de «chorarlle a papá», ao Goberno de Madrid, non parece o máis adecuado para facer valer o noso territorio e as nosas necesidades diante do Goberno central.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Dúas cuestións previas.

Primeiro, eu acostumo responder ao que me preguntan. A pregunta di: ¿que medidas económicas vai habilitar a Xunta de Galicia para compensar as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira, dada a discriminación sufrida? Polo tanto, eu falo do real decreto lei onde está a discriminación. *(Murmurios.)* Se quere, señora Aira, que falemos a medio e longo prazo, faga outra pregunta, e eu virei moi gustosamente a contestarlla na próxima sesión parlamentaria. *(Murmurios.)* *(Risos.)*

Despois, a min, señorías do meu grupo parlamentario, non me quedou claro se vostede apoia ou non que pidamos máis cartos ao Goberno central para os gandeiros galegos; non me quedou claro. *(Murmurios.)* Porque di que choramos, que choramos... Vamos ver, estaría ben que iso que vostede chama «chorar» supuxese que, en vez de darnos 39 euros por vaca nutrida, nos desen 157 no vacún de carne e, en vez de darnos 15,25, nos desen 60 por vaca notriz no vacún de leite.

Se me botan unha man, eu agradézollelo de corazón, e sobre todo quen llelo vai agradecer son todos os nosos gandeiros, que están absolutamente indignados con esta discriminación territorial, señoría. *(Aplausos.)*

Imos facer unha enumeración, aínda que xa me escoitaron antes. Axudas do que leva feito a Xunta de Galicia no que se refire ao vacún de carne, que é nestes momentos o que máis está sufrindo: este ano, 104 millóns de euros, 60 millóns de euros no primeiro piar e 30 millóns de euros no segundo piar, que supuxo unha suba respecto da media dos cinco anos anteriores de 10 millóns —é dicir, pasamos de 20 a 30—; 14 millóns de euros de axudas extraordinarias que acaban de cobrar neste mesmo mes, e ademais préstamos de circulante a explotacións de bovino; anticipo da PAC —fomos a única comunidade autónoma que anticipou 220 millóns de euros para os nosos gandeiros sen custo financeiro—; o protocolo de entendemento no sector do vacún de carne —que conseguiu un incremento insuficiente, si, pero un incremento do 20 por cento do prezo en orixe—; a campaña de promoción de Ternera Gallega Suprema, por 1,4 millóns de euros; por suposto, o apoio a razas autóctonas, 3 millóns de euros mediante diferentes convenios; estratexias para o futuro, medio e longo prazo do sector no que se refire á Estratexia de dinamización, tanto do sector cárnico como do sector lácteo; 35.000 hectáreas postas en mobilización a través dos diferentes instrumentos da Lei de recuperación, das concentracións parcelarias e do Plan de pastos... En definitiva, señorías, medidas negro sobre branco.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero hai máis, evidentemente. Como nós traballamos a carón dos gandeiros galegos, convocamos o vindeiro 13 de xuño, precisamente, ese grupo de traballo da seca con todas as organizacións agrarias e coa Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega e ademais estamos traballando no deseño —como se lles anticipou a aqueles a quen se lles ten que anticipar, que son os representantes do sector— dunha liña de axudas directas vinculadas á produción de vacún de carne de indicativo de calidade, con base territorial, e tamén dunha liña —que para min é moi interesante, e vou apoiar totalmente na Lei de loita integral contra os incendios forestais— para axudas directas á gandería en extensivo que axude tamén á prevención dos incendios forestais.

Podería falar longo e tendido de todo isto, das medidas que está xa adoptando e que vai adoptar o Goberno galego a prol dos nosos gandeiros, pero penso que é dabondo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Escoitada a última réplica do Goberno, damos por rematada a sesión.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás dúas e corenta e catro minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-qwJY0fWEt-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/